

# Corazón de can

Mikhail Bulgakov

Tradución de Fernando de Castro



Auuuuuuuuuuuuuu, auuuuuuuuuuu! Ai, mirádeme, estou morrendo! A treboada de neve entoa o meu réquiem e eu ouveo con ela. Estou perdido, perdido! Un pícaro co pucho sucio, o cocifeiro do Comedor de Alimentación Normal para os funcionarios do Soviet Central de Economía Nacional botoume enriba auga fervendo e escaldoume o costado esquerdo. Será loubán, e aínda por riba proletario! Meu Deus, que dor! A auga fervendo chegoume ata os ósos. E agora ouveo unha e outra vez, como se ouvear servise de algo!

Que dano lle fixen eu? Que lle fixen? Seica vou facer que se arruíne o Soviet de Economía Nacional por remexer no lixo? Rata cobizosa... Se tedes a ocasión un día mirádelle a cara: tena máis ancha ca longa! Un criminal con cara de ferruxe. Ai que xente estes homes! Ao mediodía o do pucho agasalloume con auga fervendo, agora xa escureceu, han de ser ás catro da tarde máis ou menos, a xulgar polo cheiro a cebola que sae do cuartel de bombeiros da rúa Prechístenska. Os bombeiros, como ben sabedes, cean papas, pero iso é a peor galdrumada que hai, igual cós cogomelos. Uns cans coñecidos meus contáronme que no restaurante “Bar” da rúa Neglinni chapan o prato do día, cogomelos con prebe picante a tres rublos setenta e cinco kopeks a ración. É un prato para quen lle guste, pero para min é o mesmo que lamber un galocho... Auuuuuuu... .

A dor no costado é insoportable, xa estou vendo o que me vai pasar: mañá me sairán lastras, e non teño idea de como as vou curar. No verán podes coller e ir dar unha volta a Sokólniki, alí medra unha herbiña ben xeitosa e aínda por riba pódete fartar de balde de cascas de salchicha e mais lamber nos papeis graxentos que a xente deixa ciscados. Sería perfecto, se non fose por algún vello rosmón ao que, deitado enriba da herba, se lle dá por cantar ao luar “Celeste Aida”, tan mal que se lle cae a un alma aos pés... Pero agora onde vou ir? Non bateron en vós nunca cunha bota? En min abofé que bateron. E non vos zouparon cun ladrillo nas costelas? Tamén, e mais quedei ben servido. Teño probado de todo, resígnome ao meu destino, e se agora estou a chorar só é por mor da dor física e da fame, porque o que é o meu espírito aínda non se esvaeceu... O espírito dun can é tenaz.

Porén, velaquí tedes o meu corpo: esnaquizado, zoupado, tripado dabondo polos homes. Aínda así, o peor de todo foi a queimadura desta mañá: a auga fervendo que me botaron por riba atravesoume o costado esquerdo e deixoume pelado, sen protección ningunha. Agora podo coller moi facilmente unha pulmonía e, de collela, cidadáns, morrerei de fame. En caso de pulmonía cómpre quedar ben deitadiño debaixo das escaleiras dunha entrada principal, pero sendo un can solteiro e prostrado como o estou eu agora, quen vai ir buscar comida entre os cubos do lixo para min, se non o fago eu? A infección atacará ao pulmón, entón arrastrarei o bandullo polo chan, quedarei sen forzas, e daquela calquera desgraciado ha de zoscar en min cun pau ata matarme. E os porteiros, coas súas insignias de metal, han de engancharme polas patas e guindarme dentro dunha carreta...

De todos os proletarios, os porteiros son a gavela máis noxenta, son a escoura da sociedade, a categoría máis baixa. Entre os cociñeiros aínda vos hai de todo, por exemplo o defunto Vlas, o da rúa Prechístenka, a cantos lles salvou a vida! Porque cando un está enfermo o máis importante é ter algo que levar á boca; polo que contan os cans vellos, o Vlas seica lles guindaba ósos con bos anacos de carne. Que Deus o teña na gloria, porque foi un home admirable, o cociñeiro de palacio dos condes Tolstoi, e non o do Soviet de Alimentación Normal. O que fan aló, na ‘Alimentación Normal’, é incomprendible para un can. Eses desgraciados fan sopa de col con chacina podre e os demais, coitados, nin se decatan de nada! Chegan correndo, chapan aquela galdrumada e lamben os dedos!

Pensade, por exemplo, nesa mecanógrafa... é de grao nove e cobra catro *chervontsi* e medio; a ver, si, é verdade, o amante regálalle medias de seda. Pero por cantas humillacións ten que pasar por esas medias de seda! Porque el, cando o fai con ela, non o fai dun xeito normal e corrente, senón que a obriga a facelo á francesa. Uns porc... estes franceses, que quede entre ti e mais eu. E iso que si saben como comer ben, sempre con viño tinto... A mecanógrafa chega correndo, porque está claro que cun soldo de corenta e cinco rublos ao mes seguro que non ha de ir ao “Bar”, de feito non lle chega nin para o cine, e o cine évos o único consolo na vida das mulleres. Está tremendo, fai acenos coa cara pero traga. E pensar que a un lle cobran corenta kopeks por un xantar de dous pratos, cando en realidade non valen nin quince...! Porque claro, o administrador queda cos vinte e cinco restantes. Pero a ver, seica ela precisa un xantar así? Ten algo mal na punta do pulmón dereito e mais unha enfermidade de mulleres, por aquilo de facelo á francesa; no traballo descontáronlle parte do soldo, e no comedor

déronlle de comer algo podre, velaí a teñen, por aí ven... Vai correndo cara ao portal e leva postas as medias do amante. Ten os pés fríos, o vento dálle no estómago, porque o pelo que a cobre vén sendo máis ou menos coma o meu agora, e os pantalóns que leva tamén son finiños, unha cousiña de encaixe, galdrapiños para o amante. E se os levase de flanela? Que probe, que probe, que entón el lle había de berrar:

- Pero que pouca elegancia tes! Xa estou farto da miña Matriona e dos seus pantalóns de flanela, agora chegou o meu momento. Agora son presidente, e todo o que poida repañar, todiño hei de gastalo en corpos de mulleres, en patas de cangrexo e en viños *Abrau Diurso!* Xa pasei bastante fame cando era mozo, máis que dabondo, e ademais só vivimos unha vez.

Ela dáme mágoa, que mágoa me dá...! Pero doume máis mágoa eu mesmo, e non o digo por egoísmo, non ho! Dígoo porque non estamos en igualdade de condicións. Ela polo menos ten unha casa quentiña, pero eu que, onde vou ir?! Zorregado, escaldado, tripado, onde vou ir? Auuuuuuuuu...!

-Pss, pss! Ven aquí, canciño... Xárik, Xárik, por que choras, coitadiño? Que foi? Quen te mancou? Uf...

Igual ca unha bruxa, a forte xistra atronou nas portas e bateu coa vasoira nas orellas da moza. Levantoulle a saia ata os xeonllos, amosando as medias cor crema e unha fina franxa de encaixes mal lavados; a xistra afogou as súas palabras e varreu o can coa neve.

-Meu Deus...! Que tempo... Uf, e aínda por riba dóeme o estómago. É a chacina, seguro que é a chacina! Ai, cando vai rematar todo isto?

Inclinando a cabeza, a moza lanzouse ao ataque, colleu pulo e atravesou o portal. Na rúa, o vento empezou a sacudila, a empurrala e guindala dun lado para o outro, despois enganchouna un remuíño de neve e desapareceu.

O can quedou no portal, sufrindo polo costado ferido, apertouse contra a fría e sólida parede, acorando, e decidiu firmemente que non había de moverse de aló, que había de expirar o derradeiro suspiro aló mesmo, no portal. A desesperación apoderouse del. Era tanto o amargor e a dor que sentía na alma, sentíase tan só e aterrorizado que unhas bágoas miudiñas de can, coma bochiñas, saíron dos seus ollos e axiña se conxelaron. No ferido costado destacaban os guechos que lle caían, xeados, e entre eles víanse as horribles marcas encarnadas da queimadura. Ai que parvos, estúpidos e

cruentos chegan a ser os cociñeiros! Ela chamárao “Xárik”<sup>1</sup>... Pero que raio de “Xárik” ía ser el! Xárik quere dicir redondo, ben alimentado, parvo, que come papas de avea, fillo de boa familia, pero el é un can espeluxado, esfameado e luído, un can de palleiro esguízaro, sen dono. Aínda así, graciñas por ter unha palabra amable.

Do outro lado da rúa chegou o ruído dunha porta pechada de golpe, nunha tenda moi iluminada, e dela saíu un cidadán. Xustamente iso, un cidadán, e non un camarada, e mesmo, para sermos aínda máis exactos, un señor. Canto máis se achegaba máis claro estaba que se trataba dun señor. Pensan que o digo por mor do abrigo? Parvadas. Agora hai moitos proletarios que levan abrigo. A ver, é verdade que os colos non son así, non hai comparación, pero de todos os xeitos de lonxe un pódese enganar. Pero iso si, cos ollos si que non enganan, nin de lonxe nin de preto! Oh, os ollos son algo fundamental! Igual ca un barómetro. Neles vese todo: o que non ten alma, o que sen máis che pode chantar a punta da bota nas costelas, e aquel cricas que ten medo de todo. A estes últimos, precisamente, aos cricas, de cando en vez dá gusto trabarlles o nocello. Tes medo? Pois toma! Se tes medo ha de ser porque o mereces... Grrr... guau, guau!

O cabaleiro atravesou a rúa con paso firme en medio dunha columna de neve e dirixiuse cara ao portal. Si, ho, si, a este véxelle todo decontado, este non se vai poñer a comer chacina podre, e mesmo de lla daren nalgures había de montar un escándalo tremendo e escribir aos xornais: “a min, Filip Filípovich, déronme comida en mal estado!”.

Aquí vén, cada vez está máis preto. Este come ben e non rouba, non é dos que se pon a dar patadas nin tampouco ten medo de nada, e se non ten medo é porque nunca pasa fame. É todo un señor que fai un traballo intelectual, cunha perilla acabada en punta de aire intelectual e un bigote cano, mesto e atrevido coma os dos antigos cabaleiros franceses, pero o cheiro que espalla a través da xistra é horrible: cheira a hospital e a puro.

Pregúntome por que raio foi á Cooperativa da Administración Central de Economía? Aquí está, á miña beira... Que busca? Auuuu... Que puido comprar nunha tenducha tan fedorenta, e logo non ten dabondo coas da avenida Oghotnii Riad? Que é iso? Unha Sal-chi-cha! Señor, se vostede puidese ver de que fan esta salchicha non se había nin de achegar á tenda. Déama a min!

---

<sup>1</sup> En ruso significa “boliña”, “pelotiña”

O can reuniu as forzas que lle quedaban e, coma un tolo, arrastrouse dende o portal ata a beirarrúa. A xistra bateulle por enriba da cabeza igual ca un disparo e levantou dun golpe as enormes letras dun cartel de tea que dicía “É posible rexuvenecer?”.

E logo non vai ser posible! Claro que o é. O arrecendo da salchicha rexuveneceume, fixo que levantase o bandullo do chan, axitou o meu estómago, que levaba dous días baleiro, con ondas ardentes... un arrecendo máis forte có cheiro a hospital, o divino arrecendo a egua cuarteada condimentada con allo e mais pementa. Síntoo, seino, no peto dereito do seu abrigo ten unha salchicha. Está enriba miña. Oh meu señor! Mire para min. Estou a morrer! Escrava é a nosa alma e infame o noso destino!

O can foise arrastrando igual ca unha serpente, á vez que choraba e choraba amargas bágoas. Fíxese no que me fixo un cociñeiro... Pero non, ho! Vostede non ha de darma por nada do mundo. Ai, que ben coñezo eu aos ricos! Pero, en realidade, que falla lle fai a vostede? Para que quere un anaco de egua podre? A non ser no “Mosselprom” un veneno así non ha de atopar en ningures, ademais vostede hoxe almorzou, vostede é un persoeiro de sona internacional, grazas ás glándulas sexuais masculinas... Auuuuu... Pero que está a pasar neste mundo? Polo que se ve aínda é cedo para morrer... seica é pecado desesperarse? Non me queda outro remedio que lamberlle as mans.

O misterioso señor inclinouse sobre o can, a montura dourada das súas lentes reluciron e do peto dereito tirou un paquete branco alongado. Sen quitar as luvas marróns desenvurullou o papel -que a xistra lle arrebatou decontado- e partiu un anaco da salchicha, daquelas que chaman “Cracovia especial”. E deullo ao can! Oh, que alma xenerosa! Auuuuu!

- Fiu, fiu –asubiou o señor e, cunha voz moi severa, engadiu-: cóllea! Xárik, Xárik

E dálle con ‘Xárik’! Agora resulta que me bautizaron! Pero está ben, pódeme chamar como queira, que cunha acción tan excepcional...

Decontado o can arrincoulle a pel, entre saloucos chantoulle os dentes á “Cracovia” e chapouna en dous bocados. Torgouse ata que lle saíron bágoas, por mor da mestura de salchicha e neve, e porque con tanta voracidade houbo tragar o cordel e todo. Máis, déame máis e lámbolle a man. E mais todos os pantalóns se fai falla, meu benfeitor!

- Por agora é dabondo –o señor falaba secamente, como se estivese a dar ordes. Inclínouse sobre Xárik, fitouno nos ollos cun aire inquisitivo e inesperadamente pasoulle a súa enluvada man pola barriga cun xesto íntimo e agarimoso.

- Aha... -dixo significativamente- Non levas colar, mira ti, perfecto, xusto o que me cumpría. Sígueme, –chascou os dedos- fui-fui!

Que o siga? Ata a fin do mundo! Xa me pode dar patadas no fociño coa punta das súas botas de feltro, que eu non hei dar nin chío...

Todos os farois da rúa Prechístenka estaban acesos. A dor no costado facíasele insoportable, pero Xárik por momentos dábase esquecido dela, absorbido como estaba por unha soa idea: como non perder de vista naquel xentío a marabillosa aparición con abrigo de peles e como expresarlle o seu amor e entrega. No treito da rúa Prechístenka á pasaxe Obúghov Xárik demostroullo unhas sete veces: na rúa Miortvi bicoulle unha bota, e para lle abrir o camiño ceibou un ouveo tan salvaxe que asustou a unha dama e fixo que caese de cu, e aínda ouveou dúas veces máis para que seguisen tendo compaixón del.

Un gato fedorento da rúa, que intentaba facerse o siberiano, saíu de detrás dun cano da auga e malia a xifra uliu a salchicha “Cracovia”. A Xárik entráronlle arrepiós só de pensar que a un ricacho extravagante coma aquel que se dedicaba a recoller cans feridos polos portais tamén se lle podía dar por recoller aquel gato, e daquela habería que compartir o produto do Mosselprom, así que lle triscou os dentes ao micho de tal xeito que este, asubiando coma unha mangueira furada, gabeou polo cano para arriba ata o segundo andar.

Grrr! Guau! Fóra! O Mosselprom non dá abasto para alimentar toda a xentalla que anda solta pola rúa Prechístenka!

O cabaleiro soubo apreciar a fidelidade, e xunta o cuartel de bombeiros, á beira dunha fiestra da que saía o agradable son dunha corneta, premiou ao can cun segundo anaco, algo máis pequeno có outro, duns vinte gramos. Este éche ben raro, ho! Está intentando conquistarme. Non se preocupe, que eu non vou a ningures. Hei de segui-lo aló onde me mande.

-Fiu, fiu! Por aquí!

-Ao Obúghov? E logo, como non! Esta pasaxe éme ben coñecida.

-Fiu, fiu!

-Por aquí? Con moito gus... Eh, non! Síntoo moito. Iso si que non! Aí hai un porteiro, e peor ca iso non lle hai nada no mundo, é mil veces peor ca un conserxe. Unha raza totalmente odiosa. Máis noxento cós gatos. Un esfolador con galóns!

-Veña, non teñas medo, ven

-Boas tardes teña vostede, Filip Filípovich

-Boas tardes, Fiódor.

Este si que é un persoeiro! Meu Deus, onda quen me levaches, oh destino canino meu! Quen será esta persoa que pode meter cans da rúa nun edificio comunal, e aínda por riba diante do porteiro? Míreno, este desvergonzado, nin unha palabra nin un xesto! É verdade, ten os ollos apagados, pero en xeral parece indiferente baixo os galóns dourados da gorra, é como se todo estivese en orde. Isto é o que se di respecto, ho, isto si que é respecto! Pois eu vou con el. Que foi, non che parece ben? Pois aguántaste. Quen me dera pegarche unha boa trabada a ese pé proletario cheo de calos que tes, por todas as humillacións que me fixeron os teus. Cantas veces me tedes dado unha pancada coa vasoira, eh?!

- Veña, ven.

- Entendido, entendido, teña a bondade de non se preocupar. Hei de ir aló onde vostede vaia, vostede non ten máis que amosarme o camiño e pode estar seguro de que non hei de quedar atrás, e iso que levo o costado todo desfeito...

Do alto das escaleiras, para abaixo, óese unha voz:

- Non me chegou ningunha carta, Fiódor?

Dende abaixo, para arriba, cun ton de respecto:

- Non, Filip Filípovich, ningunha. (e despois, con complicidade, a media voz):

No piso número tres instalaron a uns camaradas.

O gran benfeitor de cans de súpeto parou e deu media volta, e apoiándose na varanda preguntou horrorizado:

- Que?!

Abriu os ollos como pratos e os bigotes puxéronselle todos de punta.

O porteiro, dende abaixo, levantou a cabeza e poñendo as mans arredor da boca a modo de altofalante, confirmou:

- Así é. Catro individuos, nin máis nin menos.

- Meu Deus! Xa imaxino como ha de estar o piso. E eles que, como son?

- Pois nada do outro mundo...!

- E Fiódor Pávlovich?



- Foi catar biombos e mais ladrillos. Van poñer tabiques de separación.

- Pero que raio é todo isto...?!

- Van instalar xente en todos os andares, Filip Filípovich, agás no seu. Acaba de haber unha xuntanza, crearon un novo comité e o vello botárono á rúa.

- Mi madriña, que desfeita! Ai ai ai... Fiu, fiu...

Xa vou, xa vou, fago o que podo. Desculpe, pero é que o costado non me deixa de doer. Permita que lle lamba a bota.

Os galóns do porteiro desapareceron escaleiras abaixo, no relanzo de mármore empezou a notarse a calor que viña das estufas, entón dobraron unha esquina máis e chegaron ao andar principal.

## 2

Aprender a ler non serve absolutamente para nada cando o cheiro a carne se sente a unha legua. Pero iso si, se vivides en Moscova e tedes algo de chench, queirádelo ou non habedes de aprender a ler e a escribir, sen necesidade de ir a clases. Entre os corenta mil cans de Moscova só alguén parvo de remate non sería quen de xuntar as letras da palabra “salchicha” e lela.

Ao principio Xárik aprendía fixándose nas cores. Con catro meses recién cumpridos penduraran por toda Moscova uns carteis azuis e verdes coa inscrición “M.S.P.O: Comercio de carne”. Repetimos que todo isto non serve para nada, porque de todos os xeitos a carne se ole. Aínda así, unha vez o Xárik si que se enganou: atraído pola cor azul ácida do cartel e co olfacto despistado por mor do fume dun motor de gasolina, no canto de entrar nunha carnizaría entrou na tenda de artigos eléctricos dos irmáns Golubizner, na rúa Miasnitskaia. Alí tivo ocasión de probar o cable illante, moito máis limpo có látego dun cocheiro. Cómpre considerar este sinalado intre como o punto de partida da formación intelectual de Xárik. Xa alí mesmo, na beirarrúa, Xárik empezou a enxergar que “azul” non sempre quere dicir “carne” e, apreixando o rabo entre as patas por mor da apresurada dor, e ouveando, lembrou que en todas as

carnizarías a primeira letra empezando pola esquerda é unha especie de onda dourada ou encarnada dunha forma que lembra a unha zorra<sup>2</sup>.

Co tempo foi avanzando a pasos axigantados. O “a” aprendeuno no mercado central de peixe, na Glavryba, na esquina da rúa Moghovaia, e despois xa pasou ao “b” (que se atopaba ao final do cartel do que o aprendeu, pois éralle máis doado achegarse a el pola dereita, porque ao principio da palabra había un policía).

Os azulexos cadrados que cubrían as casas que facían esquina en Moscova, sempre, inevitablemente, significaban “Queixo”. A billa aquela negra de *samovar* por enriba da palabra referíase ao antigo dono, Chichkin, moreas de queixo vermello holandés, uns dependentes que eran unhas bestas e que odiaban aos cans, con serraduras ciscadas polo chan e o noxento, fedorento queixo *bakstein*.

Se tocaban o acordeón –cousa que era algo mellor cá “Celeste Aida” e ulía a salchichas, daquela as primeiras letras dos carteis brancos acababan compoñendo con extrema harmonía a palabra “Prohibi...”, o cal quería dicir “Prohibido blasfemar e dar propinas”. Neses lugares ás veces se producían liortas, a xente dábase puñados nos fociños e nalgúns casos illados –aínda que aos cans sempre- zoupaban cos panos de mesa ou coas botas.

Se nos escaparates había pendurados xamóns resesos e mais mandarinas ciscadas polo chan, guau, guau! Cha...cinería. Se había botellas escuras cheas dun líquido ruín... ve-i...vii.. viños...: antiga casa dos irmáns Eliséev.

O descoñecido señor que levou o can ás portas do seu luxoso piso, que se atopaba no andar principal, chamou ao timbre, e o can decontado levantou os ollos á grande placa negra con letras douradas que estaba pendurada a un lado da porta de cristal rosa ondulado. As tres primeiras letras deunas lido decontado: Pe-erre-o, “Pro”, pero o que viña despois era unha cousa bandullenta que vai ti saber o que quería dicir.

“Non será proletario? –pensou Xárik abraiado-, non pode ser”. Levantou o fociño, volveu uliscar o abrigo e, plenamente convencido pensou: “Non, aquí non cheira a proletario. Ha de ser unha palabra científica; Deus saberá o que quererá dicir”.

Detrás do cristal rosa acendeuse unha inesperada e alegre luz que aínda ensombreceu máis a placa negra. A porta abriuse sen facer ruído ningún, e diante do señor e do can presentouse unha muller nova e xeitosa que levaba un mandil branco e

---

<sup>2</sup> É dicir, trátase da letra “М”, primeira letra da palabra rusa que significa ‘carne’ (N. do T.).

cofia de encaixe. Xárik sentiuse envolteito por unha calor divina, e da saia da muller chegáballe un arrecendo a lirios.

“Isto si que está ben”, -pensou o can-.

-Adiante, señor Xárik –dixo con retranca o cabaleiro-, e Xárik entrou reverentemente, abaneando o rabo.

O fastoso recibidor estaba ateigado dunha morea de obxectos: axiña lle chamou a atención un espello que chegaba ata o chan, onde de golpe se viu reflectido un segundo Xárik, espeluxado e baldado, uns arrepiantes cornos de cervo alá arriba, numerosos abrigos de peles e galochos, e unha tulipa de ópalo con luz eléctrica debaixo do teito.

- Pero de onde sacaches isto, Filip Filípovich? -preguntoulle cun sorriso a muller mentres o axudaba a quitar o pesado abrigo de pel de raposo, prateado con brillos azuis-. Mi madriña que pinta sarnenta que ten!

- Non digas parvadas. Pero que sarna vai ter, ho? -preguntou o señor con voz severa e seca.

Despois de quitar o abrigo apareceu un traxe de pano negro inglés, e no bandullo faiscáballe alegre e discreta unha cadea dourada.

- Agarda, deixa de rebulir, fiu... deixa de rebulir, parviño. Hm.. Non é sarna...pero para quieto, cara... hm... Ah! É unha queimadura. Pero quen foi o desgraciado que te escaldou? Eh? Pero para quieto!

“Un cociñeiro, un cociñeiro delincuente!” – dixo o can con ollos tristes e ceibou un lene ouvido-.

- Zina, -ordenou o señor-, lévao agora mesmo á sala de observación e tráeme a bata!

A muller asubiou, chascou os dedos e o can, despois de dubidar un pouco, seguiuana. Ambos os dous entraron nun corredor estreito e pouco iluminado, pasaron por diante dunha porta vernizada, chegaron ao final e despois entraron nun cuarto escuro que nada máis entrar ao can non lle gustou nada polo tremendo cheiro que tiña. Sentiuse un estalo na escuridade e esta converteuse nunha luz cegadora, igual cá do día, e por todas partes a claridade refulxía, brillaba e relucía.

“Eeee... iso si que non –ouveou o can nos seus pensamentos-, síntoo moito pero non estou de acordo! Agora xa o entendo! Que vaian ao carallo eles e mais a salchicha! Trouxéronme enganado a unha enfermería canina. Agora hanme de obrigar a beber

aceite de rícino e abrimme todo o costado con coitelos, e tal e como o teño agora que nin mo toquen!”

- Eh, ti, onde vas?! – berrou a moza chamada Zina-

O can deu a volta, revirouse como un resorte e de socato lanzouse contra a porta dando co costado san, con tanta forza que todo o piso atronou. Despois, ao rebotar cara atrás, empezou a dar reviravoltas coma unha buxaina e tirou cun caldeiro branco, facendo que as gasas que estaban dentro saísen voando de dentro en todas as direccións. E á vez que el daba voltas e reviravoltas as paredes do cuarto facían o mesmo, cheas de vitrinas con instrumentos brillantes, así como o mandil branco e a desencaixada cara da muller, que chimparon con el.

- Pero onde vas, diaño peludo?! –berrou Zina desesperada-, raio de can!

“Onde estará a escaleira de servizo...?” – pensaba o can-. Colleu impulso e lanzouse coma unha bóla contra un cristal ao chou, confiando en que se cadra sería unha segunda porta. Estoupou entón unha nube de anacos de cristal, cun estrondo tremendo, e saíu disparado un frasco cun líquido vermello que decontado se derramou por todo o chan e comezou a feder. De golpe se abriu a verdadeira porta.

- Para quieto! Becho! –berrou o señor, saltando coa bata medio posta e intentando enganchar o can polas patas.

- Zina, agarra este desgraciado polo pescozo!

- Mi... miña nai querida...! Vaia can!

A porta abriuse aínda máis e entrou outro individuo de sexo masculino en bata. Tripando por riba das cachizas non se abalanzou contra o can, senón contra a vitrina, abriuna e un cheiro doce e nauseabundo asolagou todo o cuarto. Despois o individuo botouse sobre o can, esmagándoo debaixo co bandullo, e o can con gusto trabouno por riba dos amallós dun zapato. O individuo ceibou un laído, pero non perdeu o control. Aquela porcallada nauseabunda de súpeto lle cortou a respiración ao can, e a cabeza empezou a darlle voltas, despois as pernas fraqueáronlle e entón cambaleouse cara a un lado sen saber a onde ir.

“ Grazas, acabouse todo, -pensou medio adormecido mentres caía enriba dos afiados anacos de cristal-, adeus, Moscova! Non hei de volver a ver a Chikchin nin aos proletarios nin a salchicha “Cracovia”. Alá vou ao ceo dos cans por todo o que sufrín na miña vida de can. Irmánciños esfoladores, por que me facedes isto?”

E alí mesmo esborrouse definitivamente de lado e expirou.

Cando resucitou estaba un pouco mareado e sentía un pouco de náuseas no estómago, pero era como se non existise o costado, estaba docemente calado. O can abriu o seu morriño ollo dereito e de esguello viu que tiña os costados e o ventre fortemente vendados. “Pois vai ser que si me remataron, estes fillos de puta... -pensou confuso-, pero hai que recoñecer que o fixeron ben”.

-“Dende Sevilla a Granada... no escuro silencio da noite”<sup>3</sup>, -oía cantar por riba del unha voz desafinada e distraída-.

O can sorprendeuse, abriu os dous ollos coma pratos e a dous pasos del viu a perna dun home apoiada nun tallo branco. Tiña as perneiras do pantalóns e as cirolas refucidas, e o papo da perna espido e amarelo, manchado de sangue seco e iodo.

- “Ai Deus santo! –pensou o can-, debín de trabalo eu, iso seguro que é obra miña. Agora hanme de zurrar a badana!”.

- “Óense serenatas, óese o bater de espadas...” A ver, ti por que trabaches ao doutor, ho, baldragas? Eh? Por que rompiches o cristal? Eh?...”

- Auuuu.. –laiouse o can tristemente-.

- Moi ben, xa está. Espertaches, queda aquí deitado, panoco.

- Como o deu feito, Filip Filípovich? Como deu engaiolado a un can tan nervioso? –preguntou unha agradable voz masculina, e a perneira das cirolas de la caeu para abaixo. Sentiuse un cheiro a tabaco e na vitrina tintinaron os frascos.

- Con aloumiños, o único xeito posible de tratar os seres vivos. Con terror non vas a ningures cos animais, sexa cal sexa o estadio de desenvolvemento no que se atopen. Eu sempre afirmei isto, afirmoo e hei de continuar afirmándoo. Os que pensen que o terror os vai axudar de algo engánanse completamente. Non, non, de nadiña serve, sexa da cor que sexa, branco, vermello ou mesmo marrón! O terror paraliza completamente o sistema nervioso. Zina! A este galopín merqueille un rublo e corenta kopeks de salchicha “Cracovia”. Encárguese de darlle de comer cando lle pasen as náuseas.

Os anacos de cristal renxeron debaixo da escoba e unha voz de muller sinalou con coquetería:

- “Cra-co-via”! Meu Deus! Ben lle puido mercar vinte kopeks de desposos na carnizaría, que a “Cracovia” mellor comíaa eu.

---

<sup>3</sup> Romanza de Chaikovskii.

- Ti proba, ho! E cómete eu a ti! É veleno para o estómago dunha persoa. Hai que ver, unha rapaza grande coma ti, e igual ca un cativo!: metes na boca a primeira porcallada que atopas. Non pode ser! Advértote de que non contes comigo nin co doutor Bormental cando che empece a doer o estómago. “ Os que din que hai outra coma ti...!”.

Oúuse entón por todo o piso o repenicar miudiño dunhas campañas e, ao lonxe, da entrada, chegaban unhas voces. Soou o teléfono. Zina desapareceu.

Filip Filípovich guindou a cabicha ao caldeiro, abotoou a bata, amañou os mestos bigotes diante do espello da parede e chamou ao can:

-Fiu, fiu... Xa está, non foi nada, está ben...! Agora imos pasar consulta.

O can púxose en pé sobre as súas inestables patas, cambaleouse un pouco e tremeu, pero decontado se repuxo e seguiu os abaneantes baixos da bata de Filip Filípovich. Unha vez máis o can atravesou o estreito corredor, pero agora viu que estaba moi iluminado por un rosetón no teito. Cando se abriu a porta vernizada entrou no despacho con Filip Filípovich, e quedou cegado coa decoración. A luz resplandecía por todas as partes: luces acesas debaixo daquel teito con molduras, luces acesas enriba da mesa, luces acesas na parede, nos vidros das vitrinas... A luz alagaba unha infinidade de obxectos, entre os cales destacaba unha curuxa xigantesca pousada enriba dunha póla que saía da parede.

- Déitate, -ordenoulle Filip Filípovich.

-A porta de en fronte, de madeira tallada, abriuse, e entrou o home ao que Xárik trabara antes: agora, á claridade da luz, resultaba ser un home moi guapo e noviño, cunha perilla afiada; entregou unha folla e dixo:

- É o mesmo de antes... -e desapareceu sen facer ruído-; entón Filip Filípovich, despois de estender os baixos da bata pola cadeira sentou detrás dunha enorme mesa de escritorio e decontado se converteu en alguén extraordinariamente importante e imponente.

- “Non, isto non é unha clínica... Fun parar a algún outro sitio, -pensou o can confundido e estomballouse sobre os arabescos da alfombra á beira do imponente sofá de coiro-, e o da curuxa esa xa o aclararemos...”

A porta abriuse suavemente, e quen entrou impresionou tanto ao can que este ceibou un ladrido, aínda que con medo.

- Silencio! Ai, ai, ai..! Pero que cambiado está! Non hai quen o recoñeza, querido amigo!

- Hi, hi... Vostede o que é un meigo, un feiticeiro, profesor! –dixo confuso-.
- Quite os pantalóns, querido amigo, -ordenoulle Filip Filípovich e levantouse.
- “Miña nai querida! –pensou o can-, que elemento!”

O elemento este tiña o pelo da cabeza completamente verde, e pola caluga facíanse dunha cor máis ferruxenta, coma o tabaco. O elemento en cuestión tiña engurras por toda a cara, pero a cor era rosada coma a dun recién nado. A perna esquerda non a podía dobrar e tiña que arrastrala pola alfombra, mentres que a dereita en cambio daba chimpos que parecía un xoguete de corda. Na lapela da súa magnífica chaqueta brillaba, igual ca un ollo, unha pedra preciosa.

Da curiosidade ao can pasáronlle as náuseas e todo.

- Guau, guau! –ladraba pianíño-.
- Cala! Como vai de sono, querido?
- He, he... Estamos sós. Profesor? Élle unha cousa indescrrible, -dixo o visitante con vergoña-. *Parole d'honneur*, en vinte e cinco anos nunca me pasara algo igual –o suxeito levou a man ao botón dos pantalóns-, crerame se lle digo que cada noite vexo rapazas espidas a esgalla...? Estou marabillado. Vostede é un meigo!

- Hm... -rosmou preocupado Filip Filípovich, á vez que examinaba as pupilas do paciente.

Este, por fin, deu desabotoado os botóns e quitou os pantalóns de listas que levaba. Debaixo deles apareceron unhas cirolas nunca vistas, eran de cor crema, cuns gatos negros de seda bordados por riba, e ulían a perfume.

O can non deu aturado aquela visión de gatos e ladrou de xeito que o suxeito deu un chimpó.

- Ai!
- Has levar! Non teña medo, que non morde
- “Que non mordo?” –sorprendeuse o can.
- Dun peto dos pantalóns do visitante caeu á alfombra un sobre pequeniño coa imaxe dunha rapaza co cabelo solto. O suxeito deu un chouto, inclinouse para recollelo e púxose todo rubio.

- Vostede de todos os xeitos faga o favor de ter coidado! –dixo cun ton severo de advertencia Filip Filípovich, á vez que o ameazaba co dedo-, faga o favor de non abusar!

- Eu non abu... -farfallou confundido o individuo, que seguía a espirse-, eu, querido profesor, só o fixen a modo de experimento...

- Ben, e daquela que? Cales son os resultados? –inquiriu severamente Filip Filípovich-.

O individuo, cun aire de éxtase, fixo un aceno abaneando a man.

- En vinte e cinco anos, xuro por Deus, profesor, nunca nada semellante! A última vez foi en 1899 en París, na Rue de la Paix.

- E por que se volveu verde?

A faciana do visitante ensombreceuse.

- Maldito *Zhirkost*<sup>4</sup>! Profesor, vostede non pode nin imaxinar o que me venderon eses aduaneiros no canto de tinguidura. Vostede mire, mire! –balbuciu o individuo, buscando coa vista un espello-, Isto é arrepiante! Hai que darlles unha boa labazada nos fociños! –engadiu furioso-. E agora que se supón que teño que facer eu? –preguntou con voz chorosa-.

- Hm... Rape a cabeza.

- Profesor! –exclamou o visitante laiándose-, volverán saírme as canas! Ademais con esta pinta non me podo presentar na oficina, xa hai tres días que non vou. O coche vén buscarme e eu deixo que marche sen min. Ai, profesor, se vostede descubrise un método que tamén rexuvenecese o pelo!

- Amodiño, amodiño, querido! –murmurou Filip Filípovich-. Inclínouse sobre el e con ollos refulxentes examinou o ventre espido do paciente.

- Moi ben, estupendo, todo está perfecto. Para serlle sincero, nin sequera esperaba un resultado así... “Moito sangue, moitas cancións...!”<sup>5</sup>. Vístase, querido amigo.

-“Eu son aquela, de todas a máis bela...!” –continuou o paciente cunha voz que tremelicaba coma unha tixola ao lume e, radiante de ledicia, empezou a vestirse. Unha vez arraxado, dando choutiños e espallando o arrecendo do seu perfume, contou un feixe de billetes brancos para Filip Filípovich e apertoulle as mans con agarimo.

- Non cómpre que veña ata dentro de dúas semanas, -dixo Filip Filípovich-, pero de todos os xeitos prégoles que teña coidado.

- Profesor, -exclamou o paciente dende a porta, extático-, vostede pode quedar totalmente tranquilo, -soltou unha compracente gargalladiña e desapareceu-.

O son do timbre espallouse por todo o piso, a porta vernizada abriuse, entrou o trabado de antes, entregoulle unha folla a Filip Filípovich e dixo:

---

<sup>4</sup> Organismo soviético dedicado á fabricación de produtos cosméticos (literalmente ‘graxa-óso’)

<sup>5</sup> Continuación da romanza de Chaikovskii, que o paciente despois segue cantando.



- A idade que pon está mal. Ha de ter uns cincuenta e catro ou cincuenta e cinco. Os latexos do corazón soan algo apagados.

Desapareceu e no seu lugar apareceu unha dama que renxía toda co seu vestido, levaba unha gorra ladeada e un colar que brillaba no seu pescozo murcho e engurrado. Debaixo dos ollos tiña unhas espantosas bolsas negras, pero as fazulas eran da mesma cor cás dunha boneca de meixelas rubias.

Estaba moi alporizada.

- Benquerida señora! Cantos anos ten? –preguntoulle Filip Filípovich nun ton moi severo-.

- A dama asustouse e mesmo palideceu baixo a capa de maquillaxe.

- Eu, profesor... Ai, xúrolle, se vostede soubese a miña traxedia...

- Cantos anos, señora? –preguntoulle Filip Filípovich nun ton aínda máis severo-

.

- Palabra de honor... pois, corenta e cinco.

- Señora! -bradoulle Filip Filípovich- teño pacientes esperando! Non me faga perder o tempo, por favor, vostede non é a única paciente!

O peito da muller respiraba axitadamente.

- Só llo vou contar a vostede, como eminencia da ciencia que é, pero xúrolle que é unha cousa arrepiante...

- Cantos anos ten? –preguntou Filip Filípovich furioso, cun chíó, á vez que lle brillaban as lentes-.

- Cincuenta e un –respondeu a dama, retorcéndose de medo-.

- Quite as medias, señora –falou Filip Filípovich, máis acougado, e sinaloulle un alto biombo branco nun recanto-.

- Xúrollo, profesor, -balbuciu a dama, mentres desabrochaba con dedos tremeliqueiros uns corchetes no van-. Ese Maurice... Heille de ser sincera igual que se estivese nun confesionario...

- “Dende Sevilla a Granada...” – cantou distraidamente Filip Filípovich e premeu co pé o pedal do lavabo de mármore. A auga empezou a saír.

- Xúrollo por Deus! –dicía a dama, e nas meixelas, por riba das cores artificiais, saíronlle as cores rubias naturais-, eu xa sei que é a miña derradeira paixón... Pero élle un pícaro! Oh, profesor! É un trampón, toda Moscova o sabe! Non deixa escapar nin a unha noxenta modista! E que é tan diabolicamente novo! – murmuraba a dama, á vez

que de debaixo daquelas saias que facían tanto ruído sacaba un envurullo de roupa de encaixe-.

Ao can nubróuselle a vista completamente e todo lle empezou a dar voltas na cabeza.

- “Ide ao carallo! –pensou el vagamente, pousou a cabeza enriba dunha pata e medio adormeceu da vergoña-, nin sequera penso intentar entender de que vai isto, de todos os xeitos non o vou entender”.

- Espertou co son do timbre e entón viu como Filip Filípovich guindaba nunha almofía uns tubos brillantes.

A dama aquela tan pintada, apertando as mans contra o peito, miraba esperanzada para Filip Filípovich. Este engurrou a sobrecella con aire de gravidade e, sentando detrás da mesa, apuntou algo.

- Voulle implantar ovarios de mona, señora –dixo el e mirou para ela con severidade-.

- Ai, profesor! E de verdade teñen que ser de mona?

- Si, -respondeu implacable Filip Filípovich-.

- E cando vai ser a operación? –palidecendo, preguntou a dama cun fío de voz-.

- “Dende Sevilla a Granada...” hm... Luns. Ingresará na clínica á mañá, o meu asistente será quen a prepare.

- Ai, eu non quero ingresar nunha clínica. E non se pode facer aquí, na súa consulta, profesor?

- Mire vostede, é que eu opero aquí unicamente en casos extremos. E halle de saír moi caro, cincocentos rublos.

- Estou de acordo, profesor!

- Volveuse oír ruído de auga, o chapeu de plumas abaneouse e despois apareceu unha cabeza calva coma un prato e deulle un abrazo a Filip Filípovich. O can adurmiñaba, as náuseas pasáranlle, feliz de que o costado xa non lle doese e gozando da caloríña... mesmo roncou e chegou a ver un anaquiño dun pracenteiro soño: arrincáballe a aquela curuxa un feixe enteiro das plumas da cola... Despois unha voz alporizada bramou por riba da súa cabeza:

- Eu son un persoeiro público en Moscova, profesor! Agora que vou facer?

- Señores, por favor! –berraba indignado Filip Filípovich-, así non se fan as cousas! Hai que saber controlarse! Cantos anos ten ela?

- Catorce, profesor... Vostede comprenderá que se isto sae á luz afúndeme. Estes días vanme asignar unha misión en Londres...

- A cousa é que eu non son avogado, amigo... Pois xa sabe, espere un par de anos e case con ela.

- Pero eu xa estou casado, profesor!

- Ai señores, señores, por favor...!

- A porta abríase e pechábase, as caras alternábanse, os instrumentos resoaban na vitrina e Filip Filípovich traballaba sen parar.

-Mi madriña que pisiño, -pensaba o can- pero que ben que se está aquí! E para que raio lle farei falla eu? E logo pode ser que me deixe vivir canda el? Éche un tipo ben rariño este! Con só chiscar un ollo xa podería ter o can que quixese! Se callar eu son xeitoso e todo! Polo que se ve estou de sorte! E a curuxa esa dá noxo e mais é desvergonzada.

O can acabou de espertar completamente contra á tardiña, cando deixaron de timbrar, xusto cando entraban pola porta uns peculiares visitantes. Entraron catro dunha vez, todos eles novos e vestidos sinxelamente.

-E estes a que veñen? -pensou o can, con hostilidade e sorpresa-. E Filip Filípovich recibíunos aínda con máis hostilidade: de pé, a carón do escritorio, ollaba para eles coma un xeneral contemplando aos seus inimigos. As ventas do seu aquilino nariz íanse dilatando, e os visitantes esperaban de pé enriba da alfombra.

- Nós viñemos velo, profesor -empezou a falar un deles cun pelame negro mesto e crecho que se lle levantaba un palmo por riba da cabeza- polo seguinte asunto...

- Saiban vostedes que non está ben o de iren así, sen galochos, co tempo que fai -interrompeunos cun ton sentencioso Filip Filípovich-; primeiro porque han de coller un catarro, e segundo porque me deixaron pegadas nas alfombras, e todas as miñas alfombras son persas.

O do pelame calou e os catro quedaron fitando con abraio a Filip Filípovich. O silencio durou uns segundos e non se viu interrompido ata que Filip Filípovich empezou a bater cos dedos sobre un prato de madeira pintada que tiña enriba do escritorio.

- En primeiro lugar, nós non somos señores -pronunciouse ao cabo o máis novo dos catro, que tiña cara como de pexego-.

- En primeiro lugar -apurouse a interrompelo Filip Filípovich-, vostede é home ou muller?

Os catro volveron calar e quedaron apampados, coa boca aberta. Desta volta o primeiro en se recuperar foi o do pelame-

- E iso que importa, camarada? –preguntou con orgullo-.

- Son unha muller –recoñeceu o mozo con cara de pexego e chaqueta de coiro, e púxose todo rubio. E por algún motivo, igual ca el, púxose todo rubio outro dos recién chegados, un louro con pucho de pel.

- En tal caso vostede pode quedar coa gorra posta, mentres que vostede, estimado señor, fágame o favor de quitala, -dixo Filip Filípovich cun ton autoritario-.

- Eu non son un “estimado señor”, -balbuciu o louro cun ton inseguro, mentres quitaba a gorra-.

- Nós viñemos velo –volveu comezar o moreno do pelame-.

- Antes que nada, quen é ‘nós’?

- Nós, o novo comité do edificio, -dixo o moreno contendo a rabia contida-. Eu son Xvónder, ela é Viázemskaja, el é o camarada Pestrughin e el Jarovkián. E resulta que nós...

- Vostedes son os catro que instalaron no piso de Fiódor Pávlovich Sablin?

- Somos –respondeu Xvónder-.

- Meu Deus! Alá vai a casa Kalabúghov! –exclamou con desesperación Filip Filípovich á vez que axitaba as mans no aire-.

- Está a rir de nós ou que, profesor? –indignouse Xvónder-.

- Como que rir? O que estou é totalmente desesperado –berrou Filip Filípovich-, agora que vai pasar coa calefacción central?!

- Está a rir de nós, profesor Preobrajenskii!

- A ver, por que motivo viñeron verme? Falen rápido, que agora vou cear.

- Nós, a dirección do edificio, -empezou a falar Xvónder con odio-, viñemos falar con vostede despois dunha xuntanza xeral da comunidade de veciños, onde se abordou a cuestión da redistribución das vivendas do edificio.

- Quen abordou o que? –bradou Filip Filípovich-. Trate de expoñer as súas ideas con máis claridade, por favor.

- Abordouse a cuestión da redistribución das vivendas.

- Con isto xa teño dabondo! Xa entendín! E a vostedes cónstalles que, por unha resolución do doce de agosto deste ano, o meu piso está exento de calquera tipo de medidas de redistribución ou traslado?

- Cónstanos, -dixo Xvónder-, pero a xuntanza xeral, despois de examinar o seu caso, chegou á conclusión de que a fin de contas vostede está a ocupar unha superficie excesiva, totalmente excesiva. Vostede está só e ocupa sete cuartos.

- Eu vivo só e traballo en sete cuartos, -respondeu Filip Filípovich- e mesmo me viría ben outro máis: éme imprescindible para a biblioteca.

Os catro quedaron mudos.

-Outro máis, oito!?! He, he, he, -dixo o louro, sen gorra na cabeza-, pois esta si que é boa!

- Isto non ten nome! –exclamou o mozo que resultara ser unha muller-.

- Teño unha sala de espera que, fíxense, tamén me fai de biblioteca, un comedor, o meu despacho: tres! O cuarto onde paso consulta, catro. A sala de operacións, cinco. O meu dormitorio, seis, e o cuarto do servizo, que fai sete. Non é dabondo. Pero tampouco ten tanta importancia. O meu piso está exento, e non hai máis que falar. E agora podo ir cear?

- Desculpe, -dixo o cuarto, que semellaba un robusto escaravello-.

- Desculpe, -interrompeuno Xvónder-, o comedor e a sala onde pasa visita son xustamente o asunto polo que viñemos falar con vostede. A comunidade de veciños en pleno pídelle que vostede, voluntariamente e seguindo a disciplina dos traballadores, renuncie ao seu comedor. En Moscova ninguén ten comedor.

- Nin sequera a Isadora Duncan! –berrou ben forte a muller-.

Algo lle aconteceu a Filip Filípovich que fixo que a súa cara se virase lixeiramente violeta, pero dicir non dixo nada, quedou calado coma un peto, agardando a ver que pasaría despois.

- E á sala de observación tamén pode renunciar, -proseguiu Xvónder-, pódea montar perfectamente no seu despacho.

- Aha... -dixo Filip Filípovich cunha voz estraña-, e daquela onde vou comer?

- No dormitorio –responderon os catro á vez, coma un coro-.

A cor violeta de Filip Filípovich adoptou unha tonalidade lixeiramente agrisada.

- Daquela comer no dormitorio, -falou cunha voz algo afogada-, ler na sala de observación, vestirme na sala de espera, operar no cuarto do servizo e pasar consulta no comedor?! É moi posible que a Isadora Duncan faga así. Se cadra ela come no despacho e esfolo coellos na bañeira. Se cadra si. O que pasa é que eu non son Isadora Duncan! –bruou de socato, e a cor violeta que tiña pasou a amarela-. Eu penso comer no comedor e operar na sala de operacións! Xa llo poden comunicar á asemblea de veciños en pleno,

e agora lles prego teñan a bondade de volver aos seus asuntos e me permitan comer onde comen todas as persoas normais, é dicir, no comedor, e non no recibidor nin no cuarto dos nenos.

- Daquela, profesor, en vista da súa teimuda oposición, -dixo o alporizado Xvónder-, pasaremos unha queixa a instancias superiores.

-Ah si? -dixo Filip Filípovich-, así están as cousas? -a súa voz adoptou un ton sospeitosamente educado-, teñan a bondade de agardar un minutíño.

“Isto é un home! -exclamou entusiasmado o can-, é cuspidiño a min! Agora si que lles vai dar, ho, vailles dar unha boa...! Non sei como pero han de levar...! Dálles! A ese longueirucho había que collelo agora por enriba da bota, no tendón por detrás do xeonllo... Grrr...!”

Filip Filípovich descolgou o auricular do teléfono, deulle varios golpes á forquita para conseguir liña e dixo:

- Por favor... si... grazas. Pódeme poñer con Piotr Aleksándrovich, por favor? Son o profesor Preobrajenskii. Estou a falar con Piotr Aleksándrovich? Alédome de telo localizado. Moitas grazas, si, de saúde estou ben. Piotr Aleksándrovich, a súa operación queda anulada. O que? Non, anúlase definitivamente, e todas as demais tamén. O motivo é o seguinte: deixo de traballar en Moscova e tamén en Rusia... Acaban de presentarse na miña casa catro persoas, unha deles é unha muller disfrazada de home e hai outros dous armados con revólveres, intimidáronme na miña propia casa coa idea de me quitaren unha parte dela.

- Permítame, profesor, -comezou Xvónder, á vez que lle mudaba a expresión da cara-

- Síntoo, pero non podo repetir todo o que me dixeron, non me van os disparates. Abonda con dicirlle que me propuxeron que renuncie á sala onde paso consulta, noutras palabras, obríganme a operalo onde ata agora esfolaba coellos. En tales condicións non só é que non poida, senón que nin teño dereito a traballar. Así que suspendo a miña actividade, pecho o piso e marcho a Sochi. As chaves pódollas deixar a Xvónder, que o opere el.

Os catro quedaron de pedra. A neve derretíase nas botas.

- E logo que lle vou facer? A min tamén me resulta moi desagradable... Como di? Non ho, Piotr Aleksándrovich! Non ho! Eu xa non estou disposto a seguir aturando isto. Acabóuseme a paciencia. É xa o segundo caso dende agosto. Como di? Hmm... Como a vostede lle pareza. Home, estaría ben... Pero só cunha condición: tanto

me ten quen sexa, o que sexa ou cando sexa, pero iso si, que sexa un papeliño que asegure que nin Xvónder nin ninguén máis se poida achegar á porta do meu piso. Un documento definitivo, efectivo, auténtico. Sólido. Pero que nin se mencione o meu nome. E acabouse o asunto. Eu para eles estou morto. Si, si. Faltaría máis. Quen? Aha... xa, iso xa é outra cousa. Aha. Está ben. Agora llo paso. Faga o favor –con voz de serpe Filip Filípovich dirixiuse a Xvónder-, queren falar con vostede.

- Permítame, profesor, -dixo Xvónder, acendéndose e apagándose-, vostede terxiversou as nosas palabras.

- Agradeceríalle que non empregase ese tipo de expresións.

Xvónder, desconcertado, colleu o auricular e dixo:

- Si, diga? Si... o presidente do comité do edificio... Pero nós actuamos segundo o regulamento...! A situación do profesor de todos os xeitos xa era totalmente excepcional... Temos oído falar dos seus traballos, temos... queríamos deixarlle cinco cuartos para el só... pois está ben, daquela... se ten que ser así... está ben...

Colorado como a gra, colgou o teléfono e deu media volta.

“Púxoo de volta e media! Vaia home! –pensou o can, entusiasmado-, soltoulle un conxuro ou que? Ben, agora xa me poden zoscar o que queiran, pero de aquí non me hei de mover!”.

Os tres, coa boca aberta, miraban para Xvónder despois da que lle caera enriba.

- Isto é unha vergoña, -dixo timidamente-.

- Se nos puxésemos a debatelo agora, -comezou a muller, alporizada e poñéndose rubia de cómo se estaba acalorando-, eu había de demostrarlle a Piotr Aleksándrovich...

- Desculpe, pero non quereira poñerse a debatelo agora mesmo? –preguntou educadamente Filip Filípovich-.

Os ollos da muller acendéronse.

Comprendo a súa retransa, profesor, nós agora marchamos... Pero aínda así eu, como director da sección cultural da casa...

- Di-rec-to-ra –corrixiuna Filip Filípovich-.

- ... quero propoñerlle –e entón a muller tirou de debaixo da chaqueta unhas cantas revistas de cores, aínda molladas pola neve- que nos merque unhas cantas revistas para axudar os nenos de Alemaña, a medio rublo cada unha.

- Non, non as quero –contestou secamente Filip Filípovich, botando unha ollada de esguello ás revistas-.

En todas as caras apareceu un abraio absoluto, e unha tonalidade violeta cubriu a da muller.

- E por que as rexeita?
- Non as quero
- Non sente compaixón polos nenos alemáns?
- Sinto, sentir si que sinto.
- Dóelle desfacerse de medio rublo?
- Non.
- E logo por que?
- Non llas quero.

Entón quedaron calados un anaco.

- Sabe vostede unha cousa, profesor? –dixo a rapaza, collendo aire profundamente-, se vostede non fose a eminencia que é a nivel europeo e se non o protexesen de maneira tan escandalosa (o louro tiroulle do extremo da chaqueta, pero ela fíxolle un xesto para a que deixase falar) unhas persoas que, estou segura, habemos de investigar, habería que arrestalo!

- E logo por que? –preguntou con curiosidade Filip Filípovich-.
- Vostede odia o proletariado! –respondeu a muller con orgullo-.
- Ten vostede razón, non me gusta o proletariado, -asentiu apesurado Filip

Filípovich e premeu un botón. Nalgures oíuse un timbre. Abriuse a porta do corredor.

- Zina! –berrou Filip Filípovich-, vai servindo a cea. Permítenme?

Os catro saíron do despacho en silencio, en silencio atravesaron a sala de espera e mais a entrada, e detrás deles oíuse fortemente como se pechou a pesada porta da entrada.

O can púxose de pé sobre as patas de atrás e executou perante Filip Filípovich unha especie de oración musulmá.

Nuns pratos pintados con flores paradisíacas e adobiados cun ancho reberete negro había finos liscos de salmón e anguía en escabeche; nunha grosa táboa de madeira un anaco de queixo no seu punto, e nunha fonte de prata, enriba dun leito de xeo, o caviar. Entre os pratos había unhas cantas copiñas finas e tres xerriñas de cristal con



vodkas de diferentes cores. Todos estes obxectos atopábanse enriba dunha pequena mesiña de mármore, xeitosamente unida ao robusto aparador de carballo do que saían escintileos de cristal e prata. No centro da estancia estaba a mesa, pesada coma un sepulcro, cuberta cun mantel branco, e enriba dela dous servizos, panos de mesa encartados en forma de tiara papal e tres botellas escuras.

Zina entrou cunha fonte de prata tapada, e oíase como dentro había algo que crepitaba. O arrecendo que saía da fonte era tal que decontado fixo auga a boca do can. “Os xardíns de Semíramis” –pensou el, e bateu co rabo no parqué como se fose unha porra-.

- Traia para aquí! –ordenou avidamente Filip Filípovich-. Doutor Bormental, préggollo, deixe estar o caviar. E, se quere que lle dea un bo consello, non beba da vodka inglesa, beba da rusa normal.

O fermoso trabado (que xa non levaba posta a bata, senón que agora levaba un espléndido traxe negro), encolleu os ombreiros, sorriu educadamente e serviuse da transparente vodka.

- É “Novoblagoslovénnaia”<sup>6</sup> ?–preguntou-.

- Que Deus nos libre! –respondeu o anfitrión-. Iso é alcol puro, esta é unha vodka estupenda, faina Daria Petrovna ela mesma.

- Non diga iso, Filip Filípovich, todos din que a “Novoblagoslovénnaia” é moi boa: trinta graos.

- A ver, o primeiro é que a vodka ten que ter corenta graos, e o segundo – interrompeu imperativamente Filip Filípovich-, Deus sabe que porcallada lle botan. Vostede ten idea do que se lles pode ocorrer?

- Calquera cousa, -dixo o trabado convencido-.

- Pois eu sonlle da mesma opinión, -engadiu Filip Filípovich e dun grollo mandou o contido da copa pola gorxa abaixo-, eh... ehem... doutor Bormental, préggollo: probe agora mesmo isto e, se me di que isto é... hei de ser o seu mortal inimigo para toda a vida! “Dende Sevilla a Granada...”

E pronunciando estas palabras co seu garfo de prata de anchos dentes colleu algo semellante a un panciño negro pequeno. O trabado seguiu o seu exemplo. Os ollos de Filip Filípovich acendéronse.

---

<sup>6</sup> Vodka feita nas destilerías do Estado

- É tan ruín? –preguntou Filip Filípovich á vez que mastigaba-. É tan ruín? A ver, respóndame, estimado doutor.

- Excelente, -contestou o trabado con sinceridade-.

- E logo...! Fíxese vostede, Iván Arnóldovich, en que hoxe en día os únicos que toman entremeses fríos e sopa son os terratenentes aos que os bolxeviques aínda non lles pasaron o coitelo. Calquera persoa cun mínimo de respecto a si mesma só come entremeses quentes. E de entre as especialidades quentes de Moscova esta é precisamente a mellor. Houbo unha época na que no Mercado Esloavo o facían excelente. Aquí ten!

- Vostede siga a darlle de comer ao can no comedor, -sentiuse unha voz de muller- e despois non vai haber quen o dea sacado de aquí.

- Non pasa nada... Coitadiño, está esfameado, -Filip Filípovich deulle ao can un entremés co garfo, que este pescou con prodixiosa axilidade, e o garfo foi parar estrepitosamente a unha almofía.

Dos pratos saía un vapor que ulía a cangrexo; o can, sentado á sombra do mantel, parecía a sentinela dun almacén de pólvora, mentres que Filip Filípovich, despois de meter por dentro do colo a punta do duro pano de mesa, comezou o seu sermón:

- A arte de comer, Ivan Arnóldovich, tenlle o seu aquel. Cómpre saber comer, e pense que a maioría da xente non ten nin idea de comer. Non só cómpre saber que comer, senón tamén cando e como. (Filip Filípovich abaneou significativamente a culler). Así coma o tema de conversa mentres se come, dígollo eu! Se se preocupa pola súa dixestión heille de dar un bo consello: durante a cea non fale nin de bolxevismo nin de medicina. E que Deus o libre de ler xornais soviéticos antes de cear!

- Hm... pero é que non lle hai outros!

- Pois daquela non lea ningún. Sabe unha cousa? Observei trinta casos na miña clínica, e quere que lle diga unha cousa? Os pacientes que non len xornais atópanse de marabilla, pero os que, pola contra, eu obriguei a ler *Pravda* perdían peso...

- Hm? –respondeu con interese o trabado, á vez que se ía poñendo rosiña coa sopa e co viño-.

- E iso non é todo! Diminución dos reflexos nos xeonllos, falta de apetito, abatemento de ánimo.

- Manda truco...!

- Pois élle así. Por certo, e que estou a facer eu? Xa me puxen a falar de medicina. Veña, mellor comamos.

Filip Filípovich reclinouse no seu asento, tocou o timbre e na cortina cor cereixa apareceu Zina. Ao can déronlle un anaco pálido e groso de esturión, que non lle gustou, e xusto despois un lisco de rosbif sanguinolento. Despois de chapalo notou de súpeto que tiña sono e que non aturaba a visión de máis comida. “Que sensación máis estraña! –pensou deixando caer as pálpebras, que se fixeran pesadas-, os meus ollos non dan mirado nada de comer. E o de fumar despois de cear xa é unha parvada...”

Un desagradable fume azul alagou o comedor. O can adurmiñaba, coa cabeza repousada enriba das patas dianteiras.

- O “Saint Julien” é un viño excelente, -sentiu o can entre soños-, só que agora xa non se atopa.

- Dende arriba e do piso do lado chegou o xordo son dun coro, amortecido por teitos e alfombras.

Filip Filípovich tocou o timbre e Zina chegou.

- Zinuxa, que significa isto?

- Convocaron outra xuntanza xeral, Filip Filípovich, -respondeu Zina-.

- Outra vez!?! -exclamou apesurado Filip Filípovich-, pois agora polo que se pode ver xa está! A casa Kalabúghov foise ao garete! Haberá que marchar, pero a cuestión é onde! Todo ha de ir de marabilla... Primeiro cantos cada noite, despois quedarán conxelados os canos, despois rebentará a caldeira da calefacción central, e así sucesivamente. Acabouse a casa Kalabúghov!

- Filip Filípovich estase a agoniar máis da conta –sinalou sorrindo Zina, mentres levaba unha morea de pratos.

- E logo como non me vou agoniar?! –berrou Filip Filípovich-, pero vostede sabe como era esta casa? Se soubese...!

- Vostede está a velo todo demasiado negro, Filip Filípovich! –obxectou o fermoso trabado-, as cousas agora cambiaron moito.

- Querido amigo, vostede coñéceme, non si? Eu son un home de feitos, un home que observa. Son inimigo de hipóteses infundadas, e isto é ben sabido non só en Rusia, senón tamén en Europa. Se digo unha cousa quere dicir que está baseada nun feito do que tiro as miñas conclusións. E velaquí un feito: os colgadoiros e mais o andel para os galochos que temos no noso edificio.

- Iso é ben curioso...

- “Que parvada, os galochos! A felicidade non se atopa nos galochos –pensou o can-, pero vese que é unha personalidade destacada”.

- Mire vostede o do andel dos galochos. Levo vivindo nesta casa dende 1903. E durante todo este tempo, ata abril de 1917 non se deu nin un só caso –subliño con lapis vermello “nin un só”!- de que do portal do noso edificio, que ten a porta aberta para todos, desaparecese un par de galochos. Teñan presente que aquí hai doce vivendas e eu teño a consulta. En marzo de 1917 un bo día desapareceron todos os galochos, incluíndo dous pares meus, tres bastóns, un abrigo e mais o *samovar* do porteiro. Dende aquela o andel para os galochos deixou de existir. A ver, amiguiño! E que lle vou dicir da calefacción central! Mellor non falar do tema. Non ho! Agora que temos unha revolución social xa non cómpre acender a caldeira! E eu preguntome: por que, dende que comezou toda esta historia todo o mundo sobe e baixa polas escaleiras de mármore cos galochos e as botas sucias? Por que é necesario ata o día de hoxe gardar os galochos baixo chave e aínda por riba poñer un soldado para que ninguén as leve? Por que quitaron a alfombra da escaleira principal? Seica Karl Marx prohíbe ter alfombras nas escaleiras? É que Karl Marx di nalgues que o segundo portal da casa Kalabúghov na rúa Prechístenka hai que tapialo con táboas, e dar a volta polo patio de atrás? Que sentido ten? Por que non pode deixar o proletario os seus galochos embaixo, no canto de emporcallar o mármore?

- Pero, Filip Filípovich, se o proletario nin sequera ten galochos! –tatexou o trabado-.

- Diso nada! –respondeu Filip Filípovich cunha voz de trono e serviuse un vaso de viño-. Hm... Estou en contra dos licores despois de cear, resultan pesados e escangallan o figado... Non ho, diso nada! O proletario agora si que leva galochos... e eses galochos... son meus! Precisamente os mesmos galochos que desapareceron na primavera de 1917. E un entón preguntase: quen os ripou? Eu? Imposible. Sablin o burgués? (Filip Filípovich sinalou co dedo para o teito), só pensalo xa é ridículo! Pólozov, o propietario da fábrica de azucre? (Filip Filípovich sinalou cara a un lado), de ningunha maneira! Isto fixérono estes mesmos cantareiros! Abofé que foron eles! Se polo menos se descalzasen cando soben as escaleiras! (Filip Filípovich empezou a poñerse violeta.) Por que carallo quitaron as flores dos relanzos? E a luz, que se mal non recordo, en vinte anos só se foi dunhas veces, por que agora se apaga sistematicamente unha vez ao mes? Doutor Bormental! A estatística é unha cousa tremenda. Vostede, que coñece o meu último traballo, sábeo mellor ca ninguén!

- É o caos, Filip Filípovich!

- Non, -contradíxoo con total seguridade Filip Filípovich-, non. Vostede, querido Iván Arnóldovich, debería ser o primeiro en absterse de utilizar esa palabra. Iso é un espellismo, fume, pura ficción! –Filip Filípovich abriu amplamente os seus pequerrechos dedos, e no mantel proxecciónse unhas sombras que parecían dous sapoconchos-. Que é ese ‘caos’ do que están a falar? Unha vella cun bastón? Unha bruxa que fixo cachizas todos os cristais e que apagou todas as lámpadas? –preguntoulle furioso Filip Filípovich a un desafortunado pato de cartón pendurado cabeza abaixo a carón do bufete, e el mesmo respondeu en lugar do pato-. Voulles dicir o que pasa: se eu, no canto de operar, me poño cada día a cantar a coro na casa, daquela na miña casa haberá caos! Se eu, cando vou ao cuarto de baño, vou e, descúlpeme pola expresión, me poño a mexar fóra do váter, e Zina e Daria Petrovna fan o mesmo, daquela no baño haberá caos. Polo tanto, o caos non está nos váteres, senón nas cabezas! Por iso, cando estes barítonos berran: “Abaixo o caos!” a min dáme a risa. (A cara de Filip Filípovich retorcese tanto que o trabado abriu a boca) Xúrollo, dáme a risa! Porque quere dicir que todos eles tiñan que se dar unha pancada a eles mesmos na caluga. E unha vez baleirasen as súas cabezas a base de pancadas, deixasen todas esas alucinacións e se puxesen a facer o que lles toca, a limpar alpendres, o caos había de desaparecer por si só. Non se pode servir a dous deuses! Non podes varrer as vías do tranvía e asemade solucionarlles a vida a uns esfarrapados españois! Iso non o pode facer ninguén, doutor, e menos aínda unha xentiña que leva un atraso de douscentos anos comparada con Europa e ata agora non dá abotoado os pantalóns como Deus manda!

Filip Filípovich acalorárase todo, e as súas ventas de aguiña empezaban a dilatarse. Coas novas forzas que lle dera a copiosa cea bradaba igual ca un profeta da Antigüidade, e a cabeza refulxíalle como se fose de prata.

As súas verbas caían enriba do can adormecido como se fosen un bruñido subterráneo. Nos seus sonhos aparecía a curuxa aquela dos estúpidos ollos amarelos choutando, despois a noxenta cara do cociñeiro co seu sucio gorro branco, o afoutado bigote de Filip Filípovich, iluminado pola intensa luz dunha pantalla, e entón unha zorra no sono que renxía e desaparecía, mentres que no estómago do can, entre os xugos gástricos, se cocían os restos do anaco de rosbif.

-Podería facer cartos a esgalla, -pensou confusamente o can-, un orador de primeira! Aínda así, polo que se ve, non me parece que a este home lle fagan falla máis cartos...

- Un policía! –berrou Filip Filípovich. Un policía!!- “Auuuu.. auuu!” –no cerebro do can parecía que lle estivesen a estoupar burbullas...-. Un policía! Iso é o que cómpre, iso e nada máis ca iso! E tanto dá que leve unha placa ou unha gorra vermella. O que hai que facer é poñer un policía xunta cada persoa e obrigar a que os nosos cidadáns controlen os seus impulsos vocais! Vostede fala de caos pero eu dígolle, doutor, que nin noso edificio nin en ningún outro ha de mellorar nada mentres non se controlen a eses cantareiros! En canto suspendan os seus concertos a situación ha de mellorar por si soa!

-Está vostede a facer discursos contrarrevolucionarios, Filip Filípovich, -sinalou en broma o trabado-, Deus queira que non nos oia ningún!

- Non, non hai perigo ningún! –obxectou acaloradamente Filip Filípovich-. Nada de contrarrevolución. Por certo, esa é outra palabra que non aturo. Vai ti saber o que oculta esa palabra! Vai ti saber! Así que lles digo que non hai nada de contrarrevolución nas miñas palabras, nelas non hai máis ca sentido común e experiencia da vida...

Nisto Filip Filípovich tirou de debaixo do seu colo a punta do seu engurrado pano de mesa e, despois de facer unha bóla con ela, pousouna a carón do vaso de viño tinto, que aínda non rematara. O trabado ergueuse decontado e deu as grazas: *Merci*.

- Un momento, doutor! –detívoo Filip Filípovich, á vez que sacaba unha carteira do peto do pantalón. Engurrando o cello contou uns billetes brancos e tendellos ao trabado dicindo-: Hoxe, Iván Arnóldovich, correspóndenlle corenta rublos. Aquí os ten!

A vítima do can deu as grazas educadamente e, poñéndose rubio, gardou os cartos no peto da chaqueta.

Hoxe á tardiña fágolle falla, Filip Filípovich? –preguntoulle-.

Non, grazas, querido amigo. Hoxe non imos facer nada. En primeiro lugar, o coello morreu, e ademais hoxe no *Bolxoi* poñen “Aida”, e hai tempo que non a vexo. Gústame... Lémbrese do dúo...? Tara... ra-rim...

- Como atopa tempo para dar feito tantas cousas, Filip Filípovich, -preguntou con respecto o médico.

- Quen non fai as cousas apuradas dá chegada a tempo a todas partes, -explicou o dono da casa cun aire instrutivo-. Está claro que se eu me puxese a choutar de xuntanza a xuntanza e a cantar todo o día coma un reiseñor, no canto de facer o meu traballo, non tería tempo para ir a ningures, -do peto do pantalón, por debaixo dos dedos de Filip Filípovich, saúu a melodía celestial dun reloxo-, son as oito pasadas... chegarei ao comezo do segundo acto... Eu son partidario da división do traballo: no *Bolxoi* que

canten, que eu me dedicarei a operar. E así todo ha de estar ben, sen caos ningún... Ah, e outra cousiña, Iván Arnóldovich, vostede estea atento: en canto teñamos un cadáver axeitado, xa sabe, páseo da mesa da autopsia a unha solución fisiolóxica e tráiao para aquí!

- Non se preocupe, Filip Filípovich, -os de anatomía patolóxica prometéronmo-.

- Perfecto. E nós, de momento, observaremos a este neurótico vagabundo e lavarémolo. Primeiro que lle sande o costado...

“Preocúpase por min, -pensou o can-, que boa persoa! Eu sei quen é este! É un feiticeiro, un mago, un bruxo de conto de fadas para cans... Porque a ver, non pode ser que todo isto estea a velo en soños! E se fose un soño? (o can estremeceuse mentres durmía) Pois nada, daquela espertarei e todo desaparecerá. A lámpada con pantalla de seda, a calor, a fartura. E de novo os portais, o frío feroz, o asfalto xeadado, a fame, a maldade da xente... O comedor, a neve... Meu Deus, aí que duro se me vai facer...!”

Pero non aconteceu nada diso. O contrario: o portal esvaeceuse igual ca un pesadelo e non volveu máis.

Polo que se ve, o caos non era tan terrible! Malia o caos, dúas veces ao día os grises acordeóns de ferro que se atopaban debaixo das ventás enchíanse de calor e esta espallábase en ondas por toda a casa.

Estaba totalmente claro: o can gañara o primeiro premio da rifa canina. Agora os seus ollos, polo menos dúas veces ao día, enchíanse de bágoas de agradecemento ao sabio da rúa Prechístenka. Ademais, todos os espellos do comedor e da sala de espera que había entre os armarios reflectían aquel can fermoso e feliz.

-Son un can ben xeitoso. Se cadra un príncipe canino descoñecido que vai de incógnito, -matinaba o can, mentres ollaba para o can peludo cor café con cara satisfeita que paseaba polas profundidades dos espellos-, é moi posible que a miña avoa tivese unha historia cun terranova. Polo que estou a ver no fociño teño unha mancha branca, e eu preguntome: de onde me vén se non? Filip Filípovich é un home cun gusto exquisito, non ía coller o primeiro can da rúa que se lle cruzase.

Nunha semana o can chapou todo o que non chapara no último mes e medio de fame que pasara na rúa. Iso si, só en cantidade, porque a calidade da comida na casa de Filip Filípovich estaba fóra de toda comparación. Mesmo se non temos en conta a morea de despoños que Daria Petrovna mercaba cada día no mercado de Smolensk por dezaoitto kópeks, abonda con mencionar as ceas que se servían ás sete no comedor, e por moito que protestase a distinguida Zina, o can sempre asistía a elas. Nestas ceas Filip

Filípovich acadou definitivamente o rango de divindade. O can poñíase de pé sobre as patas traseiras e trabáballe a chaqueta, aprendeu a recoñecer a maneira de timbrar de Filip Filípovich: dous timbrazos sonoros e curtos, como fai un amo, e cun ladro ía voando á entrada para darlle a benvida. O dono entraba co seu abrigo de raposo, prateado e escintilando cun millón de estrelas de neve, botando un cheiro a mandarinas, puro, perfume, limóns, gasolina, colonia e pano, e a súa voz atronaba por toda a casa igual ca unha corneta de guerra:

- Por que esnaquizaches a curuxa, mala besta? Fíxoche algo? Fíxoche algo, eh? estouche a preguntar! E por que esnaquizaches o retrato do profesor Méchnikov?

- A este can, Filip Filípovich, hai que darlle unha boa malleira cun látego, aínda que sexa unha soa vez, -dicía Zina indignada-, se non ha de acabar malcriado de todo. Mire o que fixo cos seus galochos!

- Non hai que bater a ninguén –alporizouse Filip Filípovich-, que che quede claro dunha vez por todas! Tanto coas persoas coma cos animais a única maneira de actuar é a persuasión! Hoxe xa lle deu a carne?

- Miña nai querida! Está a comernos a nós e mais a casa enteira! Como se lle ocorre preguntalo, Filip Filípovich? O que non sei é como aínda non estourou!

- Pois ben, que coma e que lle aproveite...! Que che fixo a curuxa, galopín?!

- Auuuuu! –ouveou o can, afagador, mentres se arrastraba sobre o bandullo, estendendo as patas-.

Entón pescárono polo collar e turraron del pola sala de espera ata o despacho. O can ouveaba, ensinaba os dentes, agarrábase á alfombra e arrastrábase para atrás, coma no circo. No medio do despacho, enriba da alfombra, estaba a curuxa cos ollos de vidro e o ventre esgazado, de onde saían uns galdrapos vermellos que cheiraban a naftalina. Enriba da mesa había un retrato feito cachizas.

- Deixei todo isto sen recoller á mantenta, para que vostede o puidese ver, -dixo Zina, desgustada- será desvergonzado este raio de can!: dun chouto subiu á mesa e zas, enganchouna polo rabo! Nin tempo me deu de decatarme e xa a esgazara toda! Métalle o fociño dentro da curuxa, Filip Filípovich, apréndalle a non ir por aí esnaquizando todo!”

E empezaron os ouveos. O can, agarrado teimudamente á alfombra, resistíase a que turrasen del para levalo onda a curuxa e meterlle o fociño dentro; este choraba amargas bágoas e pensaba: “Zoscade en min o que queirades, pero non me botedes fóra da casa!”



- Leva a curuxa hoxe mesmo ao taxidermista. Velaquí oito rublos e dezaseis kópeks para o tranvía, vai onda Miur e a este mércalle un bo colar e unha cadea.

Ao día seguinte puxéronlle ao can un colar ancho e brillante. No primeiro momento, cando se mirou no espello, quedou moi desgustado, encolleu o rabo entre as pernas e marchou ao cuarto de baño, cismando en como desfacerse del fretándose contra un baúl ou un caixón, pero pouco despois se decatou de que era ben parvo. Zina sacouno de paseo coa cadea pola pasaxe de Obúghov. O can ía camiñando coma un preso, morrendo da vergoña pero, ao percorrer o traxecto entre a rúa Prechístenka e o Templo do Cristo Salvador, enxergou perfectamente que significa nesta vida levar un colar. Nos ollos de todos os cans cos que se cruzou víase unha envexa furiosa, e na pasaxe Miortvi un can longueirucho da rúa que no canto de rabo tiña un toco ladroulle “prea con aires de señorito” e “lambecús”. Cando cruzaron as vías do tranvía un policía mirou para o colar con satisfacción e respecto, e no camiño de volta á casa aconteceu a cousa máis insólita do mundo: Fiódor, o porteiro, abriu o portal el mesmo e deixou entrar a Xárik, mentres lle dicía a Zina:

- Mira ti que can máis espeluxado ten agora o Filip Filípovich! E aínda por riba está como un bocoi!

- Aí falou ben! Come por seis! –explicou Zina, colorada e fermosa polo frío-.

- O colar vén sendo o mesmo ca unha carteira”, -observou maliciosamente o can nos seus adentros e, abaneando o rabo, dirixiuse cara ao andar principal coma un señor-.

Unha vez apreciado o valor exacto do colar, o can fixo a súa primeira visita á sección principal do paraíso, onde ata ese momento lle estivera rigorosamente prohibida a entrada: os dominios da cociñeira Daria Petrovna. Todo o piso non valía nin dous palmos comparado cos dominios de Daria. Na cociña, negra por enriba e cuberta de azulexos brancos, todos os días crepitaban e avivábanse as lapas. O forno renxía. Entre púrpuras columnas ardía o rostro de Daria Petrovna, eternamente oprimido polo sufrimento e por unha paixón insatisfeita, brillante de graxa. Levaba un peiteado á moda que lle cubría as orellas, o seu cabelo claro estaba recolleito na caluga, onde lle escintilaban vinte e dous brillantes de imitación. Tarteiras douradas penduraban de ganchos polas paredes, a cociña enteira estaba cargada de cheiros, fervía e asubiaba nas potas debaixo dos testos...

- Fóra! –chiou Daria Petrovna-. Fóra, vagabundo, rateiro! Só me faltabas ti! Como colla o escallo vas levar...!

- Pero que che pasa, ho? Que andas a ladrar? –pestanexou o can con tenrura-. Que é iso de rateiro? E logo non se decata do colar que levo?”- e saíu de lado pola porta, abríndoa co fociño-.

Xárik posuía certo segredo para conquistar os corazóns da xente. Dous días despois xa estaba deitado á beira da cesta do carbón e mirando como traballaba Daria Petrovna. Cun coitelo estreito e afiado cortáballes a cabeza e as patas a unhas indefensas perdices e despois, coma un verdugo enfurecido, arrincaba a carne pegada aos ósos, sacáballe os miúdos ás galiñas e pasaba a carne pola máquina de picar. Xárik, mentres tanto, ocupábase de torturar a cabeza dunha perdiz. Dunha cunca con leite Daria Petrovna ía sacando anacos de pan que deixara en remollo, mesturábaos enriba dunha táboa coa carne picada, botáballe por riba tona de leite, engadíalle sal e moldeaba unhas croquetas. O forno zunía coma un incendio, e a tixola estalaba, gurgullaba e daba saltos. A portela do forno batía con estrondo, descubriendo un arrepiante inferno onde todo eran brúidos e muxicas...

Á noitiña aquelas fauces con lapas apagábanse, e pola fiestra da cociña medio tapada con cortiniñas brancas víase a mesta e solemne noite na rúa Prechístenka, iluminada por unha estrela solitaria. O chan da cociña estaba húmido, as potas brillaban cunha luz misteriosa e esvaecida, e enriba da mesa víase unha gorra de bombeiro. Xárik estaba deitado enriba do forno, agora morno, igual ca un león enriba dun pedestal e, aguzando con curiosidade unha orella, miraba un home bigotudo e excitado cun ancho cinto branco de pel, que abrazaba a Daria Petrovna detrás da porta entreaberta do cuarto que esta compartía con Zina. A cara de Daria ardía do tormento e a paixón, toda ela, agás o nariz, empoado e branco como o dunha morta. Unha regaña de luz caía enriba da fotografía dun home de bigotes negros, sobre a que estaba pendurada unha rosa de decoración de Pascua.

- Es pegañento coma o demo... -murmuraba Daria Petrovna na penumbra-, déixame, déixame marchar. Zina pode vir dun momento a outro. A ti que, seica tamén te rexuveneceron?

- Nin falla que me fai! –respondeu o home do bigote negro con voz rouca, perdendo o control sobre si mesmo-. Que ardente é vostede...!

Á noitiña a estrela da rúa Prechístenka desaparecía por detrás das pesadas cortinas e, se no *Bolxoi* non daban “Aida” nin había xuntanza da Sociedade Rusa de Cirurxía, a divindade instalábase no despacho, nunha profunda butaca. No teito non había luz ningunha, a única luz acesa era unha lámpada verde enriba da mesa. Xárik

estaba deitado enriba da alfombra, á sombra, e sen apartar a vista era espectador de cousas arrepiantes: nuns frascos de vidro aboiaban uns miolos humanos, nun ácido avolto e noxento. Os brazos do médico estaban refucidos ata o cóbado, e levaba postas luvas de goma encarnadas, que cos seus esvaradíos e repoludos dedos fochicaban por entre os sinuosos labirintos dos cerebros. Ás veces a divindade armábase cun coitelo pequeno e brillante e cortaba coidadosamente aqueles miolos amarelos e elásticos.

- “Á ribeira sagrada do Nilo...” –cantaruxaba piano a divindade, mordendo os beizos e lembrando os interiores dourados do *Bolxoi*.

A esta hora a calor nos tubos da calefacción acadaba o seu punto máximo. A calor que saía deles elevábase ata o teito, dende onde se espallaba por todo o cuarto. Na peluxe do can revivía o derradeiro carracho aínda non exterminado por Filip Filípovich, pero xa condenado a ese destino. As alfombras amortecían os ruídos da casa. Máis tarde, ao lonxe, soou o timbre da porta da casa.

“Zinka foi ao cine –pensaba o can-, e cando volva, daquela, cearemos. Supoño que hoxe de cea haberá costeletas de vitelo”.

Aquel fatídico día, xa pola mañá, Xárik tivo un presentimento que fixo que de súpeto se puxese a choromicar e que tomase o seu almuerzo (media cunca de papas de avea e un óso de cordeiro da noite anterior) sen apetito ningún. Deu unha volta todo morriñento ata a sala de espera e ouveoulle baixiño ao seu reflexo. Despois, unha vez que Zina o sacou dar un paseo polo bulevar, o día pasou como de costume. Ese día non houbo pacientes porque, como se sabe, os martes non se pasa consulta, e a divindade estaba sentada no despacho, estudando uns pesados libros con láminas de cores espallados por riba da mesa. Agardaban pola cea. O can animouse lixeiramente pensando en que o segundo prato ía ser pavo, tal e como se informara exactamente na cociña. Cando atravesaba o corredor o can oíu soar o desagradable e inesperado timbre do teléfono no despacho de Filip Filípovich. Filip Filípovich descolgou o auricular, escoitou e de súpeto axitouse.

- Perfecto, -oíuse a súa voz-, tráiao agora mesmo, agora mesmo!

- Todo alporizado, tocou o timbre e cando Zina entrou mandoulle que servise a cea decontado.

- A cea, a cea, a cea!

No comedor deseguida se oíu o ruído de pratos; Zina ía correndo dun lado para outro, e dende a cociña oíase a voz de Daria Petrovna a rosmar que o pavo aínda non estaba listo. O can volveu sentir desacougo.

- Non me gusta que haxa balbordo na casa –pensaba el-. E nada máis despois de pensalo o balbordo fíxose aínda máis insoportable, sobre todo despois de que aparecese o trabado, o doutor Bormental; trouxo canda el unha maleta que botaba un fedor tremendo e, case sen quitar o abrigo foi correndo con ela polo corredor ata a sala de observación. Filip Filípovich deixou sen acabar a cunca de café que estaba a tomar, cousa que nunca facía, e foi correndo ao encontro do doutor Bormental, cousa que tampouco non adoitaba acontecer.

- Cando morreu? –berrou-.

- Hai tres horas, -respondeu Bormental, sen quitar o pucho para a neve e abrindo a maleta.

-E quen morreu? –pensou o can sombrío e desgustado, á vez que se metía entre as pernas do profesor-, eu non aturo estes rebumbios.

- Ti quítateme das pernas! Veña, rápido! Rápido! –empezou a berrar Filip Filípovich en todas as direccións e, polo menos así llo pareceu ao can, comezou a chamar a todos os timbres. Zina chegou correndo.

- Zina! Que Daria Petrovna atenda ao teléfono e apunte todas as chamadas! Hoxe non recibirei a ninguén! A ti precisámoste. Doutor Bormental, polo amor de Deus, máis rápido, máis rápido!

- Isto non che me gusta, non che me gusta nadiña. O can, ofendido, enfurruñouse e púxose a dar voltas polo piso, mentres que todo o rebumbio se concentraba na sala de observación. De socato, Zina apareceu cunha bata posta que semellaba un sudario, e botouse a correr, da sala de consulta á cociña e ao revés.

- Que se amañen eles! Eu se cadra vou comer algo... –decidiu o can, e de súpeto levou unha sorpresa.

- A Xárik non lle deades nada de comer! –abouhou unha voz de mando dende a sala de consulta-.

- Si, home! Como se fose doado vixialo!

- Pechádeo!

Levárano entón enganado ao baño e pechárono alí.

- Ruíns! –pensou o can, sentado na penumbra do cuarto de baño-, hai que ser parvos...!

Pasou preto dun cuarto de hora no baño nun estraño estado de ánimo, a momentos poñíase furioso e a momentos entráballe unha pesada morriña. Todo era tan triste e confuso...

- Moi ben, moi ben...xa verá os seus galochos mañá, distinguidísimo señor Filípovich, -pensaba el-, xa tivo que mercar dous pares, e ha de ter que mercar un terceiro. Para que aprenda que aos cans non hai que pechalos.

De súpeto, algo detivo os seus iracundos pensamentos: de socato, e sen saber por que, veulle á cabeza con toda claridade un anaco da súa primeira mocidade: un inmenso patio sollío xunta a porta Preobrajenskii, o sol a escintilar nas botellas, ladrillos escachados, cans da rúa en liberdade...

- A ver, non! Para que te vas enganar? Ti de aquí xa non has de ir a ningures, para que queres a liberdade? -matinaba morriño o can, resollando polo nariz-. Xa me afixen a isto. Eu son un can de señor, unha criatura intelectual, accedín a unha vida mellor. E de todos os xeitos que é iso da liberdade? Pois iso, fume, un espellismo, unha ficción... O delirio deses funestos demócratas...

Entón a penumbra do baño volveuse terrorífica, comezou a ouvear, lanzouse contra a porta e empezou a rabuñala.

- Auuuu! -oíuse por todo o piso, como se o ouveo saíse de dentro dun bocoi-.

- Hei de volver a esganifar a curuxa! -pensou o can, furioso pero impotente-. Despois acougou, deitouse, e cando se levantou de súpeto se lle arremuiñou o pelo, por algún motivo deulle a sensación de ver no baño uns arrepiantes ollos de lobo...

No momento cumio do seu martirio abriron a porta. O can saíu, sacudiuse e dirixiuse tristeiro cara á cociña, pero Zina enganchouno do colar e turrando firmemente del levouno ata a sala da consulta. No corazón sentiu unha especie de xélido arrepío.

- Pero que me queren? -pensou el sospeitando algo-. O costado xa sandou. Eu non entendo nada.

Escorregando polo esvaradío parqué acabaron de levalo ata a sala de observación, onde quedou impresionado por unha claridade antes nunca vista: o globo branco pendurado do teito brillaba tanto que cegaba a vista. En medio daquel branco resplandor atopábase de pé un sacerdote que entre dentes cantaruxaba algo sobre as sacras ribeiras do Nilo, podía reconecer que se trataba de Filip Filípovich unicamente por un vago cheiro. O seu corto cabelo cano estaba oculto debaixo dunha gorra branca que lembraba á mitra dun patriarca. O sacerdote ía vestido todo de branco, e por riba

levaba posto un estreito mandil de goma que parecía a estola dun crego. Nas mans tiña postas unhas luvas negras.

O trabado tamén apareceu cunha mitra. Había unha mesa longa estendida, e por un lado arrimaron outra pequena, cadrada e con patas brillantes.

De todos os que estaban nese momento no cuarto, por quen sentiu máis odio de todos foi o trabado, e máis que nada pola súa mirada: normalmente era decidida e directa, pero agora miraba a todas as partes evitando a mirada do can. Os seus ollos estaban alerta, eran falsos, e no fondo deles agochábase algo malo, infame, se non un verdadeiro delito. O can lanzoulle unha mirada pesada e lóbrega e retirouse a un recanto.

- O colar, Zina –dixo pianíño Filip Filípovich-, procura ante todo que non se alporice.

De socato os ollos de Zina volvéronse tan odiosos coma os do trabado; achegouse xunta o can e aloumiñouno con evidente falsidade. E el mirou para ela con tristeza e desprezo.

- A ver, sodes tres contra un... que vou facer eu? Se queredes atraparédesme. Pero vergoña tíñavos que dar... Se polo menos soubese o que me ides facer...

Zina desabrochoulle o colar, o can abaneou a cabeza e resollou. O trabado apareceu diante súa, desprendendo un tremendo e nauseabundo cheiro.

- Uf! Que noxo... Por que sinto estas náuseas e este medo? –pensou o can e recuou diante do trabado.

- Apúrese, doutor! –dicía con impaciencia Filip Filípovich-.

No aire sentíase un cheiro doce e penetrante. O trabado, sen apartar do can a súa miserable e vixiante mirada, sacou a súa man dereita de detrás das costas e rapidamente lle chantou ao can no fociño un anaco de algodón húmido. Xárik, desconcertado, sentiu que a cabeza lle daba voltas, pero aínda foi quen de arredarse. O trabado lanzóuselle enriba dun chimpó e cubriulle todo o fociño co algodón. Cortóuselle a respiración, pero aínda así o can deuse arredado del. Criminal...! -pasóuselle pola cabeza-. Por que! Unha vez máis volvéronlle espetar o algodón no fociño, e de súpeto, no medio da sala de observación, xurdiu un lago e nel, en barcas, uns estraños cans alegres e rosados de ultratumba. As patas de Xárik quedaron sen ósos e dobráronse.

- Á mesa! –nalgures tronaron animadas as palabras de Filip Filípovich e esvaecéronse entre brillos alaranxados. O horror desapareceu e foi substituído pola ledicia; durante uns segundos o can, que ía esmorecendo, sentiu amor polo trabado. A

continuación o mundo enteiro revirouse, e aínda tivo tempo de sentir polo bandullo unha man fría pero agradable. E despois máis nada.

4

Enriba da estreita mesa de operacións estaba deitado, todo estarricado, o can Xárik, e a súa cabeza batía impotente contra a almofada branca de hule. Tiña a barriga rasurada, e o doutor Bormental agora, apurándose e acorando coas présas, cortáballe o pelo da cabeza cunha maquinaña que se afundía no seu pelame. Filip Filípovich, apoiándose coas mans no bordo da mesa, observaba o procedemento. Os ollos brillábanlle igual cá montura dourada das súas lentes, e dicía emocionado:

- Iván Arnóldovich, o intre máis importante é cando eu entre na sela turca: nese mesmo intre faga o favor de pasarme a hipófise, e entón cósa decontado! Se empeza a perder sangue por aí perderemos tempo e mais ao can. De todos xeitos non é que el teña algunha esperanza; calou un instante, entornou os ollos e mirou con aire de mofa para o can, que tiña os ollos medio pechados. Entón engadiu: Sabe unha cousa? Dáme mágoa. Imaxina que mesmo cheguei a afacerme a el.

Alzou as mans como se estivese a bendicir ao desgraciado can Xárik por mor do difícil lance polo que estaba a pasar. Procuraba que nas súas luvas non caese nin un lixo.

Por debaixo do pelo do can brillaba unha pel abrancazada. Bormental guindou a un lado a maquinaña de rapar e armouse cunha navalla, enxaboou a indefensa cabeciña e empezou a afeitala. Por debaixo do gume da navalla oíase un forte renxido, e por algunhas partes saía sangue. Unha vez rasurado, o trabado fregoulle a cabeza cun algodón mollado en alcol, entón estirou o bandullo espido do can e, salaiando, dixo:

- Listo!

- Zina abriu a billa do lavabo e Bormental apurouse a lavar as mans. Zina botoulles alcol dunha botella.

- Podo marchar, Filip Filípovich? –preguntou, mirando de esguello e con temor a cabeza afeitada do can-.

- Podes.

Zina desapareceu, e Bormental continuou coa súa trasfega. Arredor da cabeza de Xárik puxo unhas lixeiras compresas de gasa e entón enriba da almofada apareceu unha cousa nunca vista: o cranio calvo dun can e un estrambótico fociño barbudo.

Neste intre entrou en acción o sacerdote: estirouse, ollou para a cabeza do can e dixo:

- Ben, que Deus nos acompañe. Bisturí!

Da brillante morea de instrumentos que había enriba da mesa Bormental tirou un coitelo pequeniño e barrigudo e pasoullo ao sacerdote. Acto seguido puxo unhas luvas negras iguais ás deste.

- Dorme? –preguntou Filip Filípovich.

- Si, está ben durmido.

Filip Filípovich apertou os dentes, os seus ollos tomaron un brillo agudo e cortante, entón alzou o bisturí e fixo unha incisión longa e precisa no ventre de Xárik. A pel abriuse decontado, e o sangue empezou a saír en todas as direccións. Bormental entón interveu rapidamente e púxose a premer a ferida de Xárik con anacos de gasa, e despois, con axuda dunhas pinzas pequeniñas que parecían as do azucre, xuntou os dous lados da ferida e esta deixou de sangrar. Na testa de Bormental apareceron perliñas de suor; Filip Filípovich fixo un segundo corte e entre os dous empezaron a esgazar o corpo de Xárik con pequenos ganchos, tesoiras e unha especie de grampas. Foron aparecendo uns tecidos rosas e amarelos cubertos dun orballo sanguinolento. Filip Filípovich cortaba e cortaba sen parar co bisturí por todo o corpo, e despois berrou:

- Tesoiras!

- O instrumento brillou nas mans do trabado como se fose un prestidixitador. Filip Filípovich introduciu profundamente as súas mans no ventre de Xárik e despois dunhas manobras rotativas extraeu do corpo de Xárik os seus testículos, cunha especie de filamentos enganchados a eles. Bormental, enchoupado de suor por mor do esforzo e a excitación, lanzouse a un frasco de cristal e del sacou outros testículos húmidos e colgantes. Nas mans do profesor e do asistente empezaron a saltar e a enrolarse unhas fibras curtiñas e húmidas. Unhas agullas curvas tintinaron brevemente contra as pinzas, e entón coséronlle a Xárik uns novos testículos no canto dos que tiña. O sacerdote arredouse da ferida, puxo un anaco de gasa e ordenou:

- Cosa a pel decontado, doutor! Despois botoulle unha ollada ao reloxo branco da parede.

- Fixémolo en catorce minutos, doutor, -dixo entre dentes Bormental, e cravou a agulla na flácida pel. Entón ambos os dous comezaron a poñerse nerviosos coma asasinios con présa.

- Bisturí! –berrou Filip Filípovich-.



O bisturí foi ás súas mans dun chimpo como se tivese vida propia, e a cara de Filip Filípovich adquiriu unha expresión terrible. Ao abrir os beizos amosou os seus dentes de porcelana e ouro, e dun só corte trazou unha coroa vermella na testa de Xárik. Retiraron entón a pel afeitada como quen arrinca unha cabeleira, e deixaron ao descuberto o cranio. Filip Filípovich berrou:

- Trépano!

Bormental pasoulle un brillante berbequí. Mordendo o beizo, Filip Filípovich empezou a cravar o berbequí e a facer buraciños a un centímetro de distancia un do outro arredor de todo o cranio, de xeito que lle daban toda a volta á cabeza, cada burato non lle levaba máis de cinco segundos. Despois, cunha serra de estraña forma, meteu o primeiro dente desta no primeiro burato e empezou a serrar igual que cando serran un anaco de madeira para facer un costureiro. O cranio renxía e abaneábase dun lado a outro, e ao cabo de seis minutos xa estaban a retirar o testo do cranio de Xárik.

Quedou entón ao descuberto a cúpula do cerebro de Xárik, gris cunhas veas azuladas e unhas manchas arrubiadas. Filip Filípovich afundiou as tesoiras nas meninxes e cortounas. Saíu disparado un finiño chorro de sangue, que por pouco lle entrou no ollo ao profesor, e que acabou zarrapicándolle a gorra. Bormental, cunha pinza de torsión, abalanzouse coma un tigre para deter o chorro e conseguiuo. A Bormental caíalle a suor a chorros, a súa cara fíxose carnosa e multicolor, e os ollos ían incesantemente das mans de Filip Filípovich á bandexa co instrumental enriba da mesa. Filip Filípovich, pola súa banda, adquirira unha expresión totalmente arrepiante: do nariz saíalle un asubío, e cando abría a boca amosaba o dentame ata as enxivas. Abriuse paso cortando as meninxes e introduciuse máis profundamente no cerebro, para acto seguido separar os hemisferios do fondo da cavidade aberta. Nese intre Bormental púxose pálido, cunha man agarrou o peito de Xárik e dixo cunha voz rouca:

- O pulso está a caer en picado...

Filip Filípovich mirou para el coma unha fera salvaxe, rosmou algo e penetrou aínda máis dentro co bisturí. Bormental rompeu unha ampola de vidro que fixo crac, encheu una xiringa co líquido e cravoulla perfidamente a Xárik pola zona do corazón.

- Vou para a sela turca! –bradou Filip Filípovich e coas luvas sanguinolentas e esvaradías sacou da cabeza de Xárik o seu cerebro gris e amarelo. Por uns segundos mirou de esguello para a cara de Xárik, Bormental axiña rompeu outra ampola cun líquido amarelo e volveu encher con el unha longa xiringa.

- No corazón? –preguntou timidamente

- Pero que preguntas me fai?! –bruoulle enfadado o profesor, -de todos os xeitos xa lle debeu de morrer cinco veces. Píqueo! Pero será posible?! A súa cara adquiriu a expresión dun bandoleiro entusiasmado.

Dun golpe, o doutor chantou facilmente a agulla no corazón do can.

- Está vivo, pero xustiño, -murmurou timidamente-.

- Agora non é momento de poñerse a pensar en se vive ou non, -dixo Filip Filípovich cunha vez rouca e terrible-. Estou na sela! De todas formas ha de morrer igualmente...ai, car... “Á ribeira sagrada do Nilo...” Páseme a hipófise!

Bormental pasoulle un frasquiño de cristal no que, pendurado dun fío, un vulto branco aboiaba nun líquido. Cunha man (“non hai outro coma el en Europa, meu Deus, seguro que non...!”), pensou confusamente Bormental) Filip Filípovich colleu o vulto aquel pendurado, e coa outra, cunhas tesoiras, cortou outro anaco de igual tamaño entre os dous hemisferios separados do cerebro de Xárik. Este anaco guindouno nun prato, mentres que o novo o inseriu no oco recién aberto no cerebro, co fío e todo; cos seus dedos repoludos –que de xeito milagroso se fixeron finos e áxiles- amañouse para suxeitalo cun fío de ámbar. Despois disto baleirou o cranio de toda aquela trangallada de tensores e pinzas, volveu colocar o cerebro no seu sitio, apartouse e, xa máis acougado, preguntou:

- Supoño que estará morto, non si?

- Pulso filiforme... -respondeu Bormental-.

- Máis adrenalina!

O profesor cubriu o cerebro coas meninxes, volveu poñer no seu lugar o testo serrado, que encaixou perfectamente, cubriuno co coiro cabeludo e berrou:

- Agora cosa!

Bormental coseu a cabeza en cinco minutos, deixando tres agullas rotas.

Entón, sobre o fondo da almofada ensanguentada apareceu o fociño esmorecido e sen vida de Xárik, cunha ferida circular arredor da cabeza. Entón Filip Filípovich botouse definitivamente para atrás, coma un vampiro saciado, arrincou unha luva da que saíu un neboeiro de po, e a outra rachouna, guindouna ao chan e premeu o timbre da parede. Zina apareceu no limiar, virándose para non ver a Xárik cuberto de sangue. O sacerdote quitou coas súas mans cheas de talco a capucha ensanguentada e berrou:

- Zina, tráeme un pito decontado. Despois prepara o baño e roupa interior limpa!

Apoiándose co queixo no bordo da mesa de operacións, con dous dedos levantou a pálpebra dereita do can, examinou o ollo moribundo e dixo:

- Arre carallo! Non morreu! Ben, pero de todas formas ha de morrer. Ah, doutor Bormental, que mágoa polo can! Era un pillabán, pero agarimoso.

5

O caderno do doutor Iván Arnóldovich Bormental é un caderno delgado tamaño cuartilla. Está escrita a man por Bormental; nas dúas primeiras páxinas a letra é coidada, apertada e clara, e despois se fai confusa, axitada e con moitos borranchos.

*Luns, 22 de decembro de 1924. Historial clínico.*

Can de laboratorio de aproximadamente dous anos. Macho. Raza: palleiro. Nome: Xárik. Pelo: liso, castaño, con pintas claras. O rabo cor de leite fervido. No costado dereito rastros dunha queimadura completamente curada. Alimentación anterior ao coidado do profesor: mala; despois dunha semana de estadía co profesor: extremadamente mantido. Peso: 8 quilos (*signo de exclamación*). Corazón, pulmóns, estómago e temperatura dentro do normal.

*23 de decembro.* Ás 8h. 30 min do serán, por primeira vez en Europa, realizouse unha operación segundo o método do profesor Preobrajenskii: baixo o efecto da anestesia (cloroformo) foron extraídos os testículos de Xárik e no seu lugar fóronlle transplantados cos seus apéndices e mais cos condutos seminais os testículos dun home de 28 anos falecido 4 horas e 4 minutos antes da intervención, ata ese intre conservados nunha solución fisiolóxica estéril segundo o método do profesor Preobrajenskii.

Inmediatamente despois, previa trepanación do cranio, procedeuse á extracción da hipófise do can e á posterior substitución desta por unha humana, procedente do devandito suxeito.

Empregáronse 8 cc. de cloroformo, unha inxección de alcanfor e dúas inxeccións para o corazón.

Finalidade da operación: experimento do profesor Preobrajenskii que consiste no transplante combinado da hipófise e dos testículos, co obxectivo de dilucidar a aceptación dunha hipófise transplantada por parte do organismo e o influxo desta sobre o rexuvenecemento do organismo humano.

A operación foi levada a cabo polo profesor F. F. Preobrajenskii.

Axudante: doutor I. A. Bormental.

Na noite seguinte á operación obsérvanse graves e reiterados descenso do pulso. Espérase un desenlace fatal. Subministro de inxentes doses de alcanfor segundo o método Preobrajenskii.

*24 de decembro.* Á mañá obsérvase melloría. A respiración acelera o dobre. Temperatura: 42 graos. Subministro de inxeccións subcutáneas de alcanfor e cafeína.

*25 de decembro.* Novo empeoramento. Pulso case imperceptible. Arrefriamento das extremidades, as pupilas non reaccionan. Subministro de adrenalina ao corazón e alcanfor segundo método Preobrajenskii. Soro fisiolóxico intravenoso.

*26 de decembro.* Certa melloría. Pulso 180, respiración 92, temperatura 41 graos. Alcanfor, alimentación por vía rectal.

*27 de decembro.* Pulso 152, respiración 50, temperatura 39,8, as pupilas reaccionan. Alcanfor subcutáneo.

*28 de decembro.* Melloría considerable. Ao mediodía repentina e intensa suor. Temperatura: 37,0. As feridas da operación non amosan complicacións. Cambio das vendas. Aparición do apetito, alimentación líquida.

*29 de decembro.* Constátase súbita caída do pelo na testa e nos costados do tronco. Chamados a consulta o profesor da cátedra de dermatoloxía Vasili Vasílevich Búndarev e o director do Instituto Veterinario Modelo de Moscova. Caso declarado como non descrito na literatura médica. Diagnóstico pendente. Temperatura normal.

*(Nota en lapis)*

Á noitiña dáse o primeiro ladrido (8 h 15 min.). Chama a atención un súbito cambio do timbre e un descenso do ton. No canto de “guau, guau” o ladrido artículase como “a-o”, cunha entoación que lembra vagamente a un xemido.

*30 de decembro.* A caída do pelo adquiriu un carácter xeral. O peso deu un resultado inesperado: 30 kg, por mor do medre (alongamento) dos ósos. O can segue deitado.

*31 de decembro.*

Apetito colosal.

*(No caderno hai unha mancha de tinta, e despois dela, escrito cunha caligrafía atropelada:)* Ás 12 h 12 min do mediodía o can ladrou claramente a palabra “Ai-r-ex”.

*(No caderno hai unha interrupción, e máis adiante, seguramente por un erro debido á excitación, di:)*

*1 de decembro. (Riscado e corrixido) 1 de xaneiro de 1925.*

Fotografado pola mañá. Ladra claramente “Ai-r-ex”, repetindo esa palabra fortemente e como con ledicia. Ás 3 da tarde (*en maiúscula*) riu, provocando o desmaio de Zina, a asistenta.

Á tardiña pronunciou oito veces seguidas a palabra “Ai-r-ex-iep”, “ai-r-ex”.

*(En letra cursiva, en lapis:)* O profesor descifrou a palabra “Ai-r-ex-iep”, significa “Peixería”... Unha cousa monstru...

*2 de xaneiro.*

Fotografado mentres lle sorría ao foco de magnesio. Levantouse da cama e durante media hora mantívose de pé sobre as patas traseiras. É case da miña estatura.

*(Unha folla solta engadida ao caderno)*

A ciencia rusa estivo a piques de sufrir unha gran perda.

Historial clínico do profesor F. Preobrajenskii.

Á 1 h 13 min., profundo desmaio do profesor Preobrajenskii. Ao caer bateu coa cabeza contra a pata dunha cadeira. Tintura de valeriana.

Na miña presenza e mais na de Zina o can (se é que un o pode chamar can) insultou ao profesor Preobrajenskii facendo mención á súa nai.

*(Interrupción das anotacións)*

*6 de xaneiro. (alternando lapis e tinta violeta)*

Hoxe, despois de que lle caese o rabo, pronunciou con total claridade a palabra “cervexería”. O fonógrafo está a gravar. Quen sabe que raio está a pasar!

Non entendo nada!

O profesor deixou de recibir pacientes. Dende as 5 da mañá na sala de observación, que é onde se atopa dando voltas esta criatura, óense con toda claridade os improprios máis vulgares e as palabras: “Un par máis!”

*7 de xaneiro*

Pronuncia moitas palabras: “Cocheiro”, “Non hai sitio”, “Xornal da tarde”, “O mellor agasallo para un neno”, así como todas as obscenidades posibles da lingua rusa.

O seu aspecto é estraño. Quédalle pelo unicamente na cabeza, no queixo e no peito. O resto do seu corpo non ten pelo e a pel é flácida. Na rexión xenital estase a transformar nun home. O cranio medrou considerablemente, ten a testa inclinada e baixa.

Meu Deus, vou tolear!

Filip Filípovich segue atopándose mal. Son eu quen leva a cabo a maioría das observacións (fonógrafo, fotografías).

Pola cidade xa se correu a voz.

Innumerables consecuencias: hoxe durante todo o día a rúa estaba chea de miróns e vellas. Algúns curiosos aínda seguen debaixo das ventás. Nos xornais da mañá apareceu unha información sorprendente:

“Os rumores sobre o marciano da rúa Obúghov son totalmente infundados. Difundíronos os comerciantes da Sugharovka, que serán severamente castigados”.

Pero de que raio de marciano están a falar? Isto é un pesadelo!!

Aínda mellor o que publicou o *Xornal da tarde*: din que naceu un neno que toca o violín. E alí mesmo unha ilustración: o debuxo dun violín e a miña fotografía, cunha

nota ao pé dicindo: “O profesor Preobrajenskii, quen lle practicou a cesárea á nai”. Isto non ten nome...! Pronuncia unha nova palabra: “policía”.

Resulta que Daria Petrovna estaba namorada de min e ripara a miña foto do álbum de Filip Filípovich. Despois de que eu escorrentase aos xornalistas un deles deuse coado na cociña, e etc...

Que barafundas se montan nas horas de visita! Hoxe houbo 82 chamadas. O teléfono está desconectado. As damas estériles tolearon e veñen en tropel.

Presentouse en pleno o comité da comunidade de veciños, con Xvónder á testa. Nin eles saben para que.

*8 de xaneiro.*

Ben entrada a noiteña estableceuse un diagnóstico. Filip Filípovich, como verdadeiro científico que é, recoñeceu o seu erro: o cambio da hipófise non produce o rexuvenecemento, senón unha humanización total (*subliñado tres veces*). Porén, isto non lle resta importancia ao seu abraiante e fantástico descubrimento.

O individuo hoxe, por primeira vez, deu un paseo pola casa. No corredor botou a rir cando viu unha lámpada eléctrica. A continuación, acompañado por Filip Filípovich e mais por min, continuou ata o despacho. Mantense firmemente sobre as patas posteriores (*riscado*)... e produce a impresión dun home pequeno e esmirrado.

No despacho botou unha gargallada. O seu sorriso é desagradable e como artificial. A continuación rañou a caluga, botou unha ollada arredor seu e eu anotei unha nova palabra pronunciada con claridade: “burgueses”. Solta pecados. Solta pecados arreo, de maneira sistemática e, polo que se ve, totalmente sen sentido: é como se esta criatura tivese oído antes nalgures palabras obscenas, as gravase de maneira inconsciente no seu cerebro e agora as trousase en aluvián. Pero que carallo, eu non son psiquiatra!

Por algún motivo, a Filip Filípovich estes improprios desanímalo profundamente. Hai momentos en que abandona a actitude fría e de autocontrol propia de alguén que se dedica á observación de novos fenómenos e é como se perdesse a paciencia. Así, durante un episodio de improprios do outro, Filip Filípovich berrou:

- Para!

O cal non tivo efecto ningún.

Despois do paseo polo despacho entre o profesor e mais eu démolo levado á sala de consulta.

A continuación Filip Filípovich e mais eu tivemos unha xuntanza, e teño que recoñecer que por primeira vez vin perdido a este home tan seguro de si mesmo e de tan extraordinaria intelixencia. Cantaruxando, como de costume, preguntou: “E agora que imos facer?” E contestouse a si mesmo, textualmente, da seguinte maneira: “Confeccións Moscova, si...”, “Dende Sevilla a Granada...” “Confeccións Moscova, querido doutor...” Eu non entendía nada. Entón aclarou: Faga o favor, Iván Arnóldovich, mérquelle roupa interior, un pantalón e unha chaqueta.

*9 de xaneiro.*

O seu vocabulario enriquecese a un ritmo (medio) dunha palabra nova cada cinco minutos, e dende o día de hoxe mesmo constrúe frases. Parece como se, despois de estaren conxeladas na súa conciencia, estas palabras agora se desconxelasen e emerxesen á superficie. Dende onte á noitiña gravei no fonógrafo: “Non empurren”, “desvergonzado”, “Baixa do estribo”, “vouche dar”, “recoñecemento de América” e “fogón de petróleo”.

*10 de xaneiro.*

Hoxe se procedeu a vestilo. Deixou de bo grado que lle puxésemos a camiseta interior, mesmo ría animadamente. Os calzóns rexeitounos, e expresou a súa protesta chiando coa voz rouca: “Á fila, fillos de puta, poñédevos á fila!” Acabamos de vestilo. Os peúgos vanlle grandes.

*(No caderno aparecen uns debuxos esquemáticos que, segundo todos os indicios ilustran a transformación dunha pata de can nun pé humano.)*

Prolongamento da parte posterior do esqueleto do pé (Tarsus). Prolongamento das dedas. Unllas.

Ensino sistemático e repetido do uso do cuarto de baño. O servizo da casa está completamente abatido.

Porén, cómpre sinalar que a criatura ten facilidade de comprensión. O asunto vai mellorando considerablemente.

*11 de xaneiro.*



Adaptouse totalmente aos pantalóns. Tirando dos pantalóns de Filip Filípovich, pronunciou unha frase longa e divertida: “Teño ganas de fumar un cigarro, levas un pantalón ben xeitosiño”.

O pelame da cabeza é fino e sedoso, pódese confundir facilmente con cabelo, pero no occipicio aínda se ven as marcas das queimaduras. Hoxe caéronlle os derradeiros pelos das orellas. Aмоса un apetito colosal, encántalle comer arenques.

Ás cinco da tarde tivo lugar un acontecemento: por primeira vez as palabras pronunciadas pola criatura non estaban desvencelladas dos fenómenos do contexto, senón que eran precisamente unha reacción a estes: “Non botes ao chan os restos da comida...”, ao cal inesperadamente contestou: “Déixame en paz, carracho!”

Filip Filípovich quedou estupefacto. Despois se repuxo e dixo:

- Como te permitas faltarme ao respecto outra vez a min ou ao doutor has de cobrar.

Nese intre eu estaba fotografando a Xárik. Estou seguro de que entendeu as palabras do profesor. Unha sombra de tristeza cubriulle a cara, mirouno bastante irritado dende debaixo da sobrecella, pero non dixo nada.

Hurra! Entende!

*12 de xaneiro.*

Mete as mans nos petos do pantalón. Estamos a aprenderlle a que deixe de dicir pecados. Asubiou “Ai, mazaíña!”<sup>7</sup>. É quen de manter unha conversa.

Non podo evitar formular unhas hipóteses: ao carallo o rexuvenecemento, polo menos de momento! Hai outra cousa infinitamente máis importante: o senlleiro experimento do profesor Preobrajenskii revelou un dos segredos do cerebro humano! A partir de agora a misteriosa función da hipófise, o apéndice do cerebro, xa está esclarecida! É a que determina o aspecto humano! As súas hormonas podémolas considerar as máis importantes do organismo, as hormonas do aspecto externo! Na ciencia ábrese un novo eido: sen ningunha das retortas de Fausto creouse o *homunculus*! O bisturí do cirurxián deulle vida a unha nova unidade humana! Profesor Preobrajenskii, vostede é un creador! (*borrancho de tinta*).

Ben, aparteime do tema... Daquela, é quen de manter unha conversa. Na miña opinión o que acontece é que a hipófise transplantada activou o núcleo da fala no

---

<sup>7</sup> Canción popular rusa

cerebro do can, e as palabras empezaron a saír a chorro. Na miña opinión atopámonos perante un cerebro resucitado e desenvolvido, e non perante un cerebro creado a partir da nada. Oh, que marabillosa confirmación da teoría da evolución! Oh, que insigne cadea que vai do can a Mendeléev, o químico!

Outra hipótese miña: no período canino da súa vida o cerebro de Xárik acumulara unha infinidade de conceptos; todas as palabras coas que comezou a manexarse nun principio eran palabras da rúa que oíra e gardara no cerebro. E agora, cando vou pola rúa, miro para os cans ocultando o horror. Vai ti saber que se oculta nos seus cerebros!

Xárik lía! Lía!! (*tres signos de exclamación*). Isto descubrino eu, polo da “Peixería”. Facíao precisamente empezando polo final. E mesmo sei onde se atopa a solución desta adiviña: na configuración característica dos nervios ópticos do can!

O que está a acontecer en Moscova non hai persoa humana que o entenda! Xa hai sete comerciantes da Sugharevska no cárcere por difundiren rumores sobre a fin do mundo, supostamente provocada polos bolxeviques. Daria Petrovna falounos do tema e mesmo nos deu a data exacta: o 28 de novembro de 1925, o día de San Estevo mártir, entón a Terra chocará co eixe celeste... Por aí xa hai uns charlatáns que van dando conferencias. É tal a barafunda que montamos coa hipótese esta que lle veñen a un ganas de liscar de aquí! A petición de Preobrajenskii trasladeime a vivir á súa casa, e paso a noite na sala de espera, con Xárik. A sala onde pasabamos consulta convertémola en sala de espera. Resulta que Xvónder levaba razón, e o comité do edificio está encantado con todo o que está a pasar. Nos armarios non hai un cristal enteiro por mor dos choutos de Xárik. E moito nos custou quitarlle o costume.

A Filip Filípovich estalle a pasar algo raro. Cando lle comentei as miñas hipóteses e lle falei da miña esperanza de desenvolver en Xárik unha gran personalidade psíquica gruñiu e dixo: Vostede cre? O seu ton estaba cheo de odio. E logo pode ser que eu estea enganado? O vello está a argallar algo. Mentres eu me ocupo da redacción deste historial médico el está a estudar o historial do home do que collemos a hipótese.

*(Folla solta engadida ao caderno)*

Klim Grigórevich Chugunkin, 25 anos, solteiro. Non afiliado ao partido, simpatizante. Foi xulgado tres veces e as tres absolto: a primeira vez por falta de probas, a segunda vez salvouse pola súa orixe social e a terceira quedou en liberdade

condicional pero condenado a quince anos de traballos forzados. Por roubos. Profesión: tocar a balalaica polas tabernas.

De pequena estatura, complexión débil. Fígado inflamado (alcol). Causa da morte: ferida de arma branca no corazón (na cervexería “Stop-Signal”, preto da porta Preobrajenskii).

O vello estuda sen descanso o historial de Klim. Non entendo que está a pasar. Rosmou algo, como dicindo que non examinara completamente o cadáver de Chugunkin na sala de anatomía patolóxica. E logo non dá o mesmo de quen sexa a hipófise?

*17 de xaneiro.*

Levo varios días sen escribir nada, tiña a gripe. Durante este tempo o aspecto físico formouse definitivamente:

- a) Constitución física totalmente idéntica á dun home
- b) Peso aproximado: 50 kg.
- c) Estatura: baixa
- d) Cabeza: pequena
- e) Comezou a fumar
- f) Come comida humana
- g) Vístese el só
- h) Mantén unha conversa fluída

O que dá de si a hipófise! (*Borrancho de tinta*).

Con isto remato o historial da enfermidade. Atopámonos perante un organismo novo, e para observalo cómpre partir de cero.

Anexos: estenogramas das conversas, gravacións do fonógrafo e fotografías.

Asinado: o asistente do profesor Filip Filípovich Preobrajenskii,

*Doutor Bormental.*

Era unha tarde de inverno. A finais de xaneiro. Antes do xantar e das visitas. No marco da porta que daba á sala de espera había unha folla de papel branco escrita a man por Filip Filípovich, que dicía:

*Prohibido comer pipas nesta casa*

*F. Preobrajenskii.*

E escrito a lapis con letras azuis gordas coma tortas, da man de Bormental:

*Prohibido tocar instrumentos musicais das 5 da tarde ás 7 da mañá.*

E a continuación, con letra de Zina.

*Cando volva faga o favor de dicirlle a Filip Filípovich que non sei onde foi.*

*Fiódor dixo que marchou con Xvónder.*

E con letra de Preobrajenskii:

*Vou ter que esperar cen anos a que veña o cristaleiro?*

Con letra de Daria Petrovna (en letra de imprenta):

*Zina foi á tenda, dixo que viría con el.*

O comedor xa tiña o aire da noite grazas á lámpada coa pantalla cor cereixa. A luz reflectida nos espellos do aparador bifurcábase en dous, pois os cristais rotos estaban pegados con dúas fitas de papel en diagonal que formaban unha cruz, indo dun extremo ao outro. Filip Filípovich, inclinado enriba da mesa, mergullárase na lectura dunha enorme folla de xornal. No seu rostro acendíanse lóstregos de ira e entre os dentes refungaba palabras entrecortadas, gruñidos a medias. Estaba a ler unha noticia:

*”Non hai dúbida ningunha de que se trata do seu fillo ilexítimo (como adoitaban dicir na podre sociedade burguesa). Velaquí como se divirte a nosa burguesía pseudo-científica! Calquera é capaz de ocupar sete cuartos, pero iso si, mentres non brille sobre a súa cabeza a fulgurante espada da xustiza cos seus raios vermellos.*

*Xv...r”.*

Dúas paredes máis alá, de forma insistente e con arrogante habilidade, alguén tocaba a balalaica, e os sons das sutís variacións de *Brilla a lúa* mesturábanse na cabeza de Filip Filípovich coas palabras da noticia, formando unha papa odiosa. Cando rematou de ler a nota cuspiu secamente por riba do ombreiro e púxose a cantaruxar mecanicamente por entre os beizos:

- Briiiiilla a lúa... briilla a lúa...brilla a lúa... Puaf! Pegóuseme a canción, que noxo de melodía!

Tocou o timbre. A cara de Zina apareceu entre as cortinas da porta.

- Dille que xa son as cinco, que pare. E fai o favor de traelo aquí.

Filip Filípovich estaba sentado nunha butaca, xunta a mesa. Entre os dedos da man esquerda sobresaía a punta marrón dun puro. A carón da cortina, apoiado no marco da porta e coas pernas cruzadas, estaba de pé un home baixiño e de aspecto antipático. Na cabeza o pelo medráballe salvaxe igual ca arbustos nun campo desbravado, e a cara tiña sen barbear, chea de peluxe. A testa impresionaba polo estreita que era. O mesto cepillo que tiña a modo de cabelo comezaba case directamente enriba das cellas, que eran coma dous trazos grosos negros feitos cun pincel.

A chaqueta estaba rachada debaixo da axila esquerda, tiña palla pegada, o pantalón de listas estaba esgazado no xeonllo dereito e tiña unha mancha de pintura lila no esquerdo. No pescozo levaba posta unha gravata azul rechamante cunha agulla de rubís falsos. A cor da gravata era tan rechamante que por momentos, cando Filip Filípovich pechaba os seus derreados ollos, na total escuridade do teito ou da parede vía unha facha ardendo cunha coroa azul. E cando os abría volvía quedar cegado, porque dende o chan, lanzando feixes de luz, saltábanlle aos ollos uns botíns de charón cunhas polainas brancas.

- Como se fose en galochos, -pensou Filip Filípovich cunha sensación desagradable, salaiou, resollou e intentou volver reavivar o seu apagado puro. O individuo da porta ollaba ao profesor coa mirada turbia e fumaba un cigarro, mentres a cinsa lle caía pola peiteira.

O reloxo de parede que estaba a carón dunha perdiz de madeira deu as cinco. Algo seguía aínda a xemer no interior do reloxo cando Filip Filípovich comezou a conversa.

- Se non me engano xa lle pedín dúas veces que non durmisse enriba do tallo da cociña, e aínda menos de día, non si?

O individuo soltou un tusido rouco, como se se atragoase cun óso, e respondeu:

- O aire da cociña é máis agradable.

Tiña unha voz singular, xorda pero asemade resoante, como se saíse dun cántaro.

Filip Filípovich abaneou a cabeza e preguntou:

- De onde saíu esa trapallada? Refírome á gravata.

O homiño, seguindo coa vista a dirección que sinalaba o dedo do profesor, cruzou os ollos máis abaixo dos seus prominentes beizos e mirou para a gravata con gusto.

- Como que “trapallada”? –dixo el-, é unha gravata ben xeitosa. Regalouma Daria Petrovna.

- Pois o que lle regalou Daira Petrovna é unha trangallada. Igual ca eses zapatos. E que iso brillante que leva? De onde o sacou? Eu que lle dixen? Que mercase uns zapatos de-cen-tes! E isto que é? É posible que o doutor Bormental elixise uns zapatos así?

- Eu pedinlle que mos mercase de charón. E logo que pasa, seica son menos cós outros? Vaia botar unha ollada á avenida Kuznétskaia, todo o mundo leva zapatos de charón.

Filip Filípovich abaneou a cabeza e dixo seriamente:

Acabouse o de durmir enriba do tallo da cociña. Queda claro? Pero que descaro é ese?! Vostede está a molestar. Ademais alí hai mulleres.

A cara do individuo escureceuse e os seus beizos retorcéronse nun grotesco xesto.

- Mulleres?! E que máis dá que haxa mulleres? Xa ve que mulleres son, nin que fosen damas! Son criadas normais, pero teñen uns aires que calquera diría que son mulleres de comisarios! Ademais a Zinka esa non para de rexoubar.

Filip Filípovich mirouno severamente:

- Non se atreva a chamarlle Zinka a Zina! Quedoulle claro?

Silencio.

- Estoulle a preguntar se lle quedou claro...

- Quedoume.

- E quita esa trangallada do pescozo. Faga... fai... faga o favor de mirarse no espello, pero mire que parece! Parece un pallaso da rúa! E pídolle por enésima vez que non bote as cabichas ao chan. Que non volva oír máis nesta casa unha blasfemia. Non cuspa, velaí ten a cuspidreira. E cando vaia ao váter utilíceo como Deus manda. Deixe de marearlle a cabeza a Zina, queixouse de que mesmo de noite está a axexala na escuridade. A ver se lle queda claro todo isto! Quen lle respondeu a un paciente: “Quen carallo sabe?” Pero vostede que pensa, que está na taberna ou que?

- Non sei, papá, pero dáme a impresión de que hoxe se está poñendo moi duro comigo –dixo de súpeto laión o individuo-.

Filip Filípovich púxose rubio, das lentes como que lle saíron faíscas.

- Quen é seu pai aquí? Pero que confianza son esas? Que non volva oír esa palabra! A min vostede chámeme co meu nome e patronímico!

No rostro do individuo acendeuse unha expresión de insolencia.

- Pero que lle pasa... que se non cuspa, que se non fume... que se non vaia por alí... Pero isto que é? Nin que estivésemos nun tranvía! Por que non me deixa vivir en paz? E polo de 'papá' tampouco non é para tanto, a ver... Seica eu lle pedín que me operase? –o home ladraba indignado-, pois si que está ben o conto! Enganchan un animal por aí, ábrenlle a cabeza cun coitelo e agora me veñen con lérias. E logo eu dei a miña autorización para a operación? E o mesmo (o individuo ergueu a mirada cara ao teito, como se tentase lembrar unha fórmula) digo dos meus familiares, seica eles deron a autorización? Se cadra aínda o podo denunciar!

Os ollos de Filip Filípovich abríronse coma pratos, nin daba termado o puro entre os dedos. “Que elemento!” –pasoulle pola cabeza-.

- Como?! –dixo Filip Filípovich entornando os ollos-. O señor agora resulta que non está satisfeito de que o convertesen nunha persoa? Ah, vostede se cadra prefería seguir a remexer no lixo? Seguir a pasar frío polos portais? Ai, de telo sabido...!

- Por que ten que reprocharme seguido o do lixo? Gañar gañaba o meu pan de cada día! E se morrese na operación que? Que me di a iso, camarada?

- “Filip Filípovich”! –exclamou irritado Filip Filípovich-. Eu non son o seu camarada! Isto é monstruoso! “Un pesadelo... un pesadelo, iso é o que é!” –pensou para el-.

- Ah, si, e logo! Como non... -dixo retranqueiro o individuo e adiantou un pé cun aire triunfal-, xa o entendo. Como imos ser camaradas...! Camaradas de que!? Non estudamos en universidades, non vivimos en casas de quince cuartos con baño! Só que xa vai sendo hora de que todo isto cambie. Agora toda persoa ten os seus dereitos...

Filip Filípovich, cada vez máis pálido, escoitaba os razoamentos do individuo. Este interrompeu o seu discurso e dirixiuse ostentosamente cara ao cinseiro co pito adentado entre os dedos. Camiñaba sen graza ningunha, con movementos soltos. Pasou un bo anaco esmagando a cabicha no cinseiro, cunha expresión que dicía claramente: “Toma! Toma!” Despois de apagar o cigarro chascou os dentes e afundiou o nariz no sobaco.

- Os carrachos arríncanse cos dedos! Cos dedos! –berrou furioso Filip Filípovich-; é que non o entendo: onde os colle?!

- E logo que cre, que me dedico a crialos ou que? –ofendeuse o individuo-. Vese que lles gusta aos carrachos. Nese momento fochicou polo forro das mangas e sacou un anaco de lixeira guata amarela.

Filip Filíovich dirixiu a súa mirada cara ás grilandas do teito e comezou a bater cos dedos na mesa. O homiño executou ao carracho e acto seguido apartouse e sentou nunha cadeira. Foi baixando as mans ao longo das lapelas da chaqueta ata deixalas penduradas delas. Percorreu cos seus ollos a madeira do parque. Observaba os seus zapatos, o cal lle proporcionaba unha gran satisfacción. Filip Filípovich mirou para o cegador escintileo das puntas chatas dos zapatos, entornou os ollos e dixo:

- De que outro asunto me quería falar?

- Como que de que asunto?! Pois o asunto é ben sinxelo. Preciso un documento, Filip Filípovich.

Filip Filípovich quedou desconcertado.

- Hm... Carallo...! Un documento! En realidade... Hm... Si, se cadra nos podemos amañar sen el... -a súa voz soaba insegura e triste-.

- Permítame, -respondeu con seguridade o individuo-, que é iso de andar por aí sen documentos? Desculpe, pero eu por aí xa non paso. Vostede mesmo sabe que a unha persoa sen documentos lle está rigorosamente prohibido existir. En primeiro lugar, o comité do edificio...

- Que ten que ver aquí o comité do edificio?

- Como que que ten que ver? Se resulta que me atopan e me preguntan: “e ti, estimado cidadán, cando tes pensado empadroarte?”

- Ai meu Deus! –exclamou desconsolado Filip Filípovich-, “atópano, preguntanlle...” Xa imaxino o que lles debe de contar! Pero non quedou claro que lle prohibín roldar polas escaleiras!?

- E logo eu que son, un preso? –abraiouse o individuo, e a súa certeza de levar razón fixo que brillase mesmo o rubí da súa gravata-. Que é iso de “roldar”?! As súas palabras resultan bastante ofensivas! Eu vou onde me peta, coma todo o mundo.

Mentres dicía isto fregaba os seus zapatos de charón contra o parque.

Filip Filípovich calou e apartou a vista. “A ver, sexa como sexa teño que controlarme”, -pensou-. Foi xunta o aparador e dun grolo baleirou un vaso de auga.

- Perfecto, -dixo máis acougado- non lle deamos maior importancia ás palabras. Daquela que é o que di o seu bendito comité?



- E logo que vai dicir? E non ten por que insultalo dicindo o de “bendito”.  
Defende os nosos intereses.

- Os intereses de quen, se podo saber?

- De quen vai ser? Da clase traballadora.

Filip Filípovich saíronselle os ollos das órbitas.

- E iso de que vostede é un traballador?

- Home, e logo que se non? Non teño negocio ningún.

- Moi ben, deixémolo. E que é o que quere facer o comité en defensa dos seus intereses revolucionarios?

- Sábeo perfectamente: empadroarme. Din que a ver onde se viu iso de vivir en Moscova sen estar empadroado. Iso por unha banda, pero o máis importante é a tarxeta de rexistro. Non teño intención ningunha de ser un desertor. E ademais está o do sindicato, a oficina de colocación...

- E permítame saber con que documento o vou empadroar? Con este mantel ou co meu pasaporte? A ver, non podemos deixar de ter en conta a situación! Non se esqueza de que vostede é... eh... mmh... vostede, por dicilo dalgún xeito, é unha criatura aparecida así inesperadamente, unha criatura de laboratorio... -Filip Filípovich falaba cada vez con menos seguridade-.

O individuo calaba, vitorioso.

- Perfecto. Daquela, a fin de contas, o que fai falla para empadroalo e arranxar todo segundo o seu comité do edificio? Pero non ve que non ten nin nome nin apelido?!

- Aí está a ser inxusto. O nome podo escollelo con todo o tempo do mundo, poño un anuncio no xornal e xa está!

- E ao señor como lle gustaría chamarse?

O home arranxou a gravata e dixo:

- Polígraf Poligráfovich.

- Non faga o parvo, -replicou serio Filip Filípovich-, estou a falarlle en serio.

Unha gargallada velenosa retorceu o bigote do individuo.

- A ver, aquí hai algo que non entendo -dixo o home alegremente e con sensatez- : Eu non podo dicir pecados, non podo cuspir, pero de vostede non oio outra cousa que “parvo, parvo”. Polo que se ve, na República Socialista Federal de Rusia só poden insultar os profesores.

A Filip Filípovich subiulle o sangue á cabeza. Cando intentaba encher un vaso de auga este caeulle e rompeu. Despois de coller outro e beber pensou: “dentro de nada

ha de empezar a dar leccións, e terá toda a razón do mundo. Xa non son quen de dominarme”.

Sentado na cadeira como estaba, inclinou o corpo con esaxerada amabilidade e cunha firmeza de ferro dixo:

- Des-cul-pe-. Teño os nervios desfeitos. É que o seu nome me pareceu estraño. De onde sacou un nome así? Interesaríame sabelo.

- Deume consello o comité do edificio. Estivemos a buscar no calendario, preguntáronme cal me gustaba e eu elixín.

- En ningún calendario pode haber algo semellante.

- Pois daquela é ben curioso –sorriu o home-, porque vostede o ten pendurado na súa consulta.

Sen levantarse, Filip Filípovich inclinouse para premer o botón da parede e despois de que soase o timbre presentouse Zina.

- O calendario da sala de observación.

Pasou un anaco. Cando Zina volveu co calendario Filip Filípovich preguntou:

- Onde?

- É o santo do catro de marzo.

- Amósemo... Hmm.. car... Tire con isto ao lume, Zina, decontado!

Zina, cos ollos abertos como pratos co susto, saíu co calendario, e o individuo abaneou a cabeza cun aire de reproche.

- Pódeme facer saber cal é o seu apelido?

- En canto ao apelido estou de acordo con ter o que me corresponde por herdanza.

- Como? Por herdanza? Cal?

- Xárikov.

O presidente do comité do edificio, Xvónder, estaba de pé diante da mesa do despacho, coa súa chaqueta de coiro. O doutor Bormental estaba sentado nunha butaca, e nas meixelas deste, rubias pola friaxe (acababa de volver da rúa) había a mesma expresión de desconcerto que nas de Filip Filípovich.

- Daquela que escribo? –preguntou el con impaciencia-.

- Pois a ver, -dixo Xvónder-, o asunto tampouco non lle é tan complicado: Expida un certificado, cidadán profesor. Diga que tal e tal, o portador deste certificado é

realmente o cidadán Xárikov Polígraf Poligráfovich, hmm, nado na súa... pois iso, na súa casa...

Bormental, atónito, removeuse na butaca, e a Filip Filípovich tremeulle o bigote.

- Hmm... pero que car...! Non se me ocorre nada máis estúpido ca isto. Nacer non naceu, nin moito menos, senón que simplemente...a ver... nunha palabra...

- Iso xa é cousa súa –dixo Xvónder impasible e con malicia-, o de se naceu ou non... A fin de contas é vostede quen fixo o experimento, profesor! Vostede é quen creou ao cidadán Xárikov!

- Máis claro auga, -ladrou Xárikov dende onde estaba, xunta á librería-, e botoulle unha ollada á súa gravata, reflectida nas profundidades do espello.

- Estaríalle moi agradecido –dixo Filip Filípovich amosando os dentes- se non se metese na conversa! Non vexo por que di o de que “máis claro auga”: isto de claro non ten nada!

- Como que non me meta! –resoou a voz ofendida de Xárikov, e inmediatamente Xvónder apoiouno-.

- Desculpe, profesor, o cidadán Xárikov ten toda a razón do mundo. Ten o dereito de participar nunha discusión sobre o seu propio destino, sobre todo cando o asunto é relativo a documentos. Un documento é a cousa máis importante do mundo.

Nese intre un timbrazo enxordecador interrompeu a conversa. Filip Filípovich contestou ao teléfono cun “Si!”, púxose rubio e berrou:

- Faga o favor de non molestarme con parvadas! Que lle importa isto a vostede? –e pendurou o auricular con todas as súas forzas-.

Unha ledicia celestial estendeuse pola cara de Xvónder.

Filip Filípovich, poñéndose violeta, berrou:

- Rematemos dunha vez.

Arrincou unha folla do caderno, escribiu unhas cantas frases e despois as leu en alto, con voz irritada:

- “O abaixo asinante certifica...” calquera sabe que é todo isto... Hmm... “que o portador deste documento, un individuo obtido por medio dun experimento de laboratorio como resultado dunha intervención no cerebro, precisa documentación...” Arre demo! Pero se ademais eu estou totalmente en contra de que obteña estes documentos tan estúpidos...! Asinado: “profesor Preobrajenskii”.

- Pois si que é raro, profesor –dixo Xvónder ofendido-, como pode dicir iso de que uns documentos son estúpidos!? Eu non podoo consentir que neste edificio haxa un

inquilino indocumentado, e aínda menos sen un documento. E se estoupase a guerra coas hordas imperialistas?

- Eu non penso ir á guerra ningunha, -ladrou Xárikov sombrizo dende a librería.

Xvónder quedou estupefacto, pero repúxose rápido e díxolle amablemente a Xárikov:

- Vostede, cidadán Xárikov, está a falar dun xeito sumamente inconsciente. Ten que facer sen falta a tarxeta de rexistro.

- Facer hei de facer a tarxeta, pero de ir á guerra nada! –respondeu Xárikov nun ton hostil, á vez que arranxaba o nó da gravata.

Agora tocoulle a Xvónder quedar atónito. Preobrajenskii intercambiou con Bormental unha mirada triste e furiosa: “Que lle parece a moral deste, eh?!” Bormental asentiu significativamente coa cabeza.

- Na operación quedei gravemente ferido, -ouveou sombrío Xárikov-. Mire como me deixaron, -e sinalou a súa cabeza: unha cicatriz aínda moi fresca atravesáballe a testa-.

- Vostede logo que é, un anarquista individualista? –preguntou Xvónder levantando a sobrecella-.

- Teño dereito a que me declaren incapacitado laboralmente, -replicou Xárikov-.

- Está ben, de momento iso non é importante –respondeu o abraiado Xvónder-. A cuestión agora é enviarnos o certificado do profesor á policía e que alí lle expidan un documento de identidade.

- Mire vostede, eh... -de súpeto Filip Filípovich interrompeuno, visiblemente preocupado por un pensamento-. Vostede non terá un cuarto libre no edificio? Estou disposto a mercarullo.

Nos ollos castaños de Xvónder brillaron unhas faíscas douradas.

- Non, profesor, láméntoo moitísimo pero non temos. E tampouco hai traza de que o vaia haber proximamente.

Filip Filípovich apertou os beizos e non dixo nada. Unha vez máis o teléfono abouxou dun xeito enxordecador. Sen responder, Filip Filípovich descolgou o auricular e tirou con el, de xeito que este deu varias voltas no aire, ata que ao cabo quedou pendurado do cable azul. Todos quedaron estremecidos. “O vello ten os nervios esnaquizados” –pensou Bormental, e Xvónder, cos ollos escintilantes, despediuse cunha reverencia e marchou-.

Xárikov seguiu, facendo renxer os zapatos á medida que camiñaba.

O profesor quedou só con Bormental. Despois de quedaren un anaco en silencio, Filip Filípovich abaneou lenemente a cabeza e dixo:

- Isto é un pesadelo, palabra de honor que é un pesadelo. Vostede decátase? Xúrollo, doutor, o que levo sufrido nestas dúas semanas non o sufrín nos últimos quince anos! Que elemento!

Oíuse un ruído afastado de cristais rotos, o chío xordo dunha muller e xusto despois se fixo silencio. Unha forza descoñecida foi chocando contra as paredes do corredor en dirección á sala de consulta, alí oíuse outro estrondo e decontado marchou de volta voando. Bateron as portas e na cociña sentiuse o berro rouco de Daria Petrovna. Despois Xárikov comezou a ouvear.

- Meu Deus! Agora que pasa?! –berrou Filip Filípovich, lanzándose cara á porta-

- Un gato! –imaxinou Bormental e dun chimpo saíu correndo detrás do profesor-. Foron correndo a fume de carozo polo corredor ata que chegaron ao recibidor, e alí dobraron cara ao corredor do cuarto de baño-. De súpeto saíu Zina da cociña e chocou contra Filip Filípovich.

- Cantas veces teño dito que non deixedes entrar gatos nesta casa! –berrou Filip Filípovich furioso-. Onde está? Iván Arnóldovich, polo amor de Deus, tranquilice aos pacientes que están na sala de espera!

- No baño, o condenado este do demo está no baño! –berrou Zina, acorando-

Filip Filípovich cargou contra a porta do baño, pero a porta non cedía.

- Abra decontado!

Como resposta, dende dentro do baño pechado oíuse algo que choutaba polas paredes, oíanse almofías que se esboroaban, e a salvaxe voz de Xárikov que abouxaba detrás da porta:

- Voute matar agora mesmo!

Oíuse entón como a auga comezou a correr polos canos e a saír a chorros. Filip Filípovich apoiouse contra a porta e empezou a darlle golpes. Daria Petrovna, coa cara desencaxada e toda suada polo vapor da cociña, apareceu no limiar da cociña. Entón, na ventaíña que se atopaba xusto debaixo do teito e que comunicaba a cociña co baño, fíxose unha fenda: desprendéronse dous anacos de cristal e acto seguido apareceu un gato enorme de raias, coma un tigre, que levaba unha fita azul no pescozo, semellante á dun policía. Caeu directamente enriba da mesa, sobre unha longa fonte que fendeu en dous, da fonte saltou ao chan, mantívose un intre en equilibrio sobre tres patas mentres

abaneaba a cuarta, como se fose un número de danza, e entón esfumouse por unha estreita rañura que daba á escaleira de servizo. A rañura fíxose máis grande e onde había un micho agora había unha velliña cun pano na cabeza. Unha saia con lunares brancos entrou na cociña. A vella pasou pola súa boca sen dentes o seu escachapiollos e mais o seu furabolos, e entón, despois de examinar a cociña cos seus olliños inchados e punzantes, exclamou con curiosidade:

- Ai, Xesús, meu Deus!

- Filip Filípovich, pálido, atravesou a cociña e preguntoulle á vella nun ton ameazante:

- E vostede que quere?

- Tiña curiosidade de botarlle unha ollada ao can que fala... -respondeu a vella cun ton servizal e persignouse.

Filip Filípovich palideceu aínda máis, achegouse onda a vella case ata tocala e murmuroulle cunha voz abafante:

- Lisque inmediatamente desta cociña.

A velliña recuou cara á porta e dixo ofendida:

- Non ten por que ser tan insolente, señor profesor!

- Díxenlle que liscase! –repetiu Filil Filípovich, e os ollos abríronselle ata lle quedaren redondos coma os dunha curuxa. Despois de que a vella saíse el mesmo pechou a porta dun golpe.

- Daria Petrovna, non lle dixera que...?!

- Filip Filípovich, -respondeu desesperada Daria Petrovna, apertando os puños- que quere que lle faga eu...! A xente vén en procesión todos os días, ás veces éntranme ganas de coller e deixalo todo...!

No baño a auga seguía abouxando, facendo un ruído xordo e ameazador, pero xa non se oía voz ningunha. Entón entrou o doutor Bormental.

- Iván Arnóldovich, préggollo encarecidamente... hm... cantos pacientes hai?

- Once, -contestou Bormental-.

- Mándeos a todos de volta para casa, hoxe non vou visitar a ninguén!

Filip Filípovich petou cos cotenos na porta do baño e berrou:

- Faga o favor de saír inmediatamente! Por que se pechou dentro!?

- Hu, hu! –respondeu a voz de Xárikov, queixosa e apagada-.

- Ao carallo...! Non oio nada! Peche a auga!

- Guau! Auuu!

- Pero peche a auga dunha vez! Non entendo que fixo dentro! –berrou frenético Filip Filípovich-.

Zina e Daria abriron a porta da cociña e dende alí observaban. Filip Filípovich volveu golpear a porta cos puños, facendo un gran estrondo.

- Aí está! –berrou Daria Petrovna dende a cociña!-.

Filip Filípovich foi correndo á cociña. Na ventáña rota que estaba debaixo do teito apareceu a cara de Polígraf Poligráfovich, e debuzouse por ela; tiña a cara desfigurada, cos ollos chorosos, e unha rabuñada que lle cruzaba o nariz e lle brillaba con sangue fresco.

- Vostede toleou ou que? –preguntou Filip Filípovich-, por que non sae?

Xárikov, angustiado e con cara de terror, botou unha ollada detrás del e respondeu:

- Quedei pechado dentro!

- Quite o ferrollo! Que pasa, que nunca viu un ferrollo?

- É que non se abre, o condenado! –respondeu Xárikov asustado-.

- Ai meu Deus! Seguro que puxo o seguro! –berrou Zina e bateu as mans-.

- Hai como un botonciño! –berraba Filip Filípovich, intentando falar máis forte có ruído da auga-. Ten que premelo para abaixo! Para abaixo!

- Xárikov desapareceu e un anaco despois volveu aparecer na ventáña.

- Non se ve nada, -ladrou con terror pola ventáña-.

- Daquela acenda a luz! Este toleou!

- O raio de micho ese rompeu a lámpada, -respondeu Xárikov- e eu intentei enganchalo polas patas, aí o condenado! A billa soltouse e agora non a dou atopado.

Os tres bateron as mans atónitos e quedaron petrificados nesta postura.

Uns cinco minutos despois Bormental, Zina e mais Daria estaban sentadiños un a carón do outro enriba dunha alfombra mollada enrolada contra o pé da porta, facendo forza cos seus traseiros para tapar a regaña entre a porta e o chan, á vez que Fiódor, o porteiro, coa candeia nupcial de Daria Petrovna acesa, gabeaba cara á ventáña por unha escada de madeira. O seu traseiro de grandes cadros grises resplandeceu no aire e despois desapareceu polo furado.

- Hu... hu... hu! –chiaba Xárikov por riba do estrondo da auga-.

Oíuse a voz de Fiódor:

- Filip Filípovich, de todos os xeitos hai que abrir, que saia a auga, xa a recolleremos na cociña!

- Abra! –berrou enfadado Filip Filípovich-.

Os tres que estaban enriba da alfombra levantáronse, abriron a porta do baño dun empurrón e un torrente de auga alagou o corredor; entón o torrente dividiuse en tres brazos: un deles foi recto, cara ao outro váter, outro á dereita, cara á cociña, e o terceiro á esquerda, cara ao recibidor. Batuxando e dando choutos, Zina pechou a porta do recibidor. Coa auga chegándolle aos nocellos, Fiódor saíu, e por algún motivo estaba sorrindo. Estaba totalmente enchoupado, semellaba que estaba vestido de hule.

- Custoume moito pechala, a presión era enorme –aclarou-.

- Onde vai ese? –preguntou Filip Filípovich, á vez que levantaba un pé e xuraba-

- Ten medo de saír, -explicou Fiódor cun sorriso estúpido-.

- Vaime zoscar, papá? –oíuse dende o baño a voz chorosa de Xárikov-.

- Imbécil! –replicou brevemente Filip Filípovich-.

Zina e Daria Petrovna, coas saias refucidas ata os xeonllos e as pernas núas, así como Xárikov e mais o porteiro, descalzos e cos pantalóns remangados, secaban o chan da cociña con trapos mollados que despois escorrían en caldeiros sucios e no vertedoiro. O forno, abandonado, bramaba. Por debaixo da porta a auga pasaba á escaleira, e correndo polo relanzo seguía bruando escaleiras abaixo ata o soto.

Bormental, na punta dos pés sobre unha fonda poza que se formara no parque do recibidor, falaba a través da fenda que deixaba a porta entreaberta, suxeita pola cadea.

- Hoxe non se vai pasar consulta, o profesor está indisposto. Teña a bondade de arredarse da porta, rebentounos un cano.

- E cando vai volver pasar consulta? – chegaba unha voz dende detrás da porta-. É só un minutíño...

- Non pode ser, -Bormental pasou de estar elevado de puntiñas a estalo sobre os talóns-. O profesor está na cama e mais temos un cano rebentado. Volva mañá. Zina, querida! Veña secar por aquí, se non a auga vai chegar á escaleira principal!

- Cos trapos xa non dou secado, están todos enchoupados!

- Daquela imos achicar a auga con caldeiros! –dixo Fiódor- Agora mesmo vou!

O timbre da porta non paraba de soar, e Bormental xa estaba con toda a planta do pé metida na auga.

- Pero cando vai ser a operación? –insistía unha voz, e intentaba coarse pola regaña da porta-.

- É que nos rebentou un cano...



- Pero levo postos galochos...

Detrás da porta apareceron unhas siluetas azuladas.

- Volva mañá, por favor, hoxe non pode ser.

- Pero teño hora...

- Mañá. Tivemos unha catástrofe co cano da auga.

Fiódor, aos pés do profesor, movíase por dentro daquela piscina enchendo caldeiros de auga, mentres que o rabuñado de Xárikov ideara un novo método: enrolara un enorme trapo a modo de rolete, e deitado boca abaixo no chan empurraba a auga do recibidor cara ao baño.

- Pero que raio estás a facer?! Non ves que estás a botar a auga por todo o piso?  
–enfadouse Daria Petrovna- Bótaa no vertedoiro!

- Pero como que no vertedoiro! –respondeu Xárikov mentres remexía aquela auga avolta coas mans- A auga vai chegar á escaleira principal!

Do corredor saíu rechiando un tallo, e enriba del, balanceándose, Filip Filípovich cuns peúgos de raias azuis.

Iván Arnóldovich, deixe de porfiar. Veña ao dormitorio, que lle dou unhas zapatillas.

- Non importa, Filip Filípovich, tanto dá.

- Polo menos poña uns galochos!

- Tanto ten, total xa teño os pés mollados...

- Ai, meu Deus! –exclamou desgustado Filip Filípovich-

- Que mala besta! –dixo de súpeto Xárikov, á vez que saía en crequenias cunha sopeira na man-

Bormental pechou a porta dun golpe, non se deu aguantado e botou a rir. As ventas de Filip Filípovich dilatáronse e nas lentes acendéuselle un brillo.

- A quen se refire? –preguntoulle a Xárik dende o alto- Se é que o podo saber...

- Refírome ao micho. Que cabrón! –respondeu Xárik movendo os ollos dun lado para o outro-

- Sabe vostede unha cousa, Xárikov? –dixo Filip Filípovich collendo folgos de novo- definitivamente nunca vin criatura máis desvergonzada ca vostede.

Bormental soltou unha risiña.

- Vostede –continuou Filip Filípovich- o que pasa é que non ten vergoña! Como se atreve a dicir iso?! Toda esta desfeita é culpa súa e aínda por riba se permite... Non ho! É increíble!

- Xárikov, por favor, dígame –dixo Bormental-, ten pensado seguir perseguindo gatos moito tempo? Vergoña tiña que darlle! Isto é un escándalo! Salvaxe!

- Como que salvaxe?! –respondeu Xárikov sombrío-, eu de salvaxe non teño nada. O que non se pode é aturar a ese micho na casa. Está arreo a buscar algo que ripar. A Daria chapoulle a carne picada, e por iso quería darlle unha lección.

- A vostede é a quen hai que darlle unha lección! –respondeu Filip Filípovich-. Mire nun espello a cara que ten!

- Houbo quitarme un ollo! –replicou con voz lúgubre Xárikov, tocando o ollo coa man mollada e sucia.

Cando o parqué, que ennegrecera pola humidade, secou un pouco todos os espellos quedaron embazados co vapor e os timbres pararon de soar. Filip Filípovich, cunhas zapatillas vermellas de tafílete, estaba de pé no recibidor.

- Velaquí ten, Fiódor, para vostede...

- Agradézollo moito...

- Cámbiese agora mesmo de roupa. Ah, e que Daria Petrovna lle dea unha vodka.

- Agradézollo moito, -Fiódor ao principio titubeou e despois dixo:- Hai outra cousa, Filip Filípovich... Síntoo, dáme reparo dicirlllo, pero é que o cristal do sétimo andar... O cidadán Xárikov estaba a guindar pedras...

- Ao gato? –preguntou Filip Filípovich, volvéndose escuro coma un nubeiro-.

- Non, non, por iso llo digo: ao dono do piso, que xa ameazou con denunciálo.

- Manda carallo...!

- Xárikov púxolle a man enriba á súa cociñeira, e el botouno da casa... Ou sexa, que rifaron...

- Polo amor de Deus, faga o favor de informarme sempre de cousas coma esta. Canto quere que lle dea?

- Un e medio.

Filip Filípovich sacou tres brillantes moedas de medio rublo e deullas a Fiódor.

- Aínda por riba pagarlle un rublo e medio a semellante aduaneiro! –oíuse unha voz xorda na porta-. Pero se el mesmo...!

Filip Filípovich deu media volta, mordeu o beizo, empurrou en silencio a Xárikov ata a sala de espera e pechouno dentro con chave. Dende dentro Xárikov púxose decontado a bourar na porta cos puños.

- Basta! –exclamou Filip Filípovich cunha voz claramente de enfermo-.

- Hai que ver! –sinalou Fiódor con expresividade- Na vida vin alguén tan desvergonzado!

Bormental apareceu de súpeto, como se saíse da terra.

- Filip Filíovich, prégonlle por favor que non se alporice.

O enérxico doutor abriu a porta da sala de espera e dende aí oíuse a súa voz:

- Vostede onde pensa que está? Na taberna?

- Así se fai! –engadiu decidido Fiódor-, así é como ten que tratalo? E cruzarlle a cara cunha boa labazada...!

- Pero que está a dicir, Fiódor –murmurou apesado Filip Filípovich-.

- Perdoe, pero é que vostede me dá mágoa, Filip Filípovich!

7

- Non, non e non! –repetía insistentemente Bormental-. Prégonlle que o poña!

- E logo por que? Que parvada! –rosmou descontento Xárikov-.

- Agradézollo, doutor, -dixo cariñoso Filip Filípovich-, eu xa me fartei de dicirlle o que ten que facer.

- De todos os xeitos non lle vou permitir que coma ata que non o poña. Zina, quítelle a maionesa a Xárik.

- Como que “quítelle”? –desgustouse Xárikov-. Agora mesmo o poño.

Coa man esquerda protexeu o prato das intencións de Zina, e coa dereita meteu o pano de mesa por dentro de colo; parecía o cliente dunha barbería.

- E co garfo, por favor, -engadiu Bormental-.

Xárikov suspirou profundamente e empezou a pescar anacos de esturión dun prebe mesto.

- Eu aínda tomaba outra vodkiña... -dixo en ton interrogativo-.

- Non cre que xa tomou dabondo? –preguntou Bormental-. Ultimamente estase afeccionando demasiado á vodka.

- E logo lle doe gastala? –preguntou Xárikov e mirou para el engurrando o sobrecella-.

- Non diga parvadas... -interveu severo Filip Filípovich, pero Bormental interrompeuno-:

- Non se preocupe, Filip Filípovich, xa me amaño eu só. Vostede, Xárikov, non di máis que parvadas, pero o máis indignante de todo é que as di completamente convencido. Por suposto non me doe darlle vodka, sobre todo porque non é miña, senón de Filip Filípovich. Simplemente é que lle fai dano á súa saúde, iso en primeiro lugar, e segundo que aínda que non beba vodka vostede non sabe comportarse.

Bormental sinalou o aparador cos cristais pegados.

- Zínusha, sírvame un pouco máis de peixe, faga o favor –dixo o profesor-.

- Xárikov nese momento aproveitou para alongar a man cara á xerriña e, botando unha ollada de esguello a Bormental, serviuse unha copa.

- Aos outros tamén hai que ofrecerlles, -dixo Bormental-: primeiro a Filip Filípovich, despois a min e ao cabo sérvese vostede mesmo.

Os beizos de Xárikov amosaron un sorriso sarcástico e case imperceptible. Despois serviu vodka nas copas de todos.

- Mi madriña, canta cerimonia, isto parece unha cea de gala...! -dixo el-: que se pano por aquí, gravata por alá, “perdón”, “por favor”, “*merci*”...pero nada que ver co mundo real. Tortúranse igual ca no réxime zarista.

- E como é o “mundo real”? Tería a bondade de explicarmo?

Xárikov non lle deu resposta ningunha a Filip Filípovich, senón que levantou a copa e dixo:

- Ben, deséxovos a todos que...

- E a vostede tamén, dixo Bormental con certa retranca.

Xárikov baixou dun grolo a copa de vodka, retorceu a cara nun aceno, achegou un anaco de pan ao nariz, cheirouno e a continuación tragouno; os ollos enchéronselle de bágoas.

- O costume –dixo de súpeto Filip Filípovich, como quen se lembra de algo-.

Bormental, abraiado, mirouno de esguello:

- Perdón?

- É o costume, -repetiu Filip Filípovich, á vez que abaneaba a cabeza con amargura-. Aquí xa non hai nada que facer: Klim...!

Bormental fitou intensamente os ollos de Filip Filípovich cun interese extraordinario.

- Vostede cre, Filip Filípovich?

- Non hai nada que crer, estou seguro.

- Será posible...? –empezou Bormental pero detívose despois de mirar de esguello a Xárik. Este engurraba o sobrecella cun aire de sospeita.

- *Später*<sup>8</sup> ... -dixo baixiño Filip Filípovich-.

- *Gut*<sup>9</sup>, respondeu o asistente.

Zina entrou co pavo. Bormental serviulle a Filip Filípovich unha copa de viño tinto e despois ofreceulle a Xárik.

- Non, non quero, prefiro seguir coa vodka. A súa cara empezou a brillar graxenta e na testa apareceulle suor, parecía máis animado. Filip Filípovich tamén parecía ter un aspecto máis benévolo despois do viño; os seus ollos fixéranse máis claros, miraba para Xárik con clemencia, a cabeza negra deste emerxía do pano de mesa igual ca unha mosca na tona do leite.

Bormental, pola súa banda, sentíndose máis forte despois da comida, amosaba ganas de entregarse á actividade.

- Daquela, que imos facer hoxe á tardiña? –preguntoulle a Xárikov-.

Este pestanexou e respondeu:

- Por que non imos ao circo? É o mellor.

- Todos os días ao circo? –sinalou Filip Filípovich moi apraciblemente-. Na miña opinión é bastante aburrido. Eu no seu lugar iría ao teatro, polo menos unha vez.

- Ao teatro non penso ir –respondeu Xárikov hostil e fixo o signo da cruz sobre a boca-.

- Botar arrotos na mesa quítalles o apetito aos demais –dixo mecanicamente Bormental-. Descúlpeme, pero por que non lle gusta o teatro?

Xárikov mirou a través da copa como se fose un prismático, quedou matinando e botou para fóra os beizos.

- É unha parvada tremenda... todo o tempo a falar e a falar... Pura contrarrevolución, iso é o que é!

Filip Filípovich reclinou as costas sobre o respaldo gótico da cadeira e botou a rir a gargalladas de xeito que fixo brillar a dourada estacada dos seus dentes. Bormental limitouse a facer un xesto abaneando a cabeza.

- A verdade é que podía ler algo... -suxeriu-, porque se non, xa sabe...

- Pero se estou a ler seguido...! –contestou Xárikov e de socato, cun movemento rápido e cheo de avidez serviuse medio vaso de vodka-.

---

<sup>8</sup> ‘despois’ (alem.)

<sup>9</sup> ‘ben’ (alem.)

- Zina! –berrou alarmado Filip Filípovich-, leva a vodka, filla, que xa non nos fai falla. E daquela que é o que le?

De súpeto pasoulle unha imaxe pola cabeza: unha illa deserta, unha palmeira e un home vestido cunha pelella de animal e un gorro de durmir. “Habería que darlle Robinson...”

- Isto... como se chama...? A correspondencia de Engels con ese tal... como raio se chama... co Kautskii.

O garfo de Bormental co anaco de carne branca quedou a medio camiño da súa boca, e Filip Filípovich derramou o viño. Xárikov nese intre aproveitou para beber a súa vodka dun grollo.

Filip Filípovich apoiouse cos cúbados enriba da mesa, fitou a Xárikov e preguntou:

Poderíame dicir, se non é moita molestia, que opina en relación ao lido?

Xárikov encolleuse de ombreiros.

- Que non estou de acordo.

- Con quen? Con Engels ou con Kautskii?

- Con ningún dos dous, respondeu Xárikov.

- Esta si que é boa, xúroo! “Quen diga que hai outra...” –cantou-. E vostede pola súa banda que proporía?

- E que quere que propoña eu...? Non paran de escribir e escribir...que se un congreso, que se uns alemáns...ao final pónselle a un a cabeza coma un bombo! O que hai que facer é collelo todo e repartilo...

- Xa me parecía a min! –exclamou Filip Filípovich batendo coa man sobre o mantel-, é que xa o vía vir exactamente así!

- E pensou como facelo? –preguntou interesado Bormental-.

- Como que como? –explicou Xárikov, animado a falar despois da vodka-. A cousa é ben doada. Porque a ver: un vai e vive ocupando sete cuartos, ten corenta pares de pantalóns...mentres que outro anda a dar voltas por aí e a buscar algo de comer entre o lixo.

- Cando di o dos sete cuartos, obviamente está a referirse a min, non si? –preguntou Filip Filípovich con orgullo á vez que entornaba os ollos-.

Xárikov encolleuse e calou.

- Pois moi ben, eu non estou en contra do reparto. Doutor, cantas persoas mandamos onte para a casa sen atender?

- Trinta e nove, -respondeu axiña Bormental-.

- Hm... Trescentos noventa rublos. Daquela repartamos a perda entre tres homes. Ás mulleres, Zina e Daria Petrovna, non as imos ter en conta. A vostede, Xárikov, tócalle pagar cento trinta rublos, fágame o favor de pagarmos.

- Estámosche bos! -respondeu Xárikov asustado- e logo por que?

- Pola billa e mais polo gato! – bradou de súpeto Filip Filípovich, saíndo do seu estado de irónica calma.

- Filip Filípovich! –exclamou alarmado Bormental-.

- Espere! Pola desfeita que fixeches, pola que tiven que suspender as visitas! Isto non hai quen o ature! Un individuo que se dedica a choutar coma un salvaxe por toda a casa e a arrincar as billas...! Quen lle matou o gato a madama Pollasúgher? Quen...?

- Hai tres días trabou a unha dama na escaleira! –engadiu Bormental.

- Vostede atópase... -berrou Filip Filípovich-.

- Pero ela zoupárame no fociño! –berrou Xárikov con voz de asubío- o meu fociño é propiedade privada!

- Porque vostede a beliscara nun peito! –berrou Bormental tirando unha copa-. Vostede atópase...!

- Vostede atópase no nivel máis baixo de desenvolvemento! –berrou Filip Filípovich por riba de Bormental-. Vostede aínda se está a formar, non é máis ca unha criatura débil no aspecto intelectual, a totalidade dos seus actos son puramente animais, pero aínda así se permite, con toda a tranquilidade do mundo e diante de dúas persoas con formación universitaria, dar consellos de dimensións cósmicas e dicir toda clase de parvadas cósmicas sobre como hai que repartilo todo...e todo iso despois de chapar a pasta de dentes...!

- Antonte, -confirmou Bormental-.

- Pois ben, -bradaba Filip Filípovich-, meta ben isto na cabeza...por certo, como é que sacou do nariz a pomada de cinc? Vostede ten que estar calado e facer caso ao que lle digan! Ten que aprender e procurar ser, polo menos, un membro minimamente aceptable da sociedade socialista! Por certo, quen foi o miserable que lle deixou ese libro?

- Para vostede todo o mundo é un miserable –respondeu Xárikov asustado, atordado polo dobre ataque-.

- Xa podo imaxinalo! –exclamou Filip Filípovich, poñéndose vermello da rabia-.

- Ben, e que...?! Pois si, deumo Xvónder. E non é ningún miserable. Deumo para que me desenvolva.

- Xa vexo eu como se está a desenvolver despois de ler a Kautskii! –berrou Filip Filípovich con voz aguda e poñéndose amarelo-. Entón premeu con furia o botón da parede. O episodio de hoxe non o puido deixar máis claro! Zina!

- Zina! –berrou Bormental-.

- Zina! –bradou Xárikov, asustado-.

Zina chegou correndo, pálida.

- Zina! Na sala de espera... Está na sala de espera?

- Aí está, -respondeu submiso Xárikov- é verde coma un ciprés.

- Un libro verde...

- Agora van queimalo! –exclamou desesperado Xárikov-, é propiedade do Estado, da biblioteca!

- Chámase *Correspondencia*... entre... como se chamaba...? Engels e outro desgraciado... Ao lume!

Zina deu a volta e marchou voando.

- A este Xvónder eu pendurábao, palabra de honor que o facía, da primeira póla que atopase... -exclamou Filip Filípovich, chantando os dentes con furia nunha á de pavo...- Tremendo porco se nos instalou na casa! Igual ca un furúnculo... Non lle chegaba con escribir todos eses panfletos disparatados no xornal que...

Con malicia e ironía, Xárikov empezou a mirar de esguello para o profesor. Filip Filípovich pola súa banda devolveulle a mirada fugaz e calou.

“Aí, paréceme a min que non lle vexo traza a que nada saia ben nesta casa” – pensou decontado Bormental, coma un profeta-.

Zina entrou e, enriba dunha bandexa redonda, trouxo unha cafeteira e mais un bolo dourado por un lado e rosado polo outro.

- Eu non penso comelo, -dixo de súpeto Xárikov, ameazante e hostil.

- Tampouco non llo pide ninguén. Compórtese como Deus manda! Doutor, sírvase, por favor.

A cea rematou en silencio.

Xárik sacou do peto un cigarro engurrado e púxose a fumar. Despois de tomar o café, Filip Filípovich mirou para o reloxo, premeu nun resorte e delicadamente soaron as oito e cuarto. Como de costume, Filip Filípovich reclinou a cabeza sobre o respaldo gótico e estendeu a man para coller os xornais de enriba da mesa.



- Doutor, faga o favor de ir con el ao circo. Pero, polo amor de Deus, asegúrase de que no programa non aparecen gatos.

- E como quere que deixen entrar no circo a alguén tan fedorento? –sinalou Xárikov, sombrío, á vez que abaneaba a cabeza-.

- Pois no circo deixan entrar de todo, -dixo Filip Filípovich con retranca-. Que teñen no programa?

No Solomskii –comezou a ler Bormental- fan os catro... Iussems e o home do punto morto...”

- Que é iso dos “Iussems”? –preguntou Filip Filípovich con receo-.

- Calquera sabe, é a primeira vez que vexo este nome.

- Ben, daquela é mellor que vexa que fan no Nikitin. É imprescindible que todo estea claro.

- No Nikitin...no Nikitin... hm... elefantes e o límite da habilidade humana.

- Ben. Que me di dos elefantes, querido Xárikov? –preguntoulle Filip Filípovich a Xárikov con desconfianza-.

Este ofendeuse.

- Pensa que son parvo ou que? Un gato é outra cousa, os elefantes son animais útiles, -respondeu Xárikov-.

- Perfecto. Pois como son útiles veña, vaian miralos. Pero obedeza a Iván Arnóldovich, e nada de poñerse de leria na cafetería. Iván Arnóldovich, prégolle que non convide a Xárik a cervexa.

Dez minutos máis tarde, Iván Arnóldovich e Xárikov, vestido cunha gorra con viseira e un abrigo de pano co colo levantado, foron ao circo. No piso fíxose silencio. Filip Filípovich estaba no despacho. Acendeu a lámpada que tiña unha pesada pantalla verde, e entón o ambiente no enorme despacho encheuse de acougo; comezou a camiñar arriba e abaixo polo cuarto. Durante un bo anaco a punta do cigarro quedou brillando, quente, cun lume verde pálido. O profesor meteu as mans no peto, mentres un profundo matinar atormentaba a súa testa de sabio con entradas. Chascaba os beizos e cantaruxaba por entre os dentes “Á ribeira sagrada do Nilo...” e rosmaba palabras incomprensibles.

Ao cabo pousou o cigarro no cinseiro, achegouse a unha das vitrinas cubertas enteiras por cristais, e iluminou todo o despacho coas potentes luces do teito. Filip Filípovich colleu do terceiro andel da vitrina un frasco alongado e, con xesto concentrado, púxose a examinalo á luz das lámpadas. Nun líquido transparente e mesto

aboiaba, sen chegar a tocar o fondo, unha boliña branca, extraída das profundidades do cerebro de Xárik. Encollendo os ombreiros, retorcendo os beizos e moumeando algo, Filip Filípovich devorábaa cos ollos, como se naquela boliña que non se afundía quixese albiscar a causa dos prodixiosos acontecementos que trastornaran a vida na súa casa da rúa Prechístenka.

É moi posible que o eminente científico a descubrise. Polo menos, unha vez se fartou de observar a hipófise do cerebro gardou o frasco no armario, pechouno con chave, gardou a chave no peto do chaleco e, afundindo a cabeza entre os ombreiros e coas mans profundamente metidas nos petos da chaqueta, estomballouse na butaca de coiro. Fumou outro cigarro moi devagar, mastigando a punta ata deixala esmagada e, en total soidade e tinxido de verde por aquela luz, coma un Fausto con canas, finalmente exclamou:

- Meu Deus, parece que ao cabo o vou facer!

Ninguén lle respondeu. No piso esvaecéronse todos os ruídos. Ás once da noite, como é sabido, na pasaxe Óbughov detense o tránsito. Moi de cando en vez se oían por detrás das cortinas os pasos afastados dalgún viandante retrasado, que repicaban e despois se apagaban. No despacho soaba a lene melodía do reloxo de Filip Filípovich, dende dentro do peto, por debaixo dos seus dedos. O profesor agardaba impacientemente que o doutor Bormental e mais Xárikov volvesen do circo.

8

Ninguén sabe que se decidira a facer Filip Filípovich aquela noite. No transcurso da semana seguinte non tomou ningunha medida particular e, se cadra por mor desa mesma inactividade, a vida na súa casa encheuse de acontecementos.

Uns seis días despois do incidente co gato e a auga, Xárikov recibiu a visita daquel mozo do comité do edificio que resultara ser unha muller, e este entregoulle uns documentos que Xárikov axiña meteu no peto da chaqueta; xusto despois Xárikov chamou ao doutor Bormental.

- Bormental!

- Cando se dirixa a min faga o favor de chamarme co meu nome completo, Iván Arnóldovich! –dixo Bormental á vez que lle cambiaba a cara-.

Cómpre sinalar que naqueles seis días o cirurxián amañárase para rifar oito veces co seu alumno, e o ambiente na casa da pasaxe Óbughov estaba cargado.

- Ben, pois daquela chámeme tamén a min co meu nome completo, -respondeu Xárikov con todo fundamento-.

- Non! –abouxeu na porta Filip Filípovich-, non permitirei que na miña casa ninguén o chame cun nome e patronímico como os seus. Se o que quere é que deixemos de chamalo familiarmente “Xárikov” daquela o doutor Bormental e mais eu chamarémolo “señor Xárikov”.

- Eu non son ningún señor, os señores están en París! –ladrou Xárikov-.

- Isto é obra de Xvónder! –berrou Filip Filípovich-. Ben, xa arranxarei contas eu con ese miserable! Mentres eu viva na miña casa aquí non vai haber outra cousa que señores e señoras! No caso contrario un dos dous, ou vostede ou eu, terá que marchar de aquí, e o máis probable é que sexa vostede! Hoxe mesmo vou poñer un anuncio no xornal, e pode estar seguro de que hei de atoparlle un cuarto!

- Si ho! Como se eu fose tan parvo para marchar de aquí! –respondeu contundente Xárikov -.

- Como?! –preguntou Filip Filípovich, e a cara cambioulle ata tal punto que Bormental foi onda el dun chimpó e, nervioso pero con suavidade, termou del pola manga-.

- Estase pasando de insolente, *monsieur* Xárikov! –Bormental levantou moito a voz-. Xárikov recuou, sacou do peto tres papeis, un verde, un amarelo e outro branco e, cravando os dedos neles, dixo:

- Velaquí o ten: son membro da comunidade de veciños, e correspóndeme unha superficie de dezaseis *arxíns* cadrados, concretamente no piso número cinco, en casa do alugueiro responsable Preobrajenskii. -Xárikov quedou pensativo e engadiu unha palabra que Bormental automaticamente clasificou como nova-: teña a bondade.

Filip Filípovich mordeu os beizos e rosmou imprudentemente:

- Xuro que a este Xvónder ao final lle hei de pegar un tiro.

Xárikov escoitou estas palabras coa máxima atención e interese, como puxeron de manifesto os seus ollos.

- Filip Filípovich, *vorsichtig*<sup>10</sup> ... -advertiuno Bormental-.

---

<sup>10</sup> ‘Coidado’ (alem.)

- Pois xa ve... Se andamos con estas infamias...! –berrou Filip Filípovich en ruso-. Teña en conta, Xárikov, señor, que eu, como se volva a permitir outra saída impertinente das súas déixoo sen cear e sen dereito a comida ningunha na miña casa. O dos dezaseis *arxíns* paréceme estupendo, pero como poderá imaxinar o papeliño ese cor de ra non me obriga a alimentalo.

Nese momento Xárikov asustouse e abriu a boca.

- Eu non podo quedar sen comer, -murmurou-. De que vou vivir?

- Daquela compórtese como Deus manda! –dixeron os dous médicos a coro-.

Xárikov acougou considerablemente e aquel día non lle fixo dano a ningún, agás a si mesmo: aproveitando unha breve ausencia de Bormental, colleulle a navalla e fixo un corte tan grande na meixela que Filip Filípovich e o doutor Bormental lle tiveron que dar varios puntos, o cal fixo que Xárikov pasase un bo anaco ouveando e chorando a cuncas.

A noite seguinte, na penumbra verdosa do despacho do profesor estaban sentados os dous, o propio Filip Filípovich e o seu fiel e devoto asistente, Bormental. Na casa todos durmían. Filip Filípovich tiña posta a súa bata azul celeste e as zapatillas vermellas e Bormental unha camisa con tirantes azuis. Entre os dous, enriba dunha mesa redonda e a carón dun voluminoso álbum, había unha botella de coñac, un pratiño con limón e unha caixa de puros. Naquel cuarto inzado de fume, os dous científicos comentaban acaloradamente os últimos acontecementos: aquela tardiña Xárikov apropiárase de dous billetes de dez rublos que estaban debaixo dun calcapapeis, marchara do piso e volvera tarde e totalmente bébedo. Pero aquilo non era todo: con el presentáranse dous descoñecidos que estiveron a facer balbordo na escaleira principal e que lle pedían a Xárikov que os convidase a pasar a noite onda el. Os individuos en cuestión non marcharon ata que Fiódor, que estaba a presenciar esta escena cun abrigo de entretempo por riba da roupa interior, chamou por teléfono á comisaría de policía número 45. Os personaxes liscaron en canto Fiódor colgou o auricular. Despois de que aqueles individuos marchasen tamén desapareceu sen deixar rastro un cinseiro de malaquita que estaba debaixo do espello do recibidor, así como o gorro de pel de castor de Filip Filípovich e mesmo o seu bastón, que tiña unha inscrición requintada dourada que dicía: *“Ao noso querido e estimado Filip Filípovich, os agradecidos internos do hospital, o día...”*, e a continuación viña o número romano, “X”.

- E estes quen eran? –preguntou Filip Filípovich, ameazando a Xárikov cos puños pechados-.

Este, cambaleándose e agarrándose aos abrigos de pel, farfallou que non coñecía a aqueles individuos, pero que non eran uns fillos de puta calquera, que eran boa xente.

- O máis abraiante de todo é que ambos os dous estaban completamente peneques, como o deron feito?! –dixo estupefacto Filip Filípovich á vez que miraba o paraugueiro onde ata había pouco estaba o recordo conmemorativo do seu aniversario.

- Profesionais, -aclarou Fiódor mentres se retiraba a durmir cun rublo no peto.

En canto ao roubo dos vinte rublos, Xárikov negou categoricamente ter nada que ver, e rosmou algo que non se entendeu ben, que seica el non era o único que vivía naquela casa.

- Aha! Se cadra foi o doutor Bormental o que ripou os vinte rublos? –preguntou Filip Filípovich en voz baixa pero cun ton terrible.

Xárikov bambeouse, abriu os seus ollos, completamente atordados, e expuxo a súa hipótese:

- Se cadra os colleu Zina...

- Como?! –berrou Zina, que aparecera na porta igual ca un espectro, tapando coa man a blusa, desabotoada sobre o peito-, pero como se atreve...!

O pescozo de Filip Filípovich púxose colorado.

- Acougue, Zinuxa -dixo el á vez que estendía a man cara a ela-, non te alporices, xa arranxaremos todo isto.

Zina, de súpeto, púxose a chorar ruidosamente, apertando os beizos e coa man pousada enriba do peito, que subía e baixaba ao ritmo dos seus saloucos.

- Zina! Pero como non lle dá vergoña! A quen se lle ocorre? Que vergoña! –dixo Bormental desesperado-.

- Ai, Zina, que Deus me perdoe, pero mira que es parva! –empezou Filip Filípovich-.

No entanto, nese momento o pranto de Zina parou por si só, e todos quedaron calados. Xárikov empezou a sentirse mal; batendo coa cabeza contra a parede, emitía un son que non era nin “i” nin “ie”, era unha especie de “eee!” A cara palideceulle e as mandíbulas empezaron a tremelicarlle con espasmos.

- Traede o caldeiro para este miserable, o caldeiro da sala de observación!

Todos botaron a correr para atender ao indisposto Xárikov. Cando o metían na cama abaleábase nos brazos de Bormental e seguía a soltar pecados cunha voz lene e melódica, aínda que non lle resultaba doado facelo.

Todo este episodio tivo lugar contra a unha da mañá, pero agora debían de ser as tres e os dous homes seguían espertos no despacho, animados polo coñac con limón. Fumaran tanto que o fume aboiaba en capas lentas e mestas que non se dissipaban.

O doutor Bormental, pálido e cunha mirada moi decidida alzou a súa copa que tiña o colo estreitiño coma unha libélula.

- Filip Filípovich! –exclamou conmovido- Nunca esqueceré que un día, sendo un estudante medio morto de fame, presenteime xunta vostede e vostede acolleume na súa cátedra. Créame, Filip Filípovich, vostede para min é moito máis ca un profesor ou un mestre... O respecto infinito que lle teño... Permítame que o bique, querido Filip Filípovich.

- Si, querido amigo... -balbuciu confuso Filip Filípovich e levantouse para ir ao seu encontro. Bormental apertouno e bicouno nos mestos bigotes, fortemente enchoupados de nicotina.

- Xúrolle por Deus, Filip Filí...

- Acaba de emocionarme tanto, tanto... grazas -dixo Filip Filípovich-, querido amigo, ás veces bérrolle nas operacións, perdóeme que ás veces os vellos sexamos tan rabudos. No fondo é que me atopo tan só... “Dende Sevilla a Granada...!”

- Filip Filípovich, como non lle dá vergoña...!? –berrou con sinceridade Bormental, aínda aceso-. Se non me quere ofender non me volva dicir algo así.

- Grazas, grazas... “Ata a ribeira sagrada do Nilo...! Grazas. E vostede tamén gañou o meu aprecio, como médico moi válido que é.

- Filip Filípovich, eu dígolle... -exclamou apaixonadamente Bormental, levantouse dun chimpó, deixou ben pechada a porta que daba ao corredor e, ao volver, continuou cun fío de voz:- Esta é a única solución. Está claro que non ouso darlle consellos, pero, Filip Filípovich, mírese no espello, está derreado, así é imposible seguir traballando!

- Completamente imposible! –confirmou Filip Filípovich á vez que suspiraba-.

- Así é, a ninguén se lle ocorrería –borboriñou Bormental-, a última vez vostede dixo que temía por min, e se soubese, querido profesor, canto me conmoveu ao dicir iso... Pero aínda así non son un neno e decátome perfectamente de como pode acabar todo isto. De todos os xeitos estou profundamente convencido de que non lle hai outra solución.

Filip Filípovich ergueuse, fíxolle un aceno coa man para que calase e exclamou:

- Non me tente e nin volva mencionarmo -o profesor botouse a andar polo cuarto, creando ondas de fume ao seu redor-, non penso escoitalo. Vostede imaxina o que nos pode pasar se nos collen? A ningún dos dous nos axudaría nada aquilo de “en vista da procedencia social”, mesmo se fose a primeira vez que nos xulgasen. E a súa procedencia tampouco non é que sexa a máis axeitada, non si?

- Pero que carallo vai ser axeitada...! Meu pai era xuíz de instrución en Vilno – respondeu Bormental con amargura á vez que remataba a copa de coñac-.

- Aí o ten, diso se trata. É unha herdanza ben desgraciada. Non daría imaxinado outra peor. Aínda que, se me perdoa, o meu caso é aínda peor: meu pai era arcepreste da catedral. “*Merci...*” “Dende Sevilla a Granada... No escuro silencio da noite...” Así están as cousas.. ao carallo!

- Filip Filípovich, vostede é unha eminencia de sona mundial, e por culpa dun... perdóeme a expresión, por un fillo de puta coma este... Non se atreverán a poñerlle a man enriba!

- Razón de máis para que non o fagamos, -obxectou pensativo Filip Filípovich, deténdose e observando a vitrina.

- E logo por que?

- Porque vostede non é unha eminencia de sona mundial.

- Pero que importo eu...

- Élle así. O de deixar a un colega na estacada no momento da catástrofe e fuxir impune escudándose na miña sona mundial... perdoe pero iso...Eu son un estudoso moscovita, e non Xárikov –Filip Filípovich alzou orgulloso os ombreiros e adquiriu o aspecto dun antigo rei francés.

-Filip Filípovich, a ver! –exclamou Bormental con amargura-. Que quere dicir con iso? Pensa seguir esperando ata que deamos convertido a este falcatruero nunha persoa?

Filip Filípovich interrompeuno cun aceno, serviuse un coñac, bebeu un grollo, chuchou un anaco de limón e dixo:

Iván Arnóldovich, vostede que cre? eu entendo algo da anatomía e de fisioloxía humanas, digamos, do cerebro? Que opina vostede?

- Filip Filípovich, pero que cousas me pregunta! –respondeu Bormental expresivamente abrindo os brazos-.

- Está ben. Sen falsa humildade, eu tamén coido que neste eido non son o que menos sabe en Moscova.

- Pois eu coido que vostede é o que máis sabe de todos, e non só en Moscova, senón en Londres e en Oxford! –interrompeuno ardentemente Bormental.

- Está ben, supoñamos que sexa así. Pois ben, futuro profesor Bormental: iso non o conseguirá ninguén. Xa está. É inútil que o volva preguntar. Se quere pode citarme a min e todo: diga que o dixo Preobrajenskii. *Finito!* –exclamou de socato Filip Filípovich, e o armario respondeulle cun tintineo-. Klim! –repetiu-. Doutor Bormental, vostede é o primeiro discípulo da miña escola e ademais, como puiden comprobar hoxe, tamén o meu amigo. Así que, como a un amigo que é, voulle contar un segredo, porque sei que vostede, por suposto, non me ridiculizará: o vello burro de Preobrajenskii cagouna completamente nesta operación, igual de chafallas ca un estudante de terceiro curso. É certo que fixemos un descubrimento, e vostede sabe perfectamente de que se trata –nese momento Filip Filípovich sinalou amargamente con ambas as dúas mans as cortinas, aludindo evidentemente a Moscova-, pero teña ben en conta, Iván Arnóldovich, que o único resultado deste descubrimento será que todos nós teremos que aturar aquí a este Xárikov -neste momento Preobrajenskii golpeouse no pescozo, groso propenso ao cabaleiro-. Pode estar seguro de que se alguén, sexa quen sexa –continuaba Filip Filípovich con voz voluptuosa- viñese agora mesmo darme unha malleira, xúrolle que había de pagarlle cincuenta rublos...! “Dende Sevilla a Granada...” Manda carallo...! Pasei cinco anos fochicando hipófises de cerebros... Vostede ten idea do que teño choiado? Inimaxinable! E agora me pregunto: para que? Para un bo día chegar a converter un cadelíño encantador nun merdento que fai que se lle poñan a un os pelos de punta!

- É algo ben insólito, é verdade...

- Estou completamente de acordo con vostede. Velaquí ten, doutor, o que resulta cando o investigador no canto de ir tenteando paralelamente ás leis da natureza, forza as cousas e levanta o veo: e aquí temos ao Xárikov, agora a comelo con patacas!

- Filip Filípovich, e se fose o cerebro de Spinoza?

- Si, iso! –comezou a bruar Filip Filípovich-. Iso é! Sempre e cando o coitadiño do can non me morra na mesa de operacións, e vostede xa viu que tipo de operación é esta. Nunha palabra, pódolle dicir que eu, Filip Filípovich, na miña vida fixen cousa máis difícil. Pódeselle enxertar a hipófise de Spinoza ou de calquera outro desgraciado e facer do can unha criatura extraordinariamente desenvolvida, pero a cuestión é: para que carallo facelo? Explíqueme, por favor, para que cómpre fabricar artificialmente Spinozas cando calquera muller o pode parir cando lle pete...?! Se non mire o caso de



*madame* Lomonósova, que pariu ao seu célebre fillo en Gholmogori!<sup>11</sup> Doutor, a Humanidade ocúpase disto ela soíña e, seguindo o curso da evolución, cada ano crea teimudamente decenas de extraordinarios xenios, que destacan por riba da mediocre masa e fan máis fermoso o mundo. Agora, doutor, entenderá por que rexeitei as súas conclusións no historial clínico de Xárikov, non si? O meu descubrimento, no que vostede anda metido, que lle dean! Non vale un pataco... E non me leve a contraria, Iván Arnóldovich, agora enténdoo todo perfectamente. Eu nunca falo por falar, vostede sábeo perfectamente. Na teoría é interesante, estou de acordo... Os fisiólogos estarán entusiasmados... Moscova tolerará coa ledicia... Pero na práctica que? Que temos diante? Preobrajenskii sinalou co dedo na dirección da sala da consulta onde durmía Xárikov.

- Un aduaneiro de coidado.

- Pero quen é? Klim! Klim! –berrou o profesor-, Klim Chugunkin! –Bormental quedou coa boca aberta-. Eu direille o que é: dúas condenas, alcoholismo, “repartilo todo”, un gorro e vinte rublos que se esfumaron –neste intre Filip Filípovich lembrouse do bastón conmemorativo e púxose rubio-, un loubán e un porco... Pero non, o bastón hei de recuperalo. Nunha palabra, a hipófise é unha cámara pechada que determina a personalidade concreta de cada individuo. De cada individuo! “Dende Sevilla a Granada...” –berraba enfurecido Filip Filípovich, cos ollos desencaixados-, e non do ser humano en xeral! A hipófise é o propio cerebro en miniatura! E que falla me fai el a min, que lle dean! Eu dedicábame a outra cousa completamente diferente, a euxenesia, o perfeccionamento da raza humana. E en cambio fun acabar no rexuvenecemento! Ou seica cre que me dedico a facer todas esas operacións polos cartos? A ver, que a fin de contas son un científico...!

- Vostede é un gran científico, iso é un feito –dixo Bormental tragando un grollo de coñac-. Os ollos enchéronselle de sangue.

- Eu o quería facer era un pequeno experimento, despois de que hai dous anos conseguise por vez primeira un extracto de hormonas sexuais a partir da hipófise. E en lugar diso mira ti o que nos saíu! Mi madriña querida! Ai as hormonas da hipófise, ai meu Deus... Doutor, non vexo esperanza por ningures, xúrolle que estou perdido.

Bormental de súpeto refuciu as mangas e, cruzando os ollos sobre a punta do nariz, dixo:

---

<sup>11</sup> Mighaíl Lomonósov, ilustre poeta e científico ruso do século XVIII que naceu nunha remota aldea do norte de Rusia.

- Pois mire o que lle digo eu, estimado mestre: se vostede non o quere facer daquela eu mesmo asumo o risco e dareille arsénico. Que carallo me importa que meu pai fose xuíz de instrución! A fin de contas é a súa propia criatura, o produto dun experimento.

Filip Filípovich apagouse, amoleceu, envorcallou na butaca e dixo:

- Non, non permitirei que faga iso, rapaz. Teño sesenta anos e pódolle dar consellos; non cometa nunca un crime, sexa contra quen sexa: así ha de chegar a vello coas mans limpas.

- Desculpe, Filip Filípovich, pero se Xvónder segue a adoutrinalo, como acabará? Mi madriña, agora empezo a imaxinar en que se pode acabar convertendo este Xárikov!

- Aha! Entendeuno agora? Eu entendino dez días despois da operación. Pero ben, a cuestión é que o Xvónder é parvo a máis non poder, non entende que para el Xárikov é un perigo meirande para el ca para min. Agora está a facer todo o posible para encirralo contra min, sen decatarse de que se a alguén se lle dá por encerrar a Xárikov contra el, del non han de quedar nin os ósos!

- E logo! Non ten máis que ver o que fai cos gatos! É un home con corazón de gato!

- Non, non –respondeulle Filip Filípovich alongando as palabras-. Vostede, doutor, está a cometer un gran erro; polo amor de Deus, non difame aos cans. A teima cos gatos é algo temporal... É unha cuestión de disciplina, en dúas ou tres semanas xa está, asegúrollo. En cousa dun mes deixará de abalanzarse sobre eles.

- E por que non agora mesmo...?

- Iván Arnóldovich, é elemental...pero como me pregunta unha cousa así? Pensa que a hipófise está pendurada do aire ou que? Como saberá está implantada no cerebro dun can, déalle un pouco de tempo para que se adapte. Agora Xárikov todo o que amosa son os vestixios do seu carácter de can, e teña en conta que a teima cos gatos non é o peor que podería chegar a facer. Figúrese que o máis terrible de todo isto é que non ten un corazón de can, senón precisamente un humano. E o máis podre dos que atoparía no mundo!

Totalmente alporizado, Bormental pechou os seus delgados e fortes puños, alzou os ombreiros e dixo con firmeza:

- Xa está decidido. Vou matalo.

- Prohíbollo, -respondeulle categoricamente Filip Filípovich-.

- Polo que máis queira...

Filip Filípovich de súpeto levantou o seu dedo e púxose en garda.

- Un momento... Paréceme que sentín pasos.

Os dous aguzaron o oído, pero no corredor non se oía nada.

- Pareceume –dixo Filip Filípovich, e púxose a falar acaloradamente en alemán-

Entre as súas palabras unha e outra vez oíase a palabra “delito” en ruso.

- Un momento –alarmouse de súpeto Bormental, e dirixiuse cara á porta-. Agora os pasos oíanse con claridade, achegábanse ao despacho. Ademais, resoaba unha voz. Bormental abriu a porta de pau a pau e, no seu abraio, recuou. Filip Filípovich, estupefacto, quedou cravado á butaca.

No rectángulo iluminado do corredor apareceu Daria Petrovna, non levaba posto máis nada có camisón, e tiña a cara acesa e furiosa. Tanto o médico coma o profesor quedaron cegados pola opulencia do imponente corpo que, co medo que estaban a pasar nese momento, lles pareceu completamente espido. Daria Petrovna arrastraba unha cousa con toda a forza dos seus brazos, e esa cousa resistíase, intentaba sentar no chan, mentres as súas curtas pernas, cubertas todas de pelo negro, esvaraban polo parqué. Esa cousa, evidentemente, resultou ser Xárikov, aparvado, aínda bébedo, desguedellado e sen outra cousa enriba cá camisa.

Daria Petrovna, espida e imponente, sacudiu a Xárikov como se fose un saco de patacas e dixo:

- Míreo, señor profesor, que lle parece o noso convidado Telégraf Telegráfovich? Eu estiven casada, pero Zina aínda é virxe. Menos mal que espertei.

Cando rematou de dicir estas palabras a Daria Petrovna entroulle a vergoña, berrou, cubriu o peito coas mans e desapareceu.

- Daria Petrovna, polo amor de Deus, perdóenos –berroulle Filip Filípovich en canto se repuxo, todo colorado, a medida que ela se afastaba-

Bormental remangou as mangas aínda máis arriba e dirixiuse cara a Xárikov. Filip Filípovich mirouno aos ollos e sentiu un arrepío.

- Non, doutor! Prohíbollo!

Bormental enganhou coa man dereita o pescozo de Xárikov e abaneouno de tal xeito que a tea da camisa lle rachou por detrás.

Filip Filípovich abalanzouse sobre eles e forcexou con Bormental para arrincarlle ao esfameado Xárikov das mans.

- Vostede non ten dereito a zouparme –berrou Xárikov acorando, sentado no chan e xa case sobrio-.

- Doutor! –ouveaba Filip Filípovich-.

Bormental acougou un pouco e ceibou a Xárik, que decontado se puxo a choromicar.

- Ben –dixo suavemente Bormental-, agardemos ata mañá. Cando lle pase a borracheira voulle dar unha boa malleira.

Entón colleu a Xárikov por debaixo dos brazos e turrrou del ata a sala de observación para que durmisse a tranca que levaba. Xárikov intentou resistirse, pero as pernas non lle obedecían.

Filip Filípovich abriu as pernas, co cal se lle abriu en dous a bata azul que levaba, levantou os ollos e as mans cara ao teito do corredor e dixo:

- Ai, ai, ai...

9

Á mañá seguinte, a malleira que o doutor Bormental lle prometera a Xárikov non lla deu, pola sinxela razón de que Polígraf Poligráfovich desaparecera da casa. Bormental, furioso e desesperado, chamouse burro a si mesmo por non ter agachado a chave da porta principal, chiaba e dicía que aquilo non tiña perdón e rematou desexando que Xárikov acabase debaixo dun autobús. Filip Filípovich estaba sentado no despacho pasando os dedos polo cabelo, e dixo:

- Imaxino a que se vai montar na rúa... Imaxínoo. “Dende Sevilla a Granada...”  
Meu Deus...

- Se cadra está no despacho do comité do edificio –dixo aqueloutrado Bormental e saíu correndo-.

Unha vez no comité, rifou ata tal punto con Xvónder, o presidente, que este escribiu unha denuncia dirixida ao tribunal popular do distrito de Ghamóvnik dicindo que el non era o vixiante do pupilo do profesor Preobrajenskii, e aínda menos cando este pupilo, Polígraf Poligráfovich, sen ir máis lonxe o día anterior, resultara ser un desvergonzado que levara sete rublos do despacho do comité, co pretexto de ir mercar uns manuais na cooperativa.

Fiódor gañou tres rublos rexistrando a casa de arriba abaixo. Nin rastro de Xárikov por ningures.

Só estaba clara unha cousa: Polígraf marchara ao abrente, coa viseira, unha bufanda e un abrigo, levando canda el todos os seus documentos, unha botella de vodka do aparador e unhas luvas do doutor Bormental. Daria Petrovna e Zina non se contiveron o máis mínimo á hora de expresar efusivamente a súa ledicia e a esperanza de que Xárik non volvесе nunca máis. O día anterior Daria Petrovna emprestáralle a Xárikov tres rublos e cincuenta kópeks.

- Estalle ben! –bradou Filip Filípovich sacudindo os puños.

O día enteiro o teléfono non parou de soar, e ao día seguinte o mesmo. Os médicos atenderon a unha cantidade inusitada de pacientes, pero ao terceiro día tiveron que enfrontarse ineludiblemente á cuestión de se tiñan que dar parte ou non á policía para que se puxesen a buscar a Xárikov no remuíño moscovita.

E nada máis pronunciaren a palabra “policía” o beato silencio da pasaxe Óbughov foi esgazado polo estrondo dun camiión que fixo tremer os cristais de toda a casa. Entón soou enérxico o timbre da porta, e Polígraf Poligráfovich entrou con gran dignidade; caladiño coma un peto quitou a gorra de ciclista, pendurou o abrigo no colgadoiro e presentouse cun aspecto novo. Levaba posta unha chaqueta de coiro dunha talla que non era a súa, uns pantalóns luídos tamén de coiro e unhas botas inglesas altas con amallós que chegaban ata os xeonllos. Decontado se estendeu por todo o recibidor un insoportable fedor a gato. Como se estivesen executando unha orde, Preobrajenskii e Bormental estaban de pé cos brazos cruzados sobre o peito, a carón do marco da porta, agardando as primeiras explicacións de Polígraf Poligráfovich. Este alisou os seus ásperos cabelos, rascou a gorxa e mirou ao seu redor dun xeito que evidenciaba o desexo de ocultar o seu malestar cunha finxida desenvoltura.

- Eu, Filip Filípovich –comezou por fin a falar-, atopei traballo.

Os dous médicos emitiron un son gutural e indefinido e estremecéronse. Preobrajenskii foi o primeiro en recuperarse, estendeu a man e dixo:

- Amóseme os papeis.

O papel dicía: “o portador do presente documento, Polígraf Poligráfovich, é director do subdepartamento municipal de recollida de animais sen dono (gatos e demais) do departamento da Administración Comunal de Moscova”.

- Ben –dixo Filip Filípovich con dificultade-, e quen o colocou? Ben, a verdade é que xa o imaxino...

- Pois si, Xvónder, -respondeu Xárikov-.

- Permítame que lle pregunte, pero por que bota un fedor tan noxento?

Xárikov, preocupado, cheirou a chaqueta.

- E logo a que vai cheirar...? Xa se sabe. Cousas da profesión, onte estivemos a esganar gatos, dálle que dálle...

Filip Filípovich sentiu un arrepío e mirou a Bormental. Os ollos deste parecían os negros canóns dunha escopeta apuntando directamente a Xárikov. Sen preámbulo ningún dirixiuse cara a Xárikov e con lixeireza e seguridade enganouno polo pescozo.

- Socorro! –chiou Xárikov, palidecendo-.

- Doutor?!

- Non se preocupe, Filip Filípovich, non lle vou facer dano –dixo Bormental cunha voz metálica e comezou a berrar:- Zina, Daria Petrovna!

Estas presentáronse no recibidor.

- Agora repita comigo, -dixo Bormental mentres ía apreixando pouco a pouco a gorxa de Xárikov, contra o abrigo pendurado:- Pídolles perdón...

- Está ben, está ben, xa o repito –contestou con voz afogada Xárikov, totalmente abraiado, de súpeto colleu aire, intentou zafarse e berrar “socorro”, pero o berro non lle saíu e a cabeza aínda se lle afundiou máis no abrigo.

- Doutor, polo que máis queira!

Xárikov asentiu coa cabeza, dando a entender que se rendía e que había de repetir o que lle dixesen.

- ...Perdóenme, respectables Daria Petrovna e Zinaida...

- Prokófievna... -murmurou asustada Zina-

- Uf, Prokófievna... -dixo Xárikov, volvendo a coller aire e coa voz cada vez máis rouca-... Que me permitise...

-...un comportamento infame aquela noite en estado de embriaguez...

-... de embriaguez...

- Nunca máis volverei...

- Nunca má...

- Sólteo, sólteo, Iván Arnóldovich, -suplicaron asemade as dúas mulleres- que o vai esganar!

Bormental ceibou a Xárikov e dixo:

- Está esperándoo o camiión?

- Non, -dixo respectuoso Polígraf-, só me trouxo.

- Zina, dígalle ao chofer que marche. E agora escoite ben o que lle digo: volve a estar na casa de Filip Filípovich, enténdeo?

- E onde vou ir se non? –respondeu timidamente Xárikov, vagando coa mirada-.

- Estupendo. Daquela non quero nin velo nin oílo. En caso contrario, por cada falcatrúa que faga terá que velas comigo! Quedoulle claro?

- Quedou, -contestou Xárikov-.

Durante toda a liorta Filip Filípovich gardou silencio. Apoiado sobre o marco da porta e cun aire tristeiro, mordía nunha unlla e afundía a mirada no parque. Entón alzouna cara a Xárikov e preguntou maquinalmente e con voz seca:

- E que fan despois con eses...gatos mortos?

- Levámoslos a unha fábrica de peles, -respondeu Xárikov-, esfólanos e fan peles para os obreiros, que despois lles venden a crédito.

Despois disto, a calma volveu á casa, unha calma que durou dous días. Polígraf Poligráfovich saía pola mañá co camiión, volvía contra a noitiña e ceaba en silencio na compañía de Filip Filípovich e Bormental.

Aínda que Bormental e Xárikov durmían no mesmo cuarto, na sala de espera, non intercambiaban palabra, e Bormental foi o primeiro en cansar desta situación.

Dous días máis tarde apareceu unha señorita delgada cos ollos pintados e medias de cor crema, que quedou moi impresionada perante a magnificencia da casa. Co seu abrigo desgastado, ía detrás de Xárikov, e no recibidor topou co profesor. Este, sorprendido, detívose, fitouno e preguntou:

- Podo saber con quen teño o gusto...?

- Vou casar con ela. É a nosa mecanógrafa, vai vir vivir comigo. Bormental terá que marchar da sala de espera, el ten o seu propio piso –aclarou Xárikov nun ton extremadamente hostil e arisco.

Filip Filípovich pestanexou, quedou un intre pensativo e mirando para a señorita, que se puxera colorada, e moi cortesmente convidouna:

- Faría o favor de pasar un momento ao meu despacho?

- Eu tamén vou con ela –dixo Xárikov rápido e suspicaz.

E nese intre, como se saíse da terra, apareceu Bormental.

- Desculpe –dixo-, pero o profesor vai ter unha conversa coa señorita, e vostede e mais eu quedaremos aquí.

- Pois eu non quero quedar aquí –contestou Xárikov de mala gana, intentando ir detrás de Filip Filípovich e da señorita, que estaba morrendo de vergoña-.

- Non, perdoe pero non –Bormental colleu a Xárikov pola manga e levouno á sala de observación-.

Durante uns cinco minutos no despacho non se oía ruído ningún pero despois, de súpeto, comezaron a oírse os entrecortados saloucos da señorita.

Filip Filípovich estaba de pé xunta á mesa, mentres a señorita ocultaba o seu pranto nun sucio pano de man de encaixe.

- Será desvergonzado! A min díxome que o feriran na guerra –saloucaba a muller-. - Está a mentir! –respondeu inflexible Filip Filípovich. Abaneou a cabeza e continuou-: sinceramente dáme mágoa por vostede, pero non se pode facer así, ir detrás do primeiro que aparece, só polo cargo que ten... Filla, a ver, isto non ten ni pés nin cabeza... Abriu un caixón do escritorio e sacou tres billetes de dez rublos.

- Acabarei envelenada –choraba a señorita-, nos comedores dannos todos os días chacina... e el ameázame, di que é comandante do Exército Vermello...Comigo, dicíame el, has de vivir nunha casa de luxo...has de comer piña todos os días...son boa persoa, dicía, o único é que odio aos gatos... Levou o meu anel como recordo...

- Si, si, si... boa persoa..."Dende Sevilla a Granada", -murmurou Filip Filípovich-, teña paciencia, vostede aínda é moi nova...

- E foi neste mesmo portal?

- Veña, colla os cartos cando llos dan, é un préstamo -berrou Filip Filípovich-.

Despois se abriu solemnemente a porta e Bormental, seguindo as ordes de Filip Filípovich, entrou con Xárikov. Este miraba sen parar para todas as partes e tiña o pelo todo desguedellado coma un cepillo.

- Miserable! –dixo a señorita cos ollos refulxentes e chorosos e coa cara esborrachada de maquillaxe.

- De onde lle vén a cicatriz que ten na testa? Intente explicarllo a esta señorita, por favor –preguntou Filip Filípovich cun ton insinuante-.

Xárikov xogouno todo a unha carta.

- Feríronme no combate contra Kolchak –ladrou-.

A señorita levantouse e saíu debullándose en bágoas.

- Espere! –berroule Filip Filípovich-, espere! Faga o favor de devolverlle o anel –dixo dirixíndose a Xárikov-. Este quitou docilmente do dedo un anel de chatarra cunha esmeralda.

- Está ben, -díxolle Xárikov de súpeto con rabia-, hasmas de pagar. Mañá hei de facer redución de persoal contigo.



- Non teña medo –berroulle Bormental a medida que ela se afastaba-, non permitirei que lle faga nada-. Entón deu media volta e mirou para Bormental de xeito que este recuou e bateu coa caluga contra unha vitrina.

- Como se apelida? –preguntoulle Bormental-. O apelido!! –bradou e coa furia púxose salvaxe e arrepiante-.

- Vasnetsova, -respondeu Xárikov, buscando coa mirada por onde escapulirse-.

- Todos os días –dixo Bormental agarrándoo polas lapelas da chaqueta-, eu mesmo voume ocupar de informarme na súa oficina de se despediu á cidadá Vasnetsova. E se ti... como me digan que a despediches serei eu en persoa quen lle pegue un tiro aquí mesmo. Vaia con coidado, Xárikov, estoullo a dicir ben claro!

Xárikov miraba ao nariz de Bormental, e non era quen de apartar a mirada.

- Como se eu non dese conseguido un revólver...! –murmurou Polígraf pouco convencido e de súpeto, cun rápido movemento liberouse e fuxiu pola porta-.

- Vaia con coidado! –chegoulle dende lonxe o berro de Bormental-.

Aquela noite e mais a metade do día seguinte no piso reinou unha calma pesada, coma unha nube antes da treboada. Porén, todos calaban. Así que ao día seguinte, cando Polígraf Poligráfovich, despois de espertar cun funesto presentimento, marchaba no camiión ao traballo con expresión sombría, o profesor Preobrajenskii, fóra do horario habitual de consulta, recibía a un dos seus antigos pacientes, un home alto e gordo con uniforme militar. Este pedira insistentemente que o recibisen e ao cabo conseguírao. Cando entrou no despacho saudou educadamente ao profesor á vez que se cadraba.

- Daquela, querido amigo, volvéronlle as dores? –preguntoulle o consumido Filip Filípovich-. Sente, por favor.

- *Merci*. Non, profesor –contestou o visitante á vez que pousaba a gorra nun recanto da mesa-. Estoulle moi agradecido. Hm... Vin velo por outro asunto, Filip Filípovich...con todo o respecto que lle profeso...hm. Quería advertilo... Todo isto non ten nin pés nin cabeza... Non é máis ca un miserable... O paciente remexeu na carteira e tirou un papel.

- Por sorte informáronme directamente a min...

Filip Filípovich puxo unhas lentes de aumento de pinza por riba dos seus anteollos e púxose a ler. Estivo un bo anaco a rosmar para si, e a cada segundo cambiáballo a expresión da cara.

“...e tamén ameazou con matar ao presidente do comité do edificio, o camarada Xvónder, do cal se desprende que está en posesión de armas de fogo. Ademais,

pronuncia discursos antirrevolucionarios, e mesmo lle ordenou á súa empregada do fogar Zinaida Prokófievna Búnina que botase ao lume un exemplar de Engels por ser un menxevique declarado, igual que o seu asistente Bormental, Iván Arnóldovich, que está a vivir clandestinamente no seu piso sen estar empadroado nel. Asinado polo director do subdepartamento de recollida de animais P.P. Xárikov. Ratificado polo presidente do comité do edificio Xvónder e o secretario Pestrughin”.

- Permíteme que quede con isto? –preguntou Filip Filípovich á vez que a cara se lle cubría de manchas-. Desculpe, se cadra lle fai falta a vostede para darlle curso legal a este asunto, non si?

- Mire vostede, profesor –o paciente sentiuse moi ofendido e fungaba polo nariz-. Vostede míranos con moito desprezo. Eu... -e entón empezou a inflarse coma un pavo-

- Perdoe, perdoe, querido amigo! –balbuciu Filip Filípovich-. Desculpe, de verdade que non quería ofendelo. Non se enfade, querido amigo, non sabe vostede as que me ten feito pasar este...

- Xa o imaxino –respondeu o paciente, totalmente acougado-, pero hai que ver que elemento! Sería interesante ver a ese tipo. En Moscova contan verdadeiras lendas de vostede.

Filip Filípovich limitouse a facer un aceno de desesperación coa man. Entón o paciente decatouse de que o profesor ultimamente se alombara e como que o cabelo se lle volvera máis cano.

Como adoita pasar, o crime foi madurando ata que acabou caendo, igual ca unha pedra. Polígraf Poligráfovich volveu no camión cunha sensación de angustia que lle oprimía o corazón. A voz de Filip Filípovich convidouno a entrar na sala de observación. O abraiado Xárikov entrou, e cun vago temor mirou aos ollos de Bormental, que o examinaban coma dous canóns apuntándoo, e despois fixo o mesmo con Filip Filípovich. O asistente estaba envolveito nunha nube, e a súa man esquerda, que sostiña un cigarro, tremelicaba lixeiramente no brillante brazo dunha butaca xinecolóxica.

Filip Filípovich, cunha calma sumamente sinistra, dixo:

- Recolla agora mesmo todas as súas cousas, os pantalóns, o abrigo, todo o que lle faga falla e fóra desta casa!

- Como di? –preguntou sinceramente pasmado Xárikov-.

- Fóra desta casa, hoxe mesmo –repetiu monótono Filip Filípovich, á vez que miraba para as unllas-.

Un espírito maligno apoderouse de Polígraf Poligráfovich, era obvio que a súa fin se achegaba e o trágico desenlace do seu destino era inminente. El mesmo guindouse aos brazos do inevitable e, entrecortadamente, ladrou cheo de ira:

- Pero a ver, isto que é? Aínda non lle quedou claro que a xustiza está do meu lado? Teño dereito a seguir vivindo nas miñas dezaseis *arxins* cadradas, e non penso moverme de aquí!

- Lisque deste piso –murmurou case sen aire Filip Filípovich-.

Foi o propio Xárikov o que chamou á porta da súa perdición. Levantou a man esquerda, chea de rabuñadas e cun insoportable cheiro a gato, e fíxolle un xesto obsceno a Filip Filípovich. Entón, coa man dereita, sacou do peto un revólver e apuntou con el a Bormental. O cigarro deste caeu coma unha estrela fugaz, e poucos segundos despois Filip Filípovich estaba chimpando por riba de cristais escachizados, correndo horrorizado da vitrina á padiola. Nela estaba estarricado e acorando o director do subdepartamento e recollida de animais e, sentado a carranchas enriba do seu peito, Bormental, que intentaba afogalo cunha pequena almofada branca.

Uns minutos máis tarde o doutor Bormental, totalmente desfigurado, dirixiuse cara á entrada principal e puxo unha nota á beira do botón do timbre:

“Por motivos de saúde hoxe o profesor non pasará consulta. Agradecémoslles non molesten chamando ao timbre”.

Cun brillante canivete o doutor cortou o cable do timbre e contemplou no espello o seu rostro, cheo de gaduñadas e manchado de sangue, así como as súas mans rabuñadas, que tremían lixeiramente. Entón presentouse na porta da cociña e díxolles ás alarmadas Zina e Daria Petrovna:

- O profesor pídelles que non saian da casa.

- De acordo –contestaron timidamente Zina e Daria Petrovna-.

- Permítanme que peche a porta de servizo con chave e que quede con ela –dixo Bormental agachándose detrás da porta e cubrindo o rostro cunha man-. É algo temporal, non pensen que é por falta de confianza en vostedes, pero podería vir alguén e conseguir que lle abrisen a porta, e non se nos pode molestar, estamos ocupados.

- De acordo, -responderon as dúas mulleres e decontado palideceran-.

Bormental pechou con chave a porta de servizo, pechou tamén a porta principal e a que daba do corredor á entrada, e os seus pasos esvaecéronse pola sala da consulta.

O silencio invadiu toda a casa, arrastrouse por todos os recantos. Unha escuridade repulsiva e tensa entrou invadíndoo todo: nunha palabra, fíxose de noite. É certo que máis tarde os veciños do outro lado do patio habían de dicir que aquela noite viran que, a través das ventás da sala de observación de Preobrajenskii, que daban ao patio, as luces estiveran acesas, e mesmo que seica viran a gorra branca do propio profesor... Sería difícil comprobalo. Pero tamén é certo que Zina, unha vez rematou todo, dixo que Iván Arnóldovich lle dera un susto de morte no despacho, a carón da cheminea, cando Bormental e o profesor saíran da sala da consulta. Seica Bormental estaba en crequenanas no despacho diante da cheminea queimando coas súas propias mans un caderno de tapas azuis, un deses que utilizaban para anotar os historiais clínicos dos pacientes do profesor. Dixo que a cara do profesor seica estaba toda verde e todaña toda chea de rabuñadas. Tamén dixo que aquela noite o propio Filip Filípovich non parecía o mesmo. E tamén que... Aínda que a ver, tamén pode ser que a inocente rapaza do piso da rúa Prechístenka estivese a mentir...

Pero iso si, unha cousa si que se pode asegurar: aquela noite na casa había o silencio máis total e arrepiante do mundo.

## EPÍLOGO

Unha noite, dez días despois da batalla que se produciu na consulta da casa do profesor Preobrajenskii, na pasaxe Óbughov, oíuse un estridente timbrazo.

- Policía criminal e xuíz de instrución! Teña a bondade de abrir.

Oíronse pasos correndo dun lado para o outro e portas a bater, a xente empezou a entrar e na sala de espera, que resplandecía coas luces e cos novos cristais das vitrinas, apareceu unha chea de xente: dous en uniforme de policía, outro cun abrigo negro e carteira, Xvónder -o presidente-, pálido e con sorriso malicioso, o mozo-muller, Fiódor -o porteiro-, Zina, Daria Petrovna e Bormental que, só vestido a medias, trataba avergoñado de tapar o seu colo sen gravata.

Filip Filípovich saíu pola porta do despacho. Apareceu coa súa bata azul, coñecida por todos, e decontado todo o mundo puido comprobar que Filip Filípovich mellorara moito no transcurso daquela semana. O mesmo Filip Filípovich de antes, autoritario e enérxico, presentouse cheo de dignidade perante os seus visitantes nocturnos e desculpouse por recibilos en bata.

- Non se preocupe, profesor –dixo moi turbado o home que ía vestido de paisano. Titubeou un intre e entón dixo:- Síntoo moito... Temos unha orde de rexistro para esta casa e... -o home mirou de esguello os bigotes de Filip Filípovich e acabou de falar-: e eventualmente de arresto, segundo os resultados que obteñamos.

Filip Filípovich entornou os ollos e preguntou:

- Cal é a acusación, se podo saber, e contra quen?

- O home rañou a meixela e empezou a ler un papel que tirara da carteira:

Contra Preobrajenskii, Bormental, Zinaida Búnina e Daria Ivánova, acusados de asasinar ao director do subdepartamento de recollida de animais da Administración Comunal de Moscova, Polígraf Poligráfovich Xárikov.

Os saloucos de Zina afogaron as últimas palabras. Produciuse un movemento entre os alí congregados.

- Non entendo nada, -respondeu Filip Filípovich, movendo os ombreiros cun aire maxestoso-; a que Xárikov se refire? Ah, desculpe, se cadra está a falar daquel can meu...que operei?

- Perdoe, profesor, pero non estou a falar do can, senón de cando xa era un home. A iso me refiro.

- E logo falaba? –preguntou Filip Filípovich-. Aínda así iso non quere dicir que sexa unha persoa! En fin, non ten importancia. Xárik segue vivo e seguro que ninguén o matou.

- Profesor -dixo moi sorprendido o home de negro, á vez que arqueaba as cellas-, daquela terá que nolo amosar. Xa hai dez días que desapareceu e a información que nos consta, lamento dicirllo, é moi pouco prometedor.

- Doutor Bormental, faga o favor de traer a Xárik e amosarllo ao xuíz, -ordenou Filip Filípovich mentres tomaba nas súas mans a orde xudicial-.

O doutor Bormental amosou un sorriso forzado e saíu. Cando volveu, asubiu e detrás del, pola porta do despacho saíu un can de estraño aspecto. Nalgunhas partes do corpo estaba pelado e noutras tiña manchas de pelo. Fixo aparición coma un artista de circo, camiñando sobre as patas traseiras, e despois pousouse sobre as catro e mirou ao seu redor. Un silencio sepulcral callou na sala de espera, como se fose xelatina. Aquel can que parecía saído dun pesadelo e que tiña unha cicatriz vermella que lle atravesaba a testa volveu poñerse sobre as patas traseiras e, despois de sorrir, sentou nunha butaca.

De socato o segundo policía persignouse con movementos esaxerados e, ao recuar, pisoulle os dous pés a Zina.

O home de negro, que seguía coa boca aberta, dixo o seguinte:

- Vostedes me desculparán, pero como é posible...?! Pero se traballaba na unidade de recollida de animais!

- Eu non o enviei aló –respondeu Filip Filípovich-, se non me engano foi o señor Xvónder quen o recomendou.

- Eu non entendo nada –dixo estupefacto o home de negro e dirixiuse ao primeiro policía-: É este?

- Este –contestou o policía case sen voz-, o mesmo.

- É el, seguro, -oíuse a voz de Fiódor-, só que o cabrón agora volve ter pelo.

- E antes falaba...? He...he...

- E agora falar tamén fala, só que cada vez menos, así que aproveiten a ocasión, que dentro de pouco ha de calar para sempre.

- E logo? –preguntou coa voz baixiña o home vestido de negro-.

Filip Filípovich encolleu os ombreiros.

- A ciencia aínda non descubriu o xeito de converter un animal nunha persoa. Eu de feito intenteino, pero sen éxito, como poden ver. Chegou a dicir algunhas palabras e agora, aos poucos, volve ao seu estado orixinal. Un atavismo!

- Sen faltar, eh?! –berrou de súpeto o can dende a súa butaca, e levantouse-.

O home de negro de súpeto palideceu, caeulle a carteira das mans e empezou a caer el mesmo para un lado, un dos policías entón termou del por un lado e Fiódor por detrás. Produciuse certa confusión, as frases que se entenderon mellor foron:

Filip Filípovich: “Valeriana! É un esvaecemento”.

Doutor Bormental: “Como Xvónder se volva presentar na casa do profesor Preobrajenskii hei de guindalo escaleiras abaixo coas miñas propias mans”.

Xvónder: “Faga o favor de incluír estas palabras en acta!”.

Soaban os grises acordeóns da calefacción. As cortinas tapaban a mesta noite da rúa Prechístenka e a súa solitaria estrela. O ser superior, o gran benfeitor dos cans, estaba sentado na súa butaca, mentres que Xárik, o can, estaba deitado sobre a alfombra ao pé do sofá de coiro. As néboas de marzo facían que o can polas mañás padecese fortes dores de cabeza que o asediaban ao longo da cicatriz que lle rodeaba a cabeza. Pero contra a tardiña, coa calor xa lle pasaban. Agora se atopaba cada vez mellor, de xeito que os pensamentos lle discorrían pola cabeza suaves e mornos.

“Que sorte tiven, que sorte! –pensaba medio adurmiñado-, non teño palabras. Deime instalado nesta casa; estou máis que convencido de que na miña orixe hai algo pouco claro. Seguro que tivo que haber algún terranova. A miña avoa era unha galdrapa, que Deus a teña na gloria, coitadiña. A verdade é que non sei por que me tiveron que abrir toda a cabeza, pero ha de sandar antes do meu casamento. Tampouco hai por que fixarse na cicatriz”.

Ao lonxe tintinaban pianíño os frascos de vidro. O trabado estaba a arrombar as vitrinas da sala de consulta.

O mago cano, sentado, cantaruxaba:

- “Á ribeira sagrada do Nilo...”

O can era testemuña de cousas arrepiantes. O gran home mergullaba as súas mans, enfundadas nunhas esvaradías luvas, dentro dun frasco e sacaba cerebros. O home, obstinado e persistente, buscaba e remexía neles, diseccionaba, examinaba entornando os ollos e cantaba:

- “Á ribeira sagrada do Nilo...”

*(Moscova, xaneiro-marzo de 1925)*